# 4

# CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

**4.1.**- Cobertura social e prestacións económicas

**4.2**.- Saúde

**4.3.-** Indicadores de benestar social

**4.4.**- Medio ambiente e desenvolvemento sostible

**4.5.**- Ocio e cultura

# 4.1. COBERTURA SOCIAL E PRESTACIÓNS ECONÓMICAS

**Dende un punto de vista global, as obrigas** contraídas polas entidades xestoras e Tesorería General da Seguridade Social en Galicia, ascenderon 7.201,3 millóns de euros, en tanto que os seus dereitos recoñecidos netos acadaron os 5.164 millóns de euros.

No último ano, o número total de beneficiarios dalgún tipo de prestacións económicas medrou en torno ás 6.500 persoas, acadando as 931.000 persoas. Este incremento ven explicado fundamentalmente pola medra do número de beneficiarios dos subsidios por desemprego.

O importe medio das pensións contributivas en Galicia no ano 2010 é o máis baixo das dezasete Comunidades Autónomas españolas. Asemade, hai que destacar que este problema se agrava dado o novo incremento do diferencial coa media estatal, que no ano 2010 é de máis de 127 euros.

Tendo en conta que posteriormente se estudan de xeito específico as prestacións sanitarias e sociais, neste capítulo se analizan, en primeiro lugar, o financiamento e a cobertura social do Estado, para posteriormente centrarse nas prestacións económicas dos distintos beneficiarios dalgún tipo de prestación: pensións contributivas, pensións non contributivas e prestacións por desemprego.

## Financiamento e cobertura social do Estado

O número de persoas afiliadas á Seguridade Social en 2010 (media anual), **cadro 2.1.2.** *[Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2006-10]*, experimentou unha caída do 2,2% respecto ao ano anterior (22.180 afiliacións menos), para acadar as 1.007,4 miles de persoas afiliadas. A meirande parte destas afiliacións corresponden ao grupo do réxime xeral, que acolle, **cadro 2.1.3.** *[Afiliados en alta laboral 2009-10: distribución segundo réxime]*, ao 73% do total de afiliacións (735.729 traballadores), seguido do réxime especial de autónomos cun 22,1% das mesmas (222.820 persoas).

Antes de comezar unha análise máis polo miúdo, pódese observar no **cadro 4.1.1.** como o diferencial teórico entre as obrigas contraídas e os dereitos recoñecidos pola Tesorería General é sempre negativo en tódolos réximes, ao igual que acontecía no ano anterior, sendo esta diferenza moito máis acusada no caso do réxime especial de traballadores autónomos con 1.320,1 millóns de euros de diferenza.

Os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General da Seguridade Social en Galicia, **cadro 4.1.2.**, acadaron os 5.164 millóns de euros, dos que 5.091,2 millóns de euros corresponderon ás cotizacións sociais.

**Obrigas contraídas e dereitos recoñecidos netos realizados polas Entidades Xestoras e TGSS en Galicia 2009-10: distribución segundo réximes** (1)

| | 2009 | | | 2010 (2) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Dereitos recoñecidos | Obrigas contraídas | Diferencial | Dereitos recoñecidos | Obrigas contraídas | Diferencial |
| | | | (en €) | | | |
| Réxime Xeral | 3.679.529.562,80 | 3.681.157.067,83 | -1.627.505 | 3.686.381.645,79 | 3.697.393.679,97 | -11.012.034 |
| Réxime especial de traballadores autónomos | 676.473.525,99 | 1.522.383.079,48 | -845.909.553 | 678.964.282,06 | 1.999.079.522,95 | -1.320.115.241 |
| Réxime especial agrario | 6.091.221,59 | 506.925.061,40 | -500.833.840 | 6.188.505,06 | 41.704.619,41 | -35.516.114 |
| Réxime especial de traballadores do mar | 86.572.784,69 | 569.174.088,56 | -482.601.304 | 87.568.996,70 | 578.224.407,21 | -490.655.411 |
| Réxime especial da minaría do carbón | 1.969.580,26 | 24.600.744,49 | -22.631.164 | 1.872.000,47 | 25.175.231,58 | -23.303.231 |
| Réxime especial de empregados de fogar | 39.070.241,51 | 114.881.884,93 | -75.811.643 | 39.451.582,77 | 112.161.877,10 | -72.710.294 |
| Accidentes de traballo e enferm. profesionais | 34.699.647,07 | 205.400.060,37 | -170.700.413 | 33.084.507,72 | 203.257.166,32 | -170.172.659 |

(1) os valores do diferencial débense, en boa parte, á aplicación da Lei 18/2007, pola que se procede a integración dos traballadores por contra propia do R.E.Agrario no R.E.de traballadores autónomos
(2) datos provisionais
Fonte: *Tesorería General de la Seguridad Social*

4.1.1.

**Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e TGSS en Galicia 2010**

| | Gastos de persoal | Gastos correntes, bens e servizos | Gastos financeiros | Transferencias correntes | Investimentos reais |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | (en €) | |
| **1 Prestacións económicas** | 38.692.356,63 | 5.317.233,52 | 28.363,56 | 7.074.779.520,70 | 4.993.514,54 |
| 11 Xestión prestacións económicas | 18.955.237,58 | 26.422,77 | - | 6.990.434.330,96 | - |
| 1101 Pensións contributivas | 16.315.677,91 | 25.323,37 | | 6.656.996.504,54 | |
| 1102 Incapacidade temporal e outras prestacións | 2.639.559,67 | 1.099,40 | | 333.437.826,42 | |
| 12 Xestión prest. econ. non contibutivas | 592.825,10 | - | - | 84.345.189,74 | - |
| 1202 Protección familiar e outras prestacións | 592.825,10 | | | 84.345.189,74 | |
| 13 Admón e Serv. xerais prestac. económicas | 19.144.293,95 | 5.290.810,75 | 28.363,56 | - | 4.993.514,54 |
| 1391 Dirección e servizos xerais | 10.042.178,90 | 5.290.012,96 | 28.363,56 | | 4.975.001,01 |
| 1392 Informac. e atención personalizada | 8.748.697,56 | | | | 18.513,53 |
| 1393 Xestión internacional de prestacións | 353.417,49 | 797,79 | | | |
| **2 Asistencia sanitaria** | 2.861.453,59 | 3.536.273,08 | - | - | - |
| 21 Atención primaria de saúde | | 219,77 | | | |
| 23 Medicina marítima | 2.861.453,59 | 3.536.053,31 | | | |
| **3 Servizos sociais** | 11.864.571,52 | 4.438.395,09 | 2.418,29 | 13.614,25 | 142.377,37 |
| 31 Servizos sociais xerais | 9.409.624,81 | 2.780.558,86 | - | - | 127.388,56 |
| 3131 Pres. eco. recup. e acc. universal | 4.047.620,95 | 1.404.900,75 | | | 35.036,28 |
| 3134 Aut. pers. e atenc. dependencia | 5.362.003,86 | 1.375.658,11 | | | 92.352,28 |
| 34 Outros servizos sociais | 2.454.946,71 | 1.657.836,23 | 2.418,29 | 13.614,25 | 14.988,81 |
| 3434 Acción asistencial e social | | 1.276,96 | 2.418,29 | 13.614,25 | |
| 3435 Acción formativa e xest. emprego | 1.724.978,34 | 1.616.190,14 | | | 14.988,81 |
| 3437 Xest. desemprego traballadores do Mar | 729.968,37 | 40.369,13 | | | |
| **4 Tesor. inform. e outros serv. función** | 45.310.671,84 | 7.846.348,12 | 11.053,53 | - | 925.666,38 |
| 41 Xestión cotiz. e recadación | 29.562.496,52 | 1.561.985,89 | - | - | 757.675,91 |
| 4161 Ext. afil. cot. recad. volunt. | 19.699.989,77 | 479.126,49 | | | 757.675,91 |
| 4162 Xest. proced. exc. e espec. de recadación | 9.862.506,75 | 1.082.859,40 | | | |
| 42 Xestión financeira | 1.264.213,22 | | 4.501,93 | | |
| 43 Xestión do patrimonio | 52.242,72 | 128.489,30 | | | 56.571,75 |
| 44 Sistema integrado informat. seg.social | | 1.795,96 | | | |
| 45 Admon. servizos xerais de tesour. | 14.431.719,38 | 6.154.076,97 | 6.551,60 | - | 111.418,72 |
| 4591 Dirección e serv. xerais | 14.011.605,55 | 6.154.076,97 | 6.551,60 | | 111.418,72 |
| 4592 Información e atención personalizada | 420.113,83 | | | | |
| **Total** | 98.729.053,58 | 21.138.249,81 | 41.835,38 | 7.074.793.134,95 | 6.061.558,29 |

Fonte: *Tesorería General de la Seguridad Social*

4.1.3.

**Dereitos recoñecidos netos realizados pola TGSS en Galicia 2010** (1)

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en €)* | | |
| **Cotizacións sociais** | 5.091.192.588,04 | 2.225.285.511,82 | 563.953.283,89 | 508.416.046,26 | 1.793.537.746,07 |
| **Réxime Xeral** | 3.686.381.645,79 | 1.656.963.624,96 | 381.993.374,60 | 361.516.882,58 | 1.285.907.763,65 |
| **Réxime especial de traballadores autónomos** | 678.964.282,06 | 273.539.284,37 | 107.407.832,98 | 82.793.056,92 | 215.224.107,79 |
| **Réxime especial agrario** | 6.188.505,06 | 1.987.231,91 | 1.998.285,93 | 450.760,84 | 1.752.226,38 |
| **Réxime especial de traballadores do mar** | 87.568.996,70 | 28.426.370,77 | 8.639.250,70 | 11.576,31 | 50.491.798,92 |
| **Réxime especial da minaría do carbón** | 1.872.000,47 | 1.644.047,25 | 128.533,81 | 28.723,75 | 70.695,66 |
| **Réxime especial de empregados de fogar** | 39.451.582,77 | 16.206.023,53 | 5.591.142,11 | 5.793.233,87 | 11.861.183,26 |
| **Accidentes de traballo e enferm. profesionais** | 33.084.507,72 | 14.499.937,62 | 4.886.756,35 | 3.382.514,91 | 10.315.298,84 |
| **Cotizacións de desempregados** | 557.681.067,47 | 232.018.991,41 | 53.308.107,41 | 54.439.297,08 | 217.914.671,57 |
| **Taxas e outros ingresos** | 70.619.749,57 | 28.364.186,41 | 7.535.879,57 | 6.767.046,79 | 27.952.636,80 |
| **Transferencias correntes** | 1.201.756,45 | 711.178,08 | 232.214,32 | 95.722,94 | 162.641,11 |
| **Ingresos patrimoniais** | 312.099,11 | 256.196,05 | 21.092,50 | 4,23 | 34.806,33 |
| **Enaxenación de investimentos reais** | 88.816,32 | 88.816,32 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| **Activos financeiros** | 559.573,31 | 242.837,97 | 82.827,99 | 61.127,04 | 172.780,31 |
| **Total** | 5.163.974.582,80 | 2.254.948.726,65 | 571.825.298,27 | 515.339.947,26 | 1.821.860.610,62 |

**(1) datos provisionais**
Fonte: *Tesorería General de la Seguridad Social*

4.1.2.

| Activos financeiros | Pasivos financeiros | Total |
|---|---|---|
| 243.275,13 | - | 7.124.054.264,08 |
| - | - | 7.009.415.991,31 |
| | | 6.673.337.505,82 |
| | | 336.078.485,49 |
| - | - | 84.938.014,84 |
| | | 84.938.014,84 |
| 243.275,13 | - | 29.700.257,93 |
| 243.275,13 | | 20.578.831,56 |
| | | 8.767.211,09 |
| | | 354.215,28 |
| - | - | - 6.397.726,67 |
| | | 219,77 |
| | | 6.397.506,90 |
| - | - | - 16.461.376,52 |
| - | - | 12.317.572,23 |
| | | 5.487.557,98 |
| | | 6.830.014,25 |
| - | - | 4.143.804,29 |
| | | 17.309,50 |
| | | 3.356.157,29 |
| | | 770.337,50 |
| 273.189,74 | 18.166,43 | - 54.385.096,04 |
| - | - | 31.882.158,32 |
| | | 20.936.792,17 |
| | | 10.945.366,15 |
| | | 1.268.715,15 |
| | | 237.303,77 |
| | | 1.795,96 |
| 273.189,74 | 18.166,43 | 20.995.122,84 |
| 273.189,74 | 18.166,43 | 20.575.009,01 |
| | | 420.113,83 |
| 516.464,87 | 18.166,43 | 7.201.298.463,31 |

Trala medra dos dereitos recoñecidos experimentada en 2010, en relación ao ano anterior, as catro provincias galegas manteñen a súa importancia relativa no total de Galicia, de tal xeito que A Coruña acolle o 43,7% dos dereitos recoñecidos netos (2.254,9 millóns de euros) e Pontevedra, o 35,3% (1.821,9 millóns de euros). En Lugo e Ourense estas porcentaxes foron do 11,1% (571,8 millóns de euros) e o 10% (515,3 millóns de euros), respectivamente.

Desagregando as cotizacións sociais segundo réxime de aplicación en Galicia, o **cadro 4.1.2.** reflicte que as máis importantes, con grande distancia, son as do réxime xeral, con 3.686,4 millóns de euros (o 72,4% do total das cotizacións sociais), seguíndolle en importancia as do réxime especial de traballadores autónomos, con 679 millóns de euros (13,3%) e as cotizacións de desempregados, con 557,7 millóns de euros (10,9%).

O importe dos dereitos recoñecidos derivados das cotizacións sociais no ano 2010 permanece practicamente constante en relación ao ano anterior, cun incremento do 0,4%, porcentaxe de incremento que ascende ao 2% no caso dos dereitos recoñecidos procedentes de cotizacións de desempregados.

O importe total das obrigas contraídas en Galicia polas entidades xestoras e Tesorería General de la Seguridad

Social ascendeu a 7.202 millóns de euros, dos que 7.075 millóns de euros (o 98,2%) corresponden ás transferencias correntes (**cadro 4.1.3.**). Dentro das transferencias correntes, case 7.000 millóns de euros teñen como destino o financiamento da xestión das prestacións económicas contributivas, en concreto 6.657 millóns destínase ao financiamento das pensións contributivas e 333 millóns ás pensións por incapacidade temporal e outras prestacións; e 84 millóns de euros teñen como destino a xestión das prestacións económicas non contributivas.

Centrando a análise nas transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro, o **cadro 4.1.4.** reflicte que as máis importantes son as do réxime xeral e o de traballadores autónomos, con 3.913,3 e 2.041,8 millóns de euros, respectivamente.

As pensións por xubilación son as que presentan un maior volume de obrigas recoñecidas, con 4.565,2 millóns de euros, seguidas das pensións de viuvez, con 1.240,4 millóns de euros. No caso dos subsidios, os de incapacidade temporal son os máis importantes, con 200,4 millóns de euros.

**Obrigas contraídas polas Entidade**

| | Xeral |
|---|---|
| **Pensións** | 3.697.393.680 |
| Invalidez/Incapacidade permanente | 437.595.928 |
| Xubilación | 2.492.160.327 |
| Viuvez | 711.268.911 |
| Orfandade | 45.860.004 |
| Favor de familiares | 10.508.510 |
| **Subsidios** | 215.898.112 |
| Incapacidade temporal | 131.937.389 |
| por enfermidade ou accidente | 130.115.189 |
| Compensación por colab. de empresas | 1.822.200 |
| Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene | - |
| Maternidade | 83.360.851 |
| Subsidio temporal por maternidade | 74.755.669 |
| Subsidio temporal por risco no embarazo | - |
| Subsidio temporal por paternidade | 8.605.182 |
| Subsidio temporal por risco durante a lactancia natural | - |
| Prestacións familiares | - |
| Fillo a cargo | - |
| Id. con discapacidade | - |
| Nacemento de fillo | - |
| Parto múltiple | - |
| Outras prestacións | 599.872 |
| Prestacións asumidas procedentes MUNPAL | - |
| Auxilio por defunción | 209.346 |
| Indemnización a tanto alzado | 385.679 |
| Indemnización por baremo | - |
| Prestacións do Seguro escolar | - |
| Prestacións complementarias D. Transit. Ley 21/1986.S | - |
| Outras prestacións, indemnizacións e achegas únicas | 4.847 |
| **Prestacións sociais** | - |
| Outras prestacións e indemnizacións | - |
| **Total** | 3.913.291.792 |

Fonte: *Tesorería General de la Seguridad Social*

4.1.4.

## Prestacións económicas

O número total de beneficiarios dalgún tipo de prestación ascendeu en Galicia a 931.257 persoas, un 0,5% máis que no ano anterior. Este lixeiro incremento de aproximadamente cinco mil persoas ven explicado fundamentalmente pola medra experimentada das pensións contributivas de xubilación, e polo incremento dos subsidios de desemprego, así como pola redución das prestacións contributivas por desemprego.

- **Pensións contributivas**

O número medio (anual) de beneficiarios en Galicia que, no ano 2010, cobraba algún tipo de pensión da Seguridade Social situouse nas 721.000 persoas, ascendendo o seu importe medio mensual a 651,88 euros por persoa. O número de pensións contributivas en Galicia rexistrou unha medra do 0,8% respecto ao ano anterior (1,6% no conxunto do Estado), situándose a súa importancia relativa no total estatal no 8,3%.

Galicia segue sendo a quinta comunidade con maior número de pensións, superada por Cataluña, Andalucía, Madrid e a C. Valenciana. Asemade, non só continúa a ser a Comunidade Autónoma co importe medio máis baixo, senón que volve a medrar o diferencial co importe medio estatal:120,16 euros menos en 2008, 124,21 euros inferior en 2009 e 127,61 no ano 2010.

Desagregando o estudio segundo os diferentes tipos de pensións, o **cadro 4.1.6.** reflicte que o número de pensións de **incapacidade permanente** en Galicia foi de 69,1 miles de pensións (68,3 miles de pensións en 2009). O seu importe medio ascendeu ata os 735,55 euros, 114,31 euros inferior á media estatal, o que sitúa a Galicia coma a terceira comunidade co importe medio máis baixo, por diante de Estremadura con 695,48 euros e Murcia, con 729,32 euros.

Respecto ás pensións por **xubilación** e **viuvez**, estas ascenderon a 443,6 e 182,6 miles de pensións, respecti-

### es Xestoras e TGSS en Galicia 2010: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro

| Traballadores autónomos | Agrario | do Mar | Minería do Carbón | Empregados do Fogar | Acc. Traballo e Enf. Profesional | Non Contributiva | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | (en €) | | | | |
| 1.999.079.523 | 41.704.619 | 578.224.407 | 25.175.232 | 112.161.877 | 203.257.166 | - | 6.656.996.504,5 |
| 131.884.882 | 3.188.153 | 46.362.971 | 1.269.166 | 9.003.306 | 90.310.928 | - | 719.615.334,3 |
| 1.483.481.875 | 26.392.683 | 402.743.358 | 17.944.471 | 98.530.316 | 43.987.341 | - | 4.565.240.371,5 |
| 328.380.843 | 10.827.284 | 119.283.154 | 5.515.963 | 3.409.363 | 61.702.525 | - | 1.240.388.042,4 |
| 37.156.052 | 970.429 | 7.793.352 | 322.494 | 858.226 | 5.793.552 | - | 98.754.110,1 |
| 18.175.870 | 326.071 | 2.041.571 | 123.139 | 360.666 | 1.462.819 | - | 32.998.646,3 |
| 42.727.321 | 848.423 | 20.696.862 | 706.624 | 5.942.064 | 12.388.790 | 84.345.190 | 385.855.427,8 |
| 35.589.662 | 772.301 | 20.086.874 | 1.116 | 5.927.745 | 6.077.270 | - | 200.392.357,1 |
| 35.589.662 | 772.301 | 20.086.874 | 1.116 | 5.927.745 | 6.077.270 | - | 198.570.157,4 |
| - | - | - | - | - | - | - | 1.822.199,7 |
| - | - | - | - | - | 4.474.544 | - | 4.474.543,5 |
| 6.903.422 | 71.321 | 579.441 | 704.510 | 5.811 | 1.206.660 | 18.480 | 92.850.496,5 |
| 6.171.781 | 63.758 | 444.859 | 702.428 | - | - | - | 82.138.495,4 |
| 1.010 | - | - | - | 4.851 | 881.622 | - | 887.483,2 |
| 727.637 | 7.563 | 134.582 | 2.082 | 961 | - | - | 9.478.006,7 |
| 2.994 | - | - | - | - | 325.038 | - | 328.031,4 |
| - | - | - | - | - | - | 84.326.710 | 84.326.709,9 |
| - | - | - | - | - | - | 11.419.278 | 11.419.277,8 |
| - | - | - | - | - | - | 71.285.762 | 71.285.761,7 |
| - | - | - | - | - | - | 695.537 | 695.536,8 |
| - | - | - | - | - | - | 926.134 | 926.133,6 |
| 234.237 | 4.801 | 30.547 | 998 | 8.507 | 630.316 | - | 3.811.320,9 |
| - | - | - | - | - | - | - | - |
| 225.865 | 4.801 | 30.547 | 998 | 8.507 | 6.035 | - | 486.099,0 |
| 5.983 | - | - | - | - | 469.475 | - | 861.136,6 |
| - | - | - | - | - | 45.363 | - | 45.363,2 |
| - | - | - | - | - | - | - | 135.460,8 |
| - | - | - | - | - | - | - | 2.166.581,7 |
| 2.390 | - | - | - | - | 109.443 | - | 116.679,6 |
| - | - | - | - | - | - | - | 30.506.865,2 |
| - | - | - | - | - | - | - | 50.785,6 |
| 2.041.806.844 | 42.553.043 | 598.921.270 | 25.881.855 | 118.103.941 | 215.645.956 | 84.345.190 | 7.073.409.583,2 |

### Prestacións 2009-10: distribución segundo tipo de cobertura

| | número | | importe medio | |
|---|---|---|---|---|
| | 2009 | 2010 | 2009 | 2010 |
| | *(medias anuais, en miles)* | | *(en € / mes)* | |
| **Pensións contributivas** | 714,9 | 721,0 | 629,85 | 651,88 |
| **Incapacidade permanente** | 68,3 | 69,1 | 714,95 | 735,55 |
| **Xubilación** | 440,0 | 443,6 | 700,77 | 726,29 |
| **Viúvez** | 181,2 | 182,6 | 464,71 | 480,26 |
| **Orfandade e favor familiar** | 25,4 | 25,7 | 350,74 | 361,85 |
| **Pensións non contributivas** | 48,7 | 47,3 | | |
| **Invalidez** | 18,4 | 17,9 | | |
| **Xubilación** | 30,3 | 29,4 | | |
| **LISMI** | 1,9 | 1,6 | | |
| | *(medias anuais, en miles)* | | | |
| **Pensións asistenciais** | 46,0 | 36,0 | | |
| | *(beneficiarios a 31-12 , en miles)* | | | |
| **Prestacións por desemprego** | | | | |
| **Contributivas** | 83,4 | 78,9 | | |
| **Subsidios** | 61,6 | 66,1 | | |
| **Renta activa de inserción** | 6,8 | 8,4 | | |
| | *(beneficiarios anuais)* | | | |
| **RISGA** | 4.798 | 4.989 | 378,18 | 384,08 |
| **AES** | 2.410 | 3.041 | 1.241,74 | 986,57 |

Fonte: *Ministerio de Traballo e Inmigración* e *Consellería de Traballo e Benestar*

4.1.5.

## Pensións contributivas nas CC.AA. 2010-09 (1): distribución segundo clase de pensión

### 2009

| | Totais | | Incapacidade permanente | | Xubilación | | Viuvez | | Orfandade e favor familiar | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | importe medio | número | importe medio | número | importe medio | número | importe medio | número | importe medio |
| Andalucía | 1.356,9 | 693,52 | 205,4 | 779,31 | 721,5 | 783,03 | 368,2 | 530,66 | 61,9 | 334,17 |
| Aragón | 278,0 | 780,78 | 23,3 | 916,72 | 171,6 | 873,71 | 74,8 | 570,14 | 8,3 | 374,04 |
| Asturias | 293,3 | 903,27 | 35,2 | 1.017,29 | 164,3 | 1.057,74 | 84,6 | 606,75 | 9,2 | 432,94 |
| Baleares | 162,8 | 683,38 | 18,8 | 754,82 | 96,4 | 771,37 | 42,6 | 496,99 | 4,9 | 300,43 |
| Canarias | 246,8 | 708,24 | 30,6 | 741,83 | 131,4 | 828,72 | 70,2 | 546,03 | 14,5 | 331,66 |
| Cantabria | 129,2 | 784,34 | 14,0 | 889,06 | 75,6 | 894,24 | 34,8 | 558,21 | 4,8 | 388,62 |
| Castela-A Mancha | 335,9 | 702,44 | 35,6 | 760,02 | 192,6 | 789,45 | 93,9 | 553,83 | 43,8 | 350,67 |
| Castela e León | 582,8 | 731,41 | 43,5 | 840,72 | 361,5 | 821,32 | 157,3 | 540,96 | 20,6 | 377,41 |
| Cataluña | 1.524,2 | 777,74 | 165,1 | 876,90 | 940,2 | 867,35 | 382,2 | 556,35 | 36,7 | 342,02 |
| C. Valenciana | 862,3 | 691,18 | 93,1 | 773,12 | 507,7 | 772,70 | 231,5 | 526,40 | 30,0 | 328,10 |
| Estremadura | 204,6 | 642,06 | 21,9 | 677,77 | 112,5 | 719,90 | 60,3 | 533,00 | 9,9 | 342,06 |
| Galicia | 714,9 | 629,85 | 68,3 | 714,95 | 440,0 | 700,77 | 181,2 | 464,71 | 25,4 | 350,74 |
| Madrid | 939,8 | 892,78 | 71,4 | 946,17 | 585,8 | 1.026,82 | 251,9 | 628,60 | 30,6 | 376,37 |
| Murcia | 218,0 | 664,36 | 31,2 | 706,42 | 120,1 | 752,60 | 57,7 | 511,45 | 9,0 | 322,16 |
| Navarra | 117,3 | 849,52 | 11,2 | 995,74 | 73,4 | 953,93 | 28,8 | 588,99 | 3,8 | 377,52 |
| País Vasco | 487,6 | 938,44 | 44,6 | 1.070,23 | 297,5 | 1.069,47 | 129,8 | 655,97 | 15,8 | 418,36 |
| A Rioxa | 62,8 | 719,75 | 5,7 | 824,75 | 39,7 | 792,11 | 15,6 | 539,58 | 1,8 | 357,18 |
| Ceuta e Melilla | 14,6 | 781,75 | 1,9 | 948,29 | 6,8 | 950,20 | 4,9 | 586,52 | 1,1 | 317,57 |
| Total | 8.531,9 | 754,06 | 920,9 | 831,49 | 5.038,9 | 854,12 | 2.270,3 | 553,89 | 301,9 | 353,08 |
| G/E *(%)* | 8,4 | | 7,4 | | 8,7 | | 8,0 | | 8,4 | |

### 2010

| | Totais | | Incapacidade permanente | | Xubilación | | Viuvez | | Orfandade e favor familiar | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | importe medio | número | importe medio | número | importe medio | número | importe medio | número | importe medio |
| Andalucía | 1.379,3 | 715,64 | 207,7 | 794,66 | 736,7 | 809,52 | 372,1 | 548,05 | 62,7 | 345,74 |
| Aragón | 280,9 | 807,79 | 23,6 | 936,72 | 173,6 | 905,38 | 75,2 | 589,62 | 8,4 | 383,44 |
| Asturias | 294,7 | 930,86 | 34,8 | 1.034,18 | 165,8 | 1.092,70 | 84,9 | 625,11 | 9,2 | 446,55 |
| Baleares | 165,9 | 707,95 | 18,9 | 768,29 | 98,8 | 801,53 | 43,0 | 513,57 | 5,1 | 310,08 |
| Canarias | 253,9 | 732,16 | 31,2 | 760,03 | 136,5 | 856,26 | 71,6 | 563,78 | 14,7 | 342,26 |
| Cantabria | 130,7 | 811,17 | 14,1 | 904,12 | 76,6 | 927,39 | 35,1 | 576,47 | 4,8 | 403,37 |
| Castela-A Mancha | 340,4 | 728,49 | 37,1 | 779,22 | 194,6 | 819,98 | 94,7 | 575,10 | 14,0 | 361,28 |
| Castela e León | 586,8 | 757,87 | 43,9 | 857,14 | 364,5 | 852,52 | 157,8 | 559,84 | 20,6 | 389,91 |
| Cataluña | 1.550,7 | 803,81 | 166,7 | 900,36 | 961,3 | 897,41 | 385,1 | 572,82 | 37,7 | 350,80 |
| C. Valenciana | 879,8 | 715,27 | 95,5 | 795,77 | 519,7 | 800,00 | 233,9 | 543,89 | 30,8 | 337,19 |
| Estremadura | 206,7 | 664,75 | 22,3 | 695,48 | 113,8 | 745,35 | 60,7 | 553,09 | 9,9 | 354,45 |
| Galicia | 721,0 | 651,88 | 69,1 | 735,55 | 443,6 | 726,29 | 182,6 | 480,26 | 25,7 | 361,85 |
| Madrid | 965,3 | 922,37 | 73,1 | 961,10 | 606,8 | 1.060,28 | 254,5 | 647,58 | 31,0 | 386,50 |
| Murcia | 222,4 | 687,09 | 32,2 | 729,32 | 122,4 | 778,47 | 58,4 | 528,78 | 9,3 | 331,95 |
| Navarra | 119,3 | 879,42 | 11,4 | 1.015,01 | 75,1 | 988,35 | 28,9 | 609,24 | 3,9 | 386,74 |
| País Vasco | 494,8 | 966,11 | 44,6 | 1.089,96 | 303,6 | 1.101,45 | 130,9 | 674,66 | 15,8 | 430,95 |
| A Rioxa | 63,6 | 744,64 | 5,6 | 842,10 | 40,4 | 820,43 | 15,8 | 559,11 | 1,8 | 364,97 |
| Ceuta e Melilla | 14,8 | 801,33 | 1,9 | 956,84 | 6,9 | 973,59 | 4,9 | 605,95 | 1,1 | 328,84 |
| Total | 8.671,0 | 779,49 | 933,7 | 849,86 | 5.140,6 | 884,07 | 2.290,1 | 571,73 | 306,6 | 363,68 |
| G/E *(%)* | 8,3 | | 7,4 | | 8,6 | | 8,0 | | 8,4 | |

(1) medias anuais, en miles; os datos de importe medio están en euros/mes

Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

4.1.6.

**Pensións contributivas en Galicia e España 2009-10 (1): distribución segundo réxime**

**2009**

| | Galicia número | Galicia importe medio | España número | España importe medio | Galicia/España número (%) | Galicia/España importe medio (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | 713.366 | 605,72 | 8.473.927 | 727,35 | 8,4 | 83,3 |
| **Réxime Xeral** | 303.204 | 752,86 | 4.932.305 | 859,53 | 6,1 | 87,6 |
| **R. E. de traballadores autónomos** | 293.919 | 454,36 | 1.821.383 | 516,00 | 16,1 | 88,1 |
| **R.E. Agrario** | 6.143 | 458,02 | 648.724 | 480,84 | 0,9 | 95,3 |
| **R. E. de Traballadores do Mar** | 51.758 | 723,34 | 131.587 | 881,32 | 39,3 | 82,1 |
| **R. E. da Minería do Carbón** | 1.611 | 1.034,84 | 69.278 | 996,56 | 2,3 | 103,8 |
| **R. E. de Empregados do Fogar** | 16.451 | 444,34 | 187.165 | 456,30 | 8,8 | 97,4 |
| **Accidentes de Traballo** | 17.882 | 690,85 | 206.772 | 781,54 | 8,6 | 88,4 |
| **Enfermidades profesionais** | 2.613 | 801,07 | 43.580 | 899,95 | 6,0 | 89,0 |
| **SOVI** | 19.785 | 333,76 | 433.133 | 332,54 | 4,6 | 100,4 |

**2010**

| | Galicia número | Galicia importe medio | España número | España importe medio | Galicia/España número (%) | Galicia/España importe medio (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | 724.827 | 657,87 | 8.749.054 | 786,51 | 8,3 | 83,6 |
| **Réxime Xeral** | 321.093 | 809,98 | 5.194.573 | 935,00 | 6,2 | 86,6 |
| **R. E. de traballadores autónomos** | 287.489 | 489,12 | 1.853.836 | 551,40 | 15,5 | 88,7 |
| **R.E. Agrario** | 5.948 | 488,82 | 640.546 | 519,00 | 0,9 | 94,2 |
| **R. E. de Traballadores do Mar** | 52.733 | 778,75 | 131.464 | 850,34 | 40,1 | 91,6 |
| **R. E. da Minería do Carbón** | 1.585 | 1.098,70 | 68.074 | 1.365,89 | 2,3 | 80,4 |
| **R. E. de Empregados do Fogar** | 16.705 | 470,17 | 182.501 | 475,62 | 9,2 | 98,9 |
| **Accidentes de Traballo** | 18.097 | 751,97 | 209.163 | 853,54 | 8,7 | 88,1 |
| **Enfermidades profesionais** | 2.722 | 870,25 | 42.661 | 1094,25 | 6,4 | 79,5 |
| **SOVI** | 18.455 | 357,93 | 426.236 | 358,73 | 4,3 | 99,8 |

**(1) datos a 31 de decembro de cada ano; os datos do importe medio están en euros/mes**
Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

4.1.7.

vamente, o que representa o 8,6% do total das pensións de xubilación de España e o 8% das pensións de viuvez. Os seus importes medios son os máis baixos do Estado, con 726,29 e 480,26 euros, respectivamente, e ao igual que no caso das pensións de incapacidade permanente, aumenta o diferencial coa media estatal.

En canto á distribución segundo réximes, os datos recollidos no **cadro 4.1.7.** indican que os réximes xeral e o réxime especial de traballadores autónomos acollen o maior número de pensións, con 321.093 e 287.489 pensións, respectivamente, situándose as súas pensións medias en 809,87 e 489,12 euros, respectivamente. No réxime agrario pérdense, no ano 2010, un total de 195 pensións contributivas, acadando a cifra de 5.948 pensións, cun importe medio de 488,82 euros. No réxime especial de traballadores do mar, o número de pensións ascendeu a 52.733 e o seu importe medio, a 778,75 euros, salientando o feito de que o 40,1% do total estatal de pensións contributivas neste réxime están localizadas na nosa Comunidade Autónoma.

Comparada co resto das autonomías, Galicia é a primeira con menor importe medio no caso do réxime de traballadores autónomos e a segunda Comunidade con menor importe medio no réxime xeral, por detrás de Estremadura. No caso do réxime especial de traballadores agrarios, o importe medio galego ascende a 488,82 euros, tan só superior ao rexistrado en Baleares e nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

Á hora de analizar a evolución respecto do ano anterior do número de pensións e do importe medio das mesmas, salienta que o incremento do número de pensións contributivas en Galicia (11.461 máis que no ano 2009), ven motivado fundamentalmente polo incremento das

## Pensións non contributivas nas CC.AA. 2009-10 (1)

| | Total | | | Invalidez | | | Xubilación | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2009 | 2010 | 10/09 (%) | 2009 | 2010 | 10/09 (%) | 2009 | 2010 | 10/09 (%) |
| Andalucía | 104.955 | 104.104 | -0,8 | 45.390 | 45.192 | -0,4 | 59.565 | 58.912 | -1,1 |
| Aragón | 8.338 | 8.092 | -3,0 | 2.916 | 2.880 | -1,2 | 5.423 | 5.212 | -3,9 |
| Asturias | 10.056 | 9.813 | -2,4 | 4.853 | 4.758 | -2,0 | 5.204 | 5.055 | -2,9 |
| Baleares | 7.655 | 7.621 | -0,4 | 3.462 | 3.407 | -1,6 | 4.193 | 4.214 | 0,5 |
| Canarias | 42.341 | 42.258 | -0,2 | 19.393 | 19.196 | -1,0 | 22.948 | 23.062 | 0,5 |
| Cantabria | 6.143 | 6.163 | 0,3 | 3.055 | 3.114 | 1,9 | 3.087 | 3.049 | -1,2 |
| Castela-A Mancha | 21.337 | 21.038 | -1,4 | 9.138 | 9.254 | 1,3 | 12.199 | 11.784 | -3,4 |
| Castela e León | 23.801 | 23.150 | -2,7 | 10.110 | 9.881 | -2,3 | 13.691 | 13.269 | -3,1 |
| Cataluña | 56.589 | 56.194 | -0,7 | 24.666 | 24.665 | 0,0 | 31.923 | 31.529 | -1,2 |
| C. Valenciana | 46.548 | 46.723 | 0,4 | 19.856 | 20.058 | 1,0 | 26.692 | 26.666 | -0,1 |
| Estremadura | 15.674 | 15.239 | -2,8 | 6.052 | 6.007 | -0,7 | 9.622 | 9.232 | -4,1 |
| Galicia | 48.673 | 47.275 | -2,9 | 18.398 | 17.879 | -2,8 | 30.276 | 29.396 | -2,9 |
| Madrid | 33.038 | 32.891 | -0,4 | 13.305 | 13.264 | -0,3 | 19.734 | 19.628 | -0,5 |
| Murcia | 14.192 | 14.096 | -0,7 | 7.365 | 7.376 | 0,1 | 6.827 | 6.720 | -1,6 |
| Navarra | 2.807 | 2.711 | -3,4 | 830 | 829 | -0,1 | 1.977 | 1.883 | -4,8 |
| País Vasco | 9.741 | 9.949 | 2,1 | 5.439 | 5.638 | 3,7 | 4.301 | 4.311 | 0,2 |
| A Rioxa | 1.825 | 1.781 | -2,4 | 763 | 761 | -0,3 | 1.063 | 1.020 | -4,0 |
| Ceuta e Melilla | 4.321 | 4.195 | -2,9 | 2.136 | 2.001 | -6,3 | 2.184 | 2.194 | 0,5 |
| Total | 458.034 | 453.293 | -1,0 | 197.127 | 196.160 | -0,5 | 260.909 | 257.136 | -1,4 |
| G/E *(%)* | 10,6 | 10,4 | | 9,3 | 9,1 | | 11,6 | 11,4 | |

(1) medias anuais
Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

4.1.8.

## Prestacións sociais e económicas da LISMI e das pensións asistenciais nas CC.AA. 2009-10 (1)

| | LISMI | | | Pensións asistenciais | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2009 | 2010 | 10/09 | 2009 | 2010 | 10/09 |
| Andalucía | 6.909 | 6.066 | -12,2 | 8.999 | 8.044 | -10,6 |
| Aragón | 1.120 | 900 | -19,6 | 51 | 40 | -21,6 |
| Asturias | 1.241 | 1.068 | -13,9 | 52 | 41 | -21,2 |
| Baleares | 321 | 278 | -13,4 | 26 | 17 | -34,6 |
| Canarias | 396 | 347 | -12,4 | 2.681 | 2.420 | -9,7 |
| Cantabria | 786 | 732 | -6,9 | 79 | 62 | -21,5 |
| Castela-A Mancha | 3.550 | 3.305 | -6,9 | 1.114 | 982 | -11,8 |
| Castela e León | 4.934 | 4.376 | -11,3 | 127 | 103 | -18,9 |
| Cataluña | 1.970 | 1.754 | -11,0 | 86 | 67 | -22,1 |
| C. Valenciana | 3.680 | 3.098 | -15,8 | 1.600 | 1.294 | -19,1 |
| Estremadura | 3.382 | 2.900 | -14,3 | 557 | 375 | -32,7 |
| Galicia | 1.931 | 1.601 | -17,1 | 46 | 36 | -21,7 |
| Madrid | 3.222 | 3.010 | -6,6 | 1.242 | 1.034 | -16,7 |
| Murcia | 4.942 | 4.366 | -11,7 | 284 | 235 | -17,3 |
| Navarra | - | - | - | 40 | 19 | -52,5 |
| País Vasco | - | - | - | 1.341 | 1.341 | - |
| A Rioxa | 259 | 234 | -9,7 | 9 | 8 | -11,1 |
| Ceuta e Melilla | 674 | 652 | -3,3 | 88 | 70 | -20,5 |
| Total | 39.317 | 34.687 | -11,8 | 18.422 | 16.188 | -12,1 |
| G/E *(%)* | 4,9 | 4,6 | | 0,2 | 0,2 | |

(1) medias anuais
Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

4.1.9.

**Prestacións por desemprego e paro rexistrado en Galicia e España 2009-10 (1)**

| | 2009 Galicia | 2009 España |
|---|---|---|
| **Total beneficiarios** | 151.828 | 3.034.712 |
| prestación contributiva | 83.400 | 1.638.618 |
| subsidio | 61.603 | 1.132.813 |
| renta activa de inserción | 6.825 | 106.441 |
| subsidio eventuales agrarios | | 156.840 |
| **Paro rexistrado** | 222.839 | 3.923.603 |
| **Taxas cobertura** *(%)* | 68,13 | 77,35 |
| Benef.contrib. / paro rex. | 37,43 | 54,00 |
| Benef.subsid. / paro rex. | 27,64 | 37,33 |

| | 2010 Galicia | 2010 España |
|---|---|---|
| **Beneficiarios** | | |
| prestación contributiva | 78.875 | 1.417.525 |
| subsidio | 66.053 | 1.295.092 |
| renta activa de inserción | 8.387 | 149.866 |
| subsidio eventuais agrarios | | 152.979 |
| **Total** | 153.315 | 3.015.462 |
| **Paro rexistrado** | 237.313 | 4.100.073 |
| **Taxas cobertura** *(%)* | 64,60 | 73,55 |
| Benef.contrib. / paro rex. | 33,24 | 47,01 |
| Benef.subsid. / paro rex. | 27,83 | 42,95 |

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

4.1.10.

correspondentes ao réxime xeral (17.889 máis), que compensa as caídas rexistradas no caso dos traballadores autónomos (6.430 menos), no réxime especial agrario (195 menos), no da minería do carbón (26 menos) e no seguro obrigatorio de vellez e invalidez (SOVI) (1.330 menos).

O importe medio das pensións contributivas en Galicia acadou os 651,88 euros, 22 euros máis que no ano 2009, o que sitúa a Galicia como a Comunidade co importe máis baixo, seguida de Estremadura. Por clase de pensión, todas as pensións contributivas teñen en Galicia un importe medio inferior á media estatal. Así mesmo, o importe medio das pensións de viuvez galegas é o máis reducido do Estado.

- **Pensións non contributivas**

O número total de beneficiarios das pensións non contributivas volveu a descender no último ano tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. A Comunidade Autónoma de Galicia segue a ser a terceira comunidade co maior número de beneficiarios, con 47.275 beneficiarios (o 10,4% do total de beneficiarios en España), despois de Andalucía e Cataluña, con 104.104 e 56.194 beneficiarios, respectivamente.

O 37,8% do total de beneficiarios o son de pensións de invalidez, e o restante 62,2%, de pensións de xubilación. Ao igual que o acontecido no ano anterior, o **cadro 4.1.8.** amosa o descenso tanto das pensións de invalidez (representa o 9,1% do total estatal) coma das pensións de xubilación (o 11,4% destas pensións no conxunto do Estado).

Ao longo do ano 2010 continúa a redución do número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e das pensións asistencias. No primeiro caso, tal e como reflicte o **cadro 4.1.9.**, volve a rexistrarse un descenso do número de beneficiarios en tódalas comunidades autónomas, que no caso galego, foi do 17,1% respecto a 2009 (330 beneficiarios menos), un descenso máis de cinco puntos porcentuais maior que o experimentado no conxunto do Estado.

O número de beneficiarios destas prestacións descendeu en Galicia ata os 1.601 beneficiarios (1.931 en 2009), diminuíndo a súa importancia relativa no conxunto de España do 4,9% ao 4,6%.

En relación aos beneficiarios das pensións asistenciais, o devandito **cadro 4.1.9.** amosa que 2010 presenta unha caída do 21,7% respecto ao número de beneficiarios do ano anterior, pasando de 46 beneficiarios en 2009 aos 36 beneficiarios do ano 2010. O peso relativo destes beneficiarios no conxunto mantense no 0,2%.

- **Prestacións por desemprego**

O número total de beneficiarios de prestacións de desemprego, aumentou en 2010 en Galicia fronte ao descenso rexistrado no conxunto do Estado. Os perceptores desta prestación aumentaron un 1% respecto ao ano precedente (redución do 0,6% en España), acadando as 153.315 persoas. Un 51,4% dos beneficiarios cobrou as prestacións de nivel contributivo, correspondendo un 43,1%, a beneficiarios de prestacións de nivel asistencial e o 5,5% restante, á renda activa de inserción.

O **cadro 4.1.10.** reflicte un descenso da relación entre beneficiarios das prestacións contributivas e o paro rexistrado, que pasa do 37,4% de 2009 ao 33,2% do ano 2010. De xeito contrario, prodúcese un lixeiro incremento da relación entre beneficiarios de subsidios e o paro rexistrado (27,6% no ano 2009 e 27,8% en 2010).

O número de prestacións por desemprego de **traballadores estranxeiros** incrementouse en Galicia no ano 2010 un 24,2% (1.614 prestacións máis), producíndose este incremento integramente nas prestacións de nivel asistencial, mestras que as prestacións contributivas por desemprego descenden para traballadores estranxeiros nun 8,3%. ■

# 4.2. SAÚDE

**A estrutura poboacional é un elemento** condicionante fundamental da evolución, necesidades e situación actual das prestacións sanitarias. No que respecta á estrutura poboacional en Galicia, en primeiro lugar, cómpre salientar que o 22,2% da poboación galega a un de xaneiro de 2010 tiña 65 ou máis anos, cando no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 16,6%. Tendo en conta este maior peso relativo, os datos do **cadro 4.2.1.** reflicten uns índices de envellecemento e sobreenvellecemento superiores aos da media española. O maior índice de dependencia xeral en Galicia ven motivado polo maior índice de dependencia senil (33,8% fronte aos 24,5% en España), xa que o índice de dependencia xuvenil sitúase cinco puntos por baixo (24,0% en Galicia e 29,1% en España).

Os orzamentos da Xunta do ano 2010 correspondentes á produción de bens públicos de carácter social reflicten que se destinaron a este fin un total de 6.290,3 millóns de euros, un 1,5% menos que no ano anterior. As partidas máis importantes foron as de sanidade, que tras unha merma do 0,8% acadou os 3.518,4 millóns de euros, e a correspondente a educación, con 2.379,1 millóns de euros, un 0,8% menos que en 2009.

A continuación pasamos a analizar unha serie de indicadores relacionados co ámbito da saúde na Comunidade de Autónoma de Galicia, para o que distinguimos os indicadores de saúde, de establecementos sanitarios, de consumo farmacéutico e de gasto sanitario. Con estes indicadores pretendemos obter unha visión global e ao mesmo tempo comparada con outras CCAA da sanidade en Galicia.

## Indicadores de saúde

A esperanza de vida en Galicia nos últimos dez anos incrementouse significativamente, pasando de 79 anos en 1998 a 81,7 anos en 2009, o que unido ás baixas taxas de natalidade existentes, determina a estrutura poboacional galega. No que respecta ás causas máis importantes que provocan as máis de 30 mil defuncións que se produciron no ano 2009, están as relacionadas co sistema circulatorio e os tumores que conxuntamente causan case o 60% das defuncións. Finalmente, a mortalidade infantil dende o ano 1991 ata a actualidade reduciuse pasando do 8,32 por mil ata o 2,75 por mil no ano 2009, sendo notablemente inferior á media estatal e da UE-27, que no citado ano eran do 3,13 e 4,3 por mil, respectivamente.

O importe presupostado en 2010 para o programa de protección e promoción da saúde redúcese un 24,4% en relación ao presupostado no ano anterior, dedicándose

### Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2009-10

| | 2009 | | 2010 | |
|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España |
| **Poboación** | 2.796.089 | 46.745.807 | 2.797.653 | 47.021.031 |
| menor de 16 anos | 341.673 | 7.265.948 | 343.132 | 7.371.280 |
| menor de 20 anos | 441.972 | 9.157.061 | 440.919 | 9.239.768 |
| entre 16 e 64 anos | 1.842.595 | 31.696.955 | 1.834.813 | 31.718.047 |
| maior de 65 anos | 611.821 | 7.782.904 | 619.708 | 7.782.904 |
| 85 e máis anos | 87.229 | 988.929 | 90.354 | 1.043.646 |
| **Índices** (1) | | | | |
| vellez | 21,9 | 16,6 | 22,2 | 16,6 |
| envellecemento | 138,4 | 85,0 | 140,5 | 84,2 |
| sobreenvellecemento | 14,3 | 12,7 | 14,6 | 13,4 |
| dependencia xeral | 51,7 | 47,5 | 52,5 | 47,8 |
| dependencia xuvenil | 24,0 | 28,9 | 24,0 | 29,1 |
| dependencia senil | 33,2 | 24,6 | 33,8 | 24,5 |
| de recambio | 55,8 | 93,4 | 55,4 | 94,7 |

(1) índice de vellez: relación entre a poboación maior de 65 anos e a poboación total;
índice de envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;
índice de sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos;
índice de dependencia xeral: relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);
índice de dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (poboación menor de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos)
índice de dependencia senil: relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);
índice de recambio: entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos, mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubila

Fonte: *IGE* e *INE*

4.2.1.

### Produción de bens públicos de carácter social 2009-10

| | 2009 | 2010 | 10/09 |
|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | | *(%)* |
| **Total** | 6.385.527 | 6.290.343 | -1,5 |
| Sanidade | 3.546.169 | 3.518.369 | -0,8 |
| Educación | 2.386.160 | 2.379.152 | -0,3 |
| Cultura | 159.744 | 119.943 | -24,9 |
| Deportes | 41.256 | 34.863 | -15,5 |
| Vivenda | 109.914 | 109.848 | -0,1 |
| Outros servizos comunitarios e sociais | 142.282 | 128.168 | -9,9 |

Fonte: *Xunta de Galicia*

4.2.2.

un total de 27,3 millóns de euros. O 58,2% do total diríxese ao Programa galego de vacinacións (15,9 millóns de euros), seguíndolle en importancia, no que ao importe se refire, o de "Programas poboacionais de cribado", que tras unha medra do 14,5%, acolle o 14% do presupostado (3,8 millóns de euros). Un aspecto importante a destacar é o descenso nun 61,3% do importe destinado á loita contras as drogodependencias.

Un dos indicadores máis importantes, no ámbito da saúde, é a **taxa de morbilidade**, entendida como a frecuencia dunha determinada enfermidade nunha proporción de poboación, no noso caso, para cada 100.000 habitantes.

Os resultados obtidos a través do sistema de enfermidades de declaración obrigatoria (EDO) indican que tras o forte aumento rexistrado en 2009, no ano 2010 descendeu o número de casos de gripe. Estes diminuíron en máis de 56 mil casos, acadando os 29.499 (1.089 casos por cada 100.000 habitantes, 475,6 casos por cada 100.000 habitantes no conxunto do Estado). Xunto coa

**Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 2009-10**

| | 2009 | 2010 | 10/09 |
|---|---|---|---|
| | (en miles de €) | | (%) |
| **Total** | 36.139,0 | 27.329,7 | |
| Programa de laboratorios de Saúde Pública | | 200,0 | |
| Sistema de información matadoiros de Galicia | | 107,0 | |
| Rede informática de planificación | | 300,0 | |
| Tarxeta sanitaria | | 1.245,3 | |
| Aseguramente Queres | | 108,0 | |
| Avaliación de tecnoloxías sanitarias | | 60,0 | |
| Programa indicadores de saúde | | 125,0 | |
| Plan de prioridades sanitarias | | 265,5 | |
| Protección radiolóxica | | 5,5 | |
| Programa de aseguramento da calidade no control da EET | | 1.967,0 | |
| Programa de sistemas de información de saúde pública | | 678,1 | |
| Programa de coordinación e calidade | | 517,5 | |
| Loita contra as drogodependencias | 4.973,5 | 1.926,8 | -61,3 |
| Promoción de estilos de vida saudables | 780,0 | 780,0 | 0,0 |
| Seguridade alimentaria | 605,4 | 644,9 | 6,5 |
| Sanidade ambiental | 500,0 | 500,3 | 0,1 |
| Epidemioloxía | 678,1 | | -100,0 |
| Coordinación e calidade da saúde pública | 800,0 | | -100,0 |
| Actuacións laboratorios saúde pública | 628,8 | 779,5 | 24,0 |
| Planificación, estratexia e avaliación saúde pública | 125,0 | | -100,0 |
| Prevención e control de enfermidades transmisibles | 2.467,0 | 1.172,0 | -52,5 |
| Programa galego de vacinacións | 15.453,5 | 15.908,2 | 2,9 |
| Inspección, calidade e laboratorio saúde pública | 2.983,9 | | -100,0 |
| Programas sanitarios | 1.010,5 | | -100,0 |
| Equipamento informático saúde pública | 1.783,4 | 1.783,4 | 0,0 |
| Programas poboacionais de cribado | 3.350,0 | 3.834,6 | 14,5 |

Fonte: *Xunta de Galicia*

4.2.3.

gripe, a tuberculose respiratoria presenta unha taxa de morbilidade en Galicia significativamente superior que no conxunto do Estado (19,31 casos por cada 100.000 habitantes en Galicia fronte aos 11,65 casos de media en España).

Asemade, dos datos proporcionados pola Dirección Xeral de Saúde Pública, despréndese que en enfermidades como a gripe ou a varicela, prodúcese un importante descenso no número de casos no ano 2010 fronte ao incremento no número de casos de lexionelose, meninxites víricas, toxinfeccións alimentarias ou parotidite.

A varicela segue a ser a segunda enfermidade máis importante en canto ao número de casos se refire, con 5.270 (3.186 casos menos que en 2009) e un índice de incidencia de 194,5 casos por cada cen mil habitantes.

A principal causa de morte en Galicia no ano 2009 (último dato dispoñible) son as enfermidades relacionadas co sistema circulatorio, causantes do 32% das defuncións, seguidas dos tumores, que causan o 27% dos decesos. Na última década, sen embargo, as defuncións por afeccións circulatorias reducíronse nun 11%, mentres que as mortes causadas por tumores incrementáronse un 10% (**cadro 4.2.5.**).

Os datos proporcionados polo Rexistro Nacional de Casos de **SIDA** reflicten que, segundo as notificacións recibidas ata o 30 de xuño de 2010, no ano 2009 rexistráronse en Galicia 67 casos de sida (1.275 casos no conxunto de España). A partir de mediados da década dos 90 o número de casos de sida comeza a diminuír, tanto en Galicia como en España, de xeito que o número de casos de sida diagnosticados dende o ano 2000 ata a actualidade son o 30% dos detectados antes do ano 2000. En relación á categoría de transmisión dos casos de sida en Galicia, destacar que o 63% dos 3.818 casos de sida rexistrados ata a actualidade son en persoas que usan drogas por vía parenteral, seguido do 21% de per-

**Enfermidades de declaración obrigatoria en Galicia e España 2009-10**

| | Galicia 2009 | Galicia 2010 | España 2009 | España 2010 |
|---|---|---|---|---|
| | *(taxas notificadas / 100.000 habs.)* | | | |
| **Enfermidades de transmisión respiratoria** | | | | |
| Gripe | 3162,80 | 1088,99 | 2521,91 | 475,61 |
| Varicela | 311,87 | 194,55 | 313,46 | 342,36 |
| Lexionelose | 2,47 | 2,62 | 2,90 | 2,54 |
| Toberculose respiratoria | 22,39 | 19,31 | 13,59 | 11,65 |
| Enf. meningocócica | 2,40 | 1,85 | 1,61 | 1,14 |
| **Outras** | | | | |
| Meninxite tuberculosa | 0,37 | 0,78 | 0,21 | 0,19 |
| **Enfermidades de transmisión alimentos** | | | | |
| Disentería bacilar | 0,15 | 0,30 | 0,53 | 0,25 |
| F. tifoidea e paratifoidea | 0,07 | 0,07 | 0,16 | 0,12 |
| **Enfermidades prevenibles inmunización** | | | | |
| Parotidite | 3,54 | 4,73 | 4,81 | 5,56 |
| Tétanos | 0,00 | 0,11 | 0,02 | 0,02 |
| Tose ferina | 0,18 | 0,22 | 1,19 | 1,60 |
| Hepatite A | 2,77 | 0,70 | 5,97 | 1,99 |
| Hepatite B | 1,62 | 1,33 | 1,93 | 1,87 |
| Outras hepatites víricas | 1,29 | 1,81 | 1,57 | 1,53 |
| **Enfermidades transmisión sexual** | | | | |
| Infección gonocócica | 2,69 | 2,51 | 4,33 | 4,17 |
| Sífile | 3,02 | 2,33 | 5,56 | 6,25 |
| **Antropozoonoses** | | | | |
| Brucelose | 0,07 | 0,04 | 0,32 | 0,23 |
| **Vixiadas pola OMS** | | | | |
| Paludismo | 0,22 | 0,66 | 0,91 | 0,83 |

Fonte: *Instituto de Salud Carlos III*

4.2.4.

**Defuncións segundo as principais causas de m**

| | Total | Infecciosas e parasitarias | Tumores | Enferm. do sangue e mecanismos de inmunidade | Endocrinas, nutricionais e metabólicas | Trastornos mentais e do comportamento | Do sistema nervioso e órganos dos sentidos | Sistema circulatorio | Sistema Respiratorio |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | **1999** |
| **Galicia** | 29.293 | 437 | 7.375 | 42 | 715 | 884 | 663 | 11.041 | 3.932 |
| A Coruña | 11.384 | 180 | 2.925 | 16 | 266 | 304 | 230 | 4.329 | 1.466 |
| Lugo | 5.139 | 64 | 1.192 | 7 | 115 | 171 | 122 | 1.968 | 750 |
| Ourense | 4.625 | 56 | 1.058 | 7 | 137 | 187 | 103 | 1.791 | 628 |
| Pontevedra | 8.145 | 137 | 2.200 | 12 | 197 | 222 | 208 | 2.953 | 1.088 |
| **España** | 371.102 | 6.530 | 94.566 | 1.124 | 11.382 | 11.520 | 10.303 | 131.774 | 45.194 |
| | | | | | | | | | **2009** |
| **Galicia** | 30.073 | 498 | 8.107 | 66 | 717 | 1.325 | 1.249 | 9.799 | 3.642 |
| A Coruña | 12.000 | 251 | 3.239 | 26 | 283 | 435 | 497 | 3.931 | 1.458 |
| Lugo | 4.963 | 52 | 1.212 | 9 | 134 | 272 | 226 | 1.765 | 530 |
| Ourense | 4.499 | 60 | 1.161 | 12 | 97 | 226 | 173 | 1.513 | 593 |
| Pontevedra | 8.611 | 135 | 2.495 | 19 | 203 | 392 | 353 | 2.590 | 1.061 |
| **España** | 384.933 | 6.844 | 105.133 | 1.469 | 12.472 | 14.455 | 18.771 | 120.053 | 43.274 |

Fonte: *INE*

4.2.5.

### Vítimas mortais en estradas nas CC.AA. 2009-10

| | 2009 | 2010 | 10/09 (%) |
|---|---|---|---|
| **Andalucía** | 330 | 290 | -13,8 |
| **Aragón** | 89 | 74 | -20,3 |
| **Asturias** | 43 | 48 | 10,4 |
| **Baleares** | 40 | 44 | 9,1 |
| **Canarias** | 51 | 46 | -10,9 |
| **Cantabria** | 23 | 19 | -21,1 |
| **Castela-A Mancha** | 155 | 139 | -11,5 |
| **Castela e León** | 197 | 212 | 7,1 |
| **Cataluña** | 269 | 245 | -9,8 |
| **C. Valenciana** | 168 | 140 | -20,0 |
| **Estremadura** | 67 | 66 | -1,5 |
| **Galicia** | 186 | 179 | -3,9 |
| **Madrid** | 105 | 82 | -28,0 |
| **Murcia** | 66 | 48 | -37,5 |
| **Navarra** | 33 | 30 | -10,0 |
| **País Vasco** | 51 | 52 | 1,9 |
| **A Rioxa** | 30 | 16 | -87,5 |
| **Total** | 2.089 | 1.909 | -9,4 |

Fonte: *Dirección General de Tráfico*

4.2.6.

### orte en Galicia e España 1999-2009

| Sistema dixestivo | pel e tecido subcutáneo | Sistema osteomuscular e conxuntivo | Sistema xenitourinario | Embarazo, parto e porperio | Orixinadas no periodo perinatal | Malformacións conxénitas e anomalías cromosómicas | Síntomas, signos anormais clínicos e de laboratorio | Causas externas de mortalidade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1.210 | 99 | 187 | 443 | 1 | 19 | 47 | 758 | 1.440 |
| 457 | 37 | 66 | 168 | 1 | 13 | 24 | 295 | 607 |
| 213 | 14 | 46 | 64 | - | 2 | 5 | 168 | 238 |
| 198 | 19 | 36 | 91 | - | - | 5 | 125 | 184 |
| 342 | 29 | 39 | 120 | - | 4 | 13 | 170 | 411 |
| 18.972 | 910 | 3.208 | 7.713 | 15 | 788 | 1.142 | 9.550 | 16.411 |
| 1.377 | - | 193 | 751 | - | 33 | 39 | 1.020 | 1.257 |
| 584 | - | 74 | 269 | - | 16 | 16 | 424 | 497 |
| 206 | - | 42 | 116 | - | 4 | 1 | 193 | 201 |
| 207 | - | 44 | 114 | - | 3 | 2 | 115 | 179 |
| 380 | - | 33 | 252 | - | 10 | 20 | 288 | 380 |
| 19.554 | - | 3.458 | 10.865 | 17 | 900 | 888 | 11.087 | 14.495 |




Fonte: *Instituto de Salud Carlos III*

4.2.7.

soas que mantiveron relacións heterosexuais de risco. Con respecto ao ano 2008, no ano 2009 rexistrouse un descenso do 15,2% nos casos de sida.

Os datos proporcionados polo Observatorio Español sobre **Drogas**, sobre as admisións a tratamento por abuso ou dependencia de substancias psicotrópicas (excluídos alcohol e tabaco), mostran como no ano 2007, último ano dispoñible, notificáronse en Galicia 2.946 admisións a tratamento (50.555 no conxunto de España), o 5,8% do total estatal.

No ano 2007 a taxa de admisións para Galicia foi de 108,6 casos por cada 100.000 habitantes (115,6 no global estatal), o que implica que Galicia se sitúa como a oitava comunidade con maior taxa poboacional; as diferenzas interautonómicas poden responder tanto a diferenzas no consumo de drogas, como a desigualdades na oferta e utilización de servizos.

O Observatorio Español sobre Drogas proporciona datos sobre prevalencias de consumos de alcohol, tabaco e cannabis, con datos do consumo de alcohol nos últimos 30 días, consumo diario de tabaco e consumo de cannabis nos últimos 30 días entre a poboación de 15 a 64 anos. Comparando o ano 2001 co último ano dispoñible, 2007, increméntase o consumo de alcohol e cannabis e redúcese o consumo de tabaco.

No que respecta ao consumo de **alcohol**, a porcentaxe de persoas entre 15 e 64 anos que nos últimos 30 días tiñan consumido alcohol pasa do 59,6% no ano 2001, ata o 69% no ano 2007, convertindo a Galicia na segunda Comunidade cunha maior porcentaxe, só por detrás de Aragón.

A porcentaxe de persoas que consumen diariamente **tabaco** en Galicia pasou do 31,1% no ano 2001, ao 28,3% no ano 2007, sendo Galicia a quinta Comunidade cunha menor porcentaxe de consumo diario de tabaco entre a poboación entre 15 e 64 anos. Por último, o consumo de **cannabis** increméntase, pasando dunha porcentaxe do 4,6% de persoas entre 15 e 64 anos que consumiron cannabis nos últimos 30 días no ano 2001 ao 9,7% no ano 2007; neste caso, ao igual que acontece co consumo de alcohol, Galicia é a segunda Comunidade cunha maior porcentaxe de consumo, por detrás de Cataluña.

Unha análise diferenciada corresponde as porcentaxes de consumo de alcohol, tabaco e cannabis por parte de estudantes de ensino secundario de 14 a 18 anos, que

**Prevalencias de consumos de alcohol, tabaco e cannabis nos estudantes de ensino secundario de 14-18 anos nas CC.AA. 2006-08**

| | 2006 | | | 2008 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | alcohol | tabaco | cannabis | alcohol | tabaco | cannabis |
| **Andalucía** | 52,8 | 14,1 | 15,2 | 56,4 | 13,4 | 14,5 |
| **Aragón** | 68,0 | 22,2 | 27,9 | 70,2 | 23,1 | 29,6 |
| **Asturias** | 69,7 | 13,2 | 18,8 | 68,1 | 13,2 | 15,2 |
| **Baleares** | 52,9 | 8,5 | 20,6 | 54,1 | 10,2 | 22,7 |
| **Canarias** | 44,6 | 6,1 | 11,1 | 45,5 | 5,2 | 9,4 |
| **Cantabria** | 64,7 | 17,1 | 20,1 | 66,2 | 14,8 | 24,9 |
| **Castela-A Mancha** | 68,6 | 15,5 | 19,7 | 63,6 | 18,3 | 21,3 |
| **Castela e León** | 66,9 | 17,7 | 19,0 | 71,5 | 16,4 | 18,3 |
| **Cataluña** | 61,5 | 15,8 | 25,1 | 55,1 | 15,8 | 23,1 |
| **C. Valenciana** | 56,2 | 12,3 | 21,7 | 65,0 | 14,7 | 25,4 |
| **Estremadura** | 56,2 | 20,2 | 18,7 | 59,4 | 16,0 | 14,3 |
| **Galicia** | 58,7 | 14,6 | 19,9 | 55,6 | 15,2 | 16,9 |
| **Madrid** | 52,3 | 15,9 | 20,4 | 52,1 | 14,5 | 21,7 |
| **Murcia** | 58,4 | 15,0 | 19,6 | 59,7 | 15,7 | 18,8 |
| **Navarra** | 69,4 | 16,9 | 30,2 | 70,1 | 15,8 | 26,6 |
| **País Vasco** | 70,8 | 16,4 | 27,0 | 66,4 | 20,1 | 33,0 |
| **A Rioxa** | 69,5 | 19,6 | 28,2 | 64,7 | 14,8 | 22,1 |
| **Total** | 58,0 | 14,8 | 20,1 | 58,5 | 14,8 | 20,1 |

**(1) consumo de alcohol nos últimos 30 días, consumo de tabaco diario e consumo de cannabis nos últimos 30 días entre a poboación de 15 a 64 anos**

Fonte: *Observatorio Español sobre Drogas*

**4.2.8.**

respectivamente son do 55,6% (consumo de alcohol nos últimos 30 días), 15,2% (consumo diario de tabaco) e 16,9% (consumo de cannabis nos últimos 30 días). Galicia é a quinta Comunidade Autónoma cunha menor porcentaxe de consumidores de alcohol e cannabis e a novena cun menor consumo de tabaco, na citada franxa de idade.

Outro dato importante a ter en conta como indicador de saúde son as porcentaxes de **sobrepeso** e **obesidade**, sendo Galicia a CCAA que no ano 2009 presentaba unha maior porcentaxe de poboación con sobrepeso, acadando o 40,5% da poboación adulta, fronte ao 37,6% de media no Estado, sendo, así mesmo, a quinta comunidade cunha maior porcentaxe de obesidade en poboación adulta, o 16,8%, polo 16% de media no Estado.

Outro dos aspectos a ter en conta dentro dos indicadores de saúde é a **sinistralidade**, dentro da que cómpre diferenciar aquela motivada por accidentes de tráfico e os accidentes laborais. No primeiro caso, o **cadro 4.2.6.** amosa unha nova redución do número de vítimas mortais tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. No último ano rexistráronse en Galicia un total de 179 persoas falecidas (o 10,3% do total de persoas falecidas en España), o que a sitúa como a cuarta Comunidade Autónoma con maior número de víctimas, tras Andalucía, Cataluña e Castela e León.

En relación aos accidentes laborais, o **cadro 2.2.7.** *[Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2009-10: distribución segundo a gravidade e sector económico]* reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia decreceu no último ano ata situarse nos 36.430 accidentes (un 7,8 % menos que en 2009).

O 71,7% destes accidentes producíronse nas actividades do sector servizos (15.078 accidentes) e nas ramas industriais (11.049 accidentes); un 20,6% dos sinistros rexistráronse no sector da construción (7.514), e o 7,6% restante (2.789 accidentes), no sector primario. A meirande parte dos accidentes laborais con baixa rexistrados en 2010 corresponderon a accidentes leves (35.768 accidentes), mentres que un 1,8% (662 accidentes) foron graves ou mortais.

No último ano, o índice de incidencia situouse en Gali-




Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.2.9.

**Centros de saúde nas CC.AA. 2010**

| | Zonas básicas | Centros de saúde | Consultorios locais |
|---|---|---|---|
| **Andalucía** | 216 | 405 | 1.112 |
| **Aragón** | 125 | 119 | 872 |
| **Asturias** | 84 | 68 | 150 |
| **Baleares** | 57 | 57 | 103 |
| **Canarias** | 110 | 110 | 171 |
| **Cantabria** | 41 | 42 | 106 |
| **Castela-A Mancha** | 201 | 200 | 1.111 |
| **Castela e León** | 249 | 244 | 3.661 |
| **Cataluña** | 362 | 415 | 827 |
| **C. Valenciana** | 240 | 265 | 589 |
| **Estremadura** | 113 | 110 | 413 |
| **Galicia** | 315 | 391 | 88 |
| **Madrid** | 310 | 258 | 158 |
| **Murcia** | 89 | 80 | 190 |
| **Navarra** | 54 | 54 | 244 |
| **País Vasco** | 122 | 135 | 185 |
| **A Rioxa** | 19 | 19 | 174 |
| **Ceuta e Melilla** | 7 | 7 | - |
| **Total** | 2.714 | 2.979 | 10.154 |

Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.2.10.




cia nos 42 accidentes por cada mil traballadores afiliados a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, converténdose na quinta C.A. co índice máis elevado. No caso dos accidentes mortais, Galicia presenta o índice de incidencia máis elevado de España, con 7,5 accidentes por cada cen mil afiliados a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta.

## Indicadores de establecementos sanitarios

Outros indicadores fundamentais no ámbito da saúde son todos aqueles que presentan unha visión da situación dos establecementos sanitarios en Galicia.

A poboación protexida polo Sistema Nacional de Salud en Galicia ascendeu no ano 2010 a 2.667.458 persoas, o que supón un crecemento do un 3,6% nos últimos dez anos. Galicia acolle o 5,9% da poboación total protexida polo sistema, sendo a quinta Comunidade Autónoma cunha maior poboación protexida, por detrás de Andalucía, Cataluña, Madrid e C. Valenciana.

O Sistema Nacional de Salud organízase en dous niveis asistenciais: atención primaria e atención especializada. A atención primaria pon a disposición da poboación unha serie de servizos básicos, sendo os dispositivos asistenciais principais os Centros de saúde, mentres que a atención especializada préstase en Centros de especialidade e en Hospitais. Dentro desta organización, a localización dos recursos asistenciais responde, basicamente, a unha planificación sobre demarcacións demográfica e xeograficamente delimitadas, as áreas de saúde, que establece cada Comunidade Autónoma, tendo en conta factores de diversa índole pero, sobre todo, respondendo a un criterio de proximidade dos servizos ao usuario. As áreas de saúde se subdividen, á súa vez, en zonas básicas de saúde, que son o marco territorial da atención primaria.

O **cadro 4.2.10.** mostra a existencia en Galicia no ano 2010 de 315 zonas básicas de saúde, só superada en número por Cataluña, o que mostra a gran dispersión da poboación galega, onde desenvolven a súa actividade 391 centros de saúde e 88 consultorios locais.

O **cadro 4.2.13.** mostra o número de hospitais distinguindo o seu carácter público ou privado. En Galicia no ano 2009 existen 39 hospitais, dos que 16 son públicos incluídos no Sistema Nacional de Salud, e 23 privados, dos que dous son benéficos. No que respecta ao número de hospitais públicos (SNS), Galicia dispón dun número menor que outras Comunidades con menor poboación protexida, tal como acontece no caso de Aragón que, con menos da metade de poboación protexida que Galicia, dispón de 20 hospitais públicos (SNS), catro máis que os galegos.

A atención sanitaria especializada, que se presta nos centros de especialidades e nos hospitais, faise de maneira ambulatoria ou en réxime de ingreso. No que respecta ao ámbito das consultas realizadas nos hospitais públicos (SNS), en Galicia, no ano 2009 (último ano dispoñible), realizáronse un total de 1.665 consul-

## Hospitais nas CC.AA. 2009: indicadores de consultas

| | Total | Públicos - SNS | Privados |
|---|---|---|---|
| Andalucía | 1.594,82 | 1.386,97 | 207,85 |
| Aragón | 1.957,57 | 1.822,74 | 134,83 |
| Asturias | 2.014,05 | 1.779,54 | 234,51 |
| Baleares | 2.027,26 | 1.260,79 | 766,47 |
| Canarias | 1.954,79 | 1.551,02 | 403,77 |
| Cantabria | 1.543,84 | 1.499,70 | 44,14 |
| Castela-A Mancha | 1.874,54 | 1.692,40 | 182,14 |
| Castela e León | 1.711,76 | 1.555,19 | 156,57 |
| Cataluña | 1.692,51 | 1.405,09 | 287,42 |
| C. Valenciana | 1.764,27 | 1.557,78 | 206,49 |
| Estremadura | 1.502,28 | 1.412,76 | 89,52 |
| Galicia | 1.876,93 | 1.665,06 | 211,87 |
| Madrid | 2.285,88 | 1.839,84 | 446,04 |
| Murcia | 1.597,02 | 1.528,61 | 68,41 |
| Navarra | 1.795,60 | 1.439,61 | 355,99 |
| País Vasco | 1.206,25 | 951,81 | 254,44 |
| A Rioxa | 1.839,78 | 1.713,65 | 126,13 |
| Ceuta e Melilla | 1.302,69 | 1.302,69 | - |
| Total | 1.788,45 | 1.524,97 | 263,48 |

Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.2.11.

## Hospitais nas CC.AA. 2009: indicadores de camas

| | Camas instaladas | | | Camas funcionantes | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | camas / 1.000 habs. | camas en hospitais públicos-SNS | Total | camas / 1.000 habs. | camas en hospitais públicos-SNS |
| Andalucía | 21.667 | 2,65 | 16.237 | 19.448 | 2,38 | 14.658 |
| Aragón | 5.461 | 4,14 | 4.406 | 5.045 | 3,83 | 4.012 |
| Asturias | 4.183 | 3,96 | 3.383 | 3.751 | 3,55 | 3.096 |
| Baleares | 3.699 | 3,44 | 2.476 | 3.342 | 3,11 | 2.331 |
| Canarias | 7.603 | 3,64 | 4.751 | 6.911 | 3,31 | 4.397 |
| Cantabria | 2.186 | 3,78 | 1.479 | 2.034 | 3,52 | 1.368 |
| Castela-A Mancha | 5.874 | 2,88 | 5.344 | 5.384 | 2,64 | 4.932 |
| Castela e León | 9.562 | 3,81 | 7.403 | 9.007 | 3,59 | 6.954 |
| Cataluña | 31.463 | 4,32 | 18.012 | 30.359 | 4,17 | 17.210 |
| C. Valenciana | 13.518 | 2,69 | 11.080 | 12.194 | 2,43 | 10.151 |
| Estremadura | 4.308 | 3,99 | 3.917 | 3.823 | 3,54 | 3.478 |
| Galicia | 10.434 | 3,81 | 8.535 | 9.863 | 3,60 | 8.067 |
| Madrid | 21.756 | 3,45 | 15.356 | 19.113 | 3,03 | 13.206 |
| Murcia | 4.712 | 3,24 | 3.057 | 4.509 | 3,11 | 2.887 |
| Navarra | 2.408 | 3,90 | 1.382 | 2.367 | 3,84 | 1.359 |
| País Vasco | 8.298 | 3,89 | 5.780 | 7.916 | 3,71 | 5.513 |
| A Rioxa | 916 | 2,90 | 787 | 889 | 2,81 | 766 |
| Ceuta e Melilla | 370 | 2,59 | 370 | 355 | 2,48 | 355 |
| Total | 158.418 | 3,45 | 113.755 | 146.310 | 3,19 | 104.740 |

Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.2.12.

**Hospitais nas CC.AA. 2009: principais datos asistenciais**

| | Hospitais Totais | Hospitais públicos - SNS | Hospitais privados | Pacentes ingresados | Estadías causadas | Consultas totais | Urxencias totais |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Andalucía** | 102 | 46 | 56 | 788.423 | 5.556.881 | 13.041.337 | 5.481.284 |
| **Aragón** | 30 | 20 | 10 | 164.630 | 1.477.257 | 2.581.892 | 722.708 |
| **Asturias** | 20 | 10 | 10 | 130.477 | 1.111.148 | 2.129.144 | 504.179 |
| **Baleares** | 22 | 11 | 11 | 153.527 | 941.074 | 2.179.201 | 795.444 |
| **Canarias** | 37 | 14 | 23 | 204.300 | 2.056.360 | 4.077.631 | 1.021.010 |
| **Cantabria** | 9 | 5 | 4 | 61.076 | 644.743 | 892.156 | 370.001 |
| **Castela-A Mancha** | 30 | 20 | 10 | 204.442 | 1.481.318 | 3.819.848 | 1.028.121 |
| **Castela e León** | 40 | 17 | 23 | 304.122 | 2.512.655 | 4.297.594 | 1.164.482 |
| **Cataluña** | 189 | 76 | 113 | 934.495 | 9.379.765 | 12.335.145 | 4.629.322 |
| **C. Valenciana** | 61 | 34 | 27 | 544.800 | 3.432.507 | 8.855.095 | 2.745.857 |
| **Estremadura** | 19 | 10 | 9 | 121.391 | 1.037.615 | 1.623.973 | 560.498 |
| **Galicia** | 39 | 16 | 23 | 314.310 | 2.877.895 | 5.137.215 | 1.415.097 |
| **Madrid** | 81 | 34 | 47 | 751.613 | 5.561.847 | 14.402.074 | 3.863.044 |
| **Murcia** | 26 | 10 | 16 | 150.468 | 1.305.393 | 2.319.115 | 954.000 |
| **Navarra** | 13 | 6 | 7 | 87.952 | 674.032 | 1.107.712 | 278.101 |
| **País Vasco** | 44 | 18 | 26 | 305.911 | 2.406.301 | 2.574.991 | 1.115.358 |
| **A Rioxa** | 5 | 3 | 2 | 31.444 | 257.262 | 581.991 | 135.211 |
| **Ceuta e Melilla** | 3 | 3 | - | 14.036 | 85.982 | 186.333 | 114.909 |
| **Total** | 770 | 353 | 417 | 5.267.417 | 42.800.035 | 82.142.447 | 26.898.627 |

Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.2.13.

tas por cada 1.000 habitantes, unha cifra que sitúa a Galicia por riba da media estatal (1.525 consultas por cada 1.000 habitantes), e como a sexta Comunidade Autónoma cun maior indicador. Fronte a este dato, no que respecta ao número de consultas en hospitais privados, este é de 212 por cada 1.000 habitantes, por debaixo da media estatal (263 consultas por cada 1.000 habitantes).

No que respecta ao número de camas instaladas e funcionantes nos hospitais de Galicia, e outras CCAA, o **cadro 4.2.12.** mostra como en 2009 había un total de 9.863 camas funcionantes, o que supón 3,6 camas funcionantes por cada 1.000 habitantes (3,2 camas por cada 1.000 habitantes de media no conxunto do Estado). Galicia á a quinta Comunidade Autónoma cun maior número de camas funcionantes, superada polas catro Comunidades con maior poboación protexida: Cataluña, Andalucía, Madrid e C. Valenciana.

Os 39 hospitais (públicos e privados) existentes na Comunidade Autónoma galega no ano 2009 estaban dotados con 254 quirófanos, 181 dos mesmos en hospitais públicos–SNS, o que implica a existencia dun rateo de 9,3 quirófanos por cada 100.000 habitantes, que sitúa a Galicia como a quinta Comunidade en número de quirófanos por habitante, cun rateo similar ao catalán.

O número de camas funcionantes en hospitais de día en Galicia, no ano 2008, era de 591, máis do 90% das mesmas en hospitais públicos–SNS, o que indica que existen 0,22 prazas por cada 1.000 habitantes, un rateo lixeiramente menor á media estatal (0,24 camas por cada 1.000 habitantes) que sitúa a Galicia como a novena Comunidade con maior número de prazas en hospitais de día por cada mil habitantes.

De xeito global, o **cadro 4.2.13.** mostra datos asistenciais básicos dos hospitais existentes nas diferentes Comunidades Autónomas para o ano 2009 (último ano dispoñible). Nos 39 hospitais galegos, con 9.863 camas en funcionamento, ingresaron no citado ano 314.310 pacientes e realizáronse 5.137.215 consultas, mentres que as urxencias totais foron 1.415.097. Nos hospitais galegos, en cada cama ao longo do ano 2009 ingresaron 31,9 pacientes, unha rateo que é a quinta menor das 17 CCAA, por detrás de Cantabria, Canarias, Estremadura e Cataluña, e tamén menor ca media estatal, que se sitúa en 36 pacientes ingresados por cada cama funcionante.

## Listas de espera cirúrxica 2005-10 (1)

| | Galicia | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 |
| **Pacientes en espera estrutural** | 39.284 | 36.335 | 34.296 | 34.282 | 34.048 | 36.180 |
| **Tempo medio de espera** *(en días)* | 113 | 96 | 80 | 71 | 67 | 71 |
| | **Total SNS** | | | | | |
| | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 |
| **Pacientes en espera estrutural** | 406.661 | 379.704 | 364.901 | 372.572 | 374.194 | 381.753 |
| **Tempo medio de espera** *(en días)* | 79 | 72 | 70 | 68 | 63 | 61 |

**(1) datos a 30 de xuño de cada ano**

Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdade* e *Sergas*

4.2.14.

## Listas de espera cirúrxica a 31 de xuño de 2010: distribución segundo especialidade

| | Galicia | | Total SNS | |
|---|---|---|---|---|
| | pacientes en espera estrutural | tempo medio de espera *(en días)* | pacientes en espera estrutural | tempo medio de espera *(en días)* |
| **Especialidades** | | | | |
| Cirurxía xeral ou de dixestivo | 5.969 | 65 | 68.940 | 58 |
| Xinecoloxía | 2.075 | 63 | 21.086 | 51 |
| Oftalmoloxía | 7.928 | 75 | 77.660 | 54 |
| ORL | 2.021 | 64 | 29.782 | 61 |
| Traumatoloxía | 9.466 | 77 | 101.989 | 68 |
| Uroloxía | 2.540 | 57 | 25.913 | 52 |
| Cirurxía cardíaca | 272 | 73 | 2.544 | 62 |
| Anxioloxía / Cir. Vascular | 1.757 | 72 | 10.349 | 64 |
| Cirurxía maxilofacial | 474 | 87 | 5.873 | 65 |
| Cirurxía pediátrica | 1.348 | 84 | 10.720 | 71 |
| Cirurxía plástica | 1.309 | 74 | 12.017 | 84 |
| Cirurxía torácica | 138 | 36 | 1.135 | 49 |
| Neurocirurxía | 584 | 73 | 6.439 | 76 |
| Dermatoloxía | 299 | 44 | 7.304 | 41 |
| **Total** | 36.180 | 71 | 381.753 | 61 |

Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad e Sergas*

4.2.15.

## Listas de espera en consultas externas 2007-10 (1)

| | Galicia | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 |
| **tempo medio de espera** *(en días)* | 68 | 61 | 64 | 61 |
| | **Total SNS** | | | |
| | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 |
| **tempo medio de espera** *(en días)* | 53 | 59 | 52 | 53 |

**(1) datos a 30 de xuño de cada ano**

Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad e Sergas*

4.2.16.

**Doazóns e transplantes de órganos e tecidos 2009-10**

| | 2009 | 2010 | 10/09 (%) |
|---|---|---|---|
| **Doantes de órganos** | 85 | 85 | 0,0 |
| **Transplantes de órganos** | 272 | 281 | 3,3 |
| renal | 127 | 131 | 3,1 |
| hepático | 78 | 76 | -2,6 |
| cardíaco | 21 | 23 | 9,5 |
| pulmonar | 40 | 46 | 15,0 |
| de páncreas | 6 | 5 | -16,7 |
| **Transplantes de tecidos** | 921 | 1.093 | 18,7 |
| proxenitores hematopoéticos | 144 | 149 | 3,5 |
| córneas | 116 | 152 | 31,0 |
| óseo e osteotendinoso | 561 | 647 | 15,3 |
| Vascular | 9 | 7 | -22,2 |
| membrana amniótica | 91 | 138 | 51,6 |

Fonte: *Sergas*

4.2.17.

Segundo os datos publicados polo Ministerio de Sanidade, o ano 2010 (datos a 30 de xuño de cada ano) presenta un incremento tanto do número de pacientes na **lista de espera** estrutural cirúrxica como da súa demora media. A 30 de xuño de 2010 o número de pacientes en lista de espera situábase nas 36.180 persoas, sendo a súa demora media de 71 días (67 días na mesma data do ano anterior). O tempo demora medio para o conxunto do Sistema Nacional de Salud, foi a 30 de xuño de 2010 de 61 días, dez menos que en Galicia. O 26,2% dos pacientes galegos en lista espera cirúrxica son da especialidade de traumatoloxía, e o 21,9% e 15,5% teñen unha patoloxía que require cirurxía oftalmolóxica e xeral ou de dixestivo respectivamente.

O tempo de demora medio é maior en Galicia que no conxunto do sistema nacional de salúd, en todas as especialidades agás en cirurxía plástica, torácica e neurocirurxía, sendo salientable que o tempo medio de espera para cirurxía maxilofacial e oftalmolóxica en Galicia é respectivamente 22 e 21 días superior á espera media no conxunto do SNS.

Xunto a esta lista de espera estrutural hai que considerar que a lista de espera en consultas externas a 30 de xuño de 2010 era de 62 días, tres menos que na mesma data do ano anterior, pero oito días superior á espera media no conxunto do Sistema Nacional de Salud.

O número de **transplantes** de órganos en Galicia incrementouse un 3,3% ao longo do ano 2010, acadando os 281 transplantes (9 máis que no ano precedente). Entre estes, cómpre salientar o predominio dos transplantes de ril (131) e fígado (76), realizándose 46 de pulmón, 23 de corazón e 5 de páncreas.

Tras o descenso experimentado en 2009, o número de transplantes de tecidos aumentou de novo no último ano, pasando de 921 no 2009 a 1.093 no 2010 , un 18,7% máis que no ano anterior. Ao igual que en anos anteriores, predominan os transplantes de oso, con 647 (15,3% máis que en 2009), e os transplantes de córneas, con 152, un 31% máis que no ano anterior (**cadro 4.2.17.**).

En canto ás **doazóns**, no ano 2010 o número de doazóns foi de 85, o mesmo número que no ano anterior.

Comparando por CCAA, Galicia é a sexta Comunidade en número de doantes, tras Andalucía, Madrid, Cataluña, C. Valenciana e Castela e León, e a quinta Comunidade en canto a número de transplantes de corazón, fígado e ril.

Para finalizar a análise dos indicadores de estado dos establecementos sanitarios, o **cadro 4.2.19** mostra os indicadores de **persoal** nos hospitais nas CCAA, para o ano 2008. Nos hospitais galegos no ano 2008 traballaban 4.850 médicos o que supón 1,8 médicos por cada 1.000 habitantes, o que sitúa a nosa Comunidade na

## Doazóns e trasplantes nas CC.AA. 2010

| | Doantes | Trasplantes | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Corazón | Corazón-Pulmón | Fígado | Pancreas | Pulmón | Renal |
| Andalucía | 261 | 26 | 1 | 168 | 22 | 25 | 330 |
| Aragón | 40 | 9 | - | 31 | - | - | 65 |
| Asturias | 40 | 13 | - | 28 | - | - | 43 |
| Baleares | 34 | - | - | - | - | - | 43 |
| Canarias | 75 | - | - | 36 | 8 | - | 104 |
| Cantabria | 26 | - | - | 17 | 6 | 30 | 42 |
| Castela-A Mancha | 58 | - | - | - | - | - | 54 |
| Castela e León | 103 | 8 | - | 38 | 6 | - | 93 |
| Cataluña | 201 | 43 | - | 158 | 23 | 61 | 460 |
| C. Valenciana | 154 | 32 | 2 | 108 | 8 | 24 | 209 |
| Estremadura | 22 | - | - | 9 | - | - | 32 |
| Galicia | 85 | 23 | - | 76 | 5 | 46 | 131 |
| Madrid | 231 | 57 | 1 | 183 | 15 | 49 | 420 |
| Murcia | 45 | 6 | - | 45 | - | - | 47 |
| Navarra | 18 | - | - | 17 | 1 | - | 25 |
| País Vasco | 92 | - | - | 57 | - | - | - |
| A Rioxa | 14 | - | - | - | - | - | - |
| Total | 1.499 | 217 | 4 | 971 | 94 | 235 | 2.098 |

Fonte: *Organización Nacional de Trasplantes*

4.2.18.

## Hospitais nas CC.AA. 2008: indicadores de persoal

| | Médicos | | | Diplomados en enfermería | | | Auxiliares de enfermería | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | total | persoal / 1.000 habs. | persoal / 100 camas | total | persoal / 1.000 habs. | persoal / 100 camas | total | persoal / 1.000 habs. | persoal / 100 camas |
| Andalucía | 11.556 | 1,43 | 59,05 | 21.156 | 2,61 | 108,10 | 17.626 | 2,17 | 90,07 |
| Aragón | 2.848 | 2,18 | 56,74 | 5.029 | 3,85 | 100,20 | 4.550 | 3,48 | 90,66 |
| Asturias | 2.207 | 2,08 | 58,53 | 3.546 | 3,35 | 94,03 | 2.993 | 2,83 | 79,37 |
| Baleares | 1.968 | 1,86 | 57,46 | 3.937 | 3,72 | 114,95 | 3.463 | 3,27 | 101,11 |
| Canarias | 3.342 | 1,62 | 48,20 | 6.048 | 2,93 | 87,22 | 6.303 | 3,06 | 90,90 |
| Cantabria | 1.040 | 1,81 | 50,24 | 1.930 | 3,36 | 93,24 | 1.863 | 3,25 | 90,00 |
| Castela-A Mancha | 3.525 | 1,76 | 67,02 | 5.691 | 2,84 | 108,19 | 4.650 | 2,32 | 88,40 |
| Castela e León | 4.192 | 1,67 | 46,80 | 7.642 | 3,05 | 85,32 | 5.934 | 2,37 | 66,25 |
| Cataluña | 15.478 | 2,13 | 50,82 | 22.256 | 3,06 | 73,07 | 18.928 | 2,60 | 62,15 |
| C. Valenciana | 7.872 | 1,59 | 65,15 | 12.716 | 2,57 | 105,24 | 9.855 | 1,99 | 81,56 |
| Estremadura | 1.829 | 1,69 | 46,73 | 3.090 | 2,86 | 78,95 | 2.728 | 2,53 | 69,70 |
| Galicia | 4.850 | 1,77 | 48,90 | 8.749 | 3,20 | 88,20 | 7.068 | 2,58 | 71,26 |
| Madrid | 11.839 | 1,90 | 61,07 | 20.914 | 3,35 | 107,88 | 17.242 | 2,76 | 88,94 |
| Murcia | 2.234 | 1,56 | 49,73 | 4.204 | 2,94 | 93,59 | 3.851 | 2,69 | 85,73 |
| Navarra | 1.387 | 2,27 | 58,87 | 2.648 | 4,34 | 112,39 | 1.819 | 2,98 | 77,21 |
| País Vasco | 3.478 | 1,63 | 43,38 | 5.687 | 2,66 | 70,93 | 4.758 | 2,22 | 59,34 |
| A Rioxa | 553 | 1,76 | 58,83 | 1.078 | 3,44 | 114,68 | 828 | 2,64 | 88,09 |
| Ceuta e Melilla | 216 | 1,52 | 59,67 | 393 | 2,77 | 108,56 | 280 | 1,98 | 77,35 |
| Total | 80.414 | 1,76 | 54,73 | 136.714 | 3,00 | 93,04 | 114.739 | 2,52 | 78,09 |

Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.2.19.

**Prestación farmacéutica a través de receita nas CC.AA. 2010**

| | Gasto farmacéutico | | Receitas facturadas | | Gasto medio por receita facturada | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 10/09 | | 10/09 | | 10/09 |
| | (€) | (%) | | (%) | (€) | (%) |
| Andalucía | 2.004.670.059 | -2,7 | 176.739.209 | 1,8 | 11,34 | -4,5 |
| Aragón | 391.534.064 | -4,4 | 28.940.147 | 1,7 | 13,53 | -6,1 |
| Asturias | 343.741.776 | -2,6 | 24.835.373 | 1,3 | 13,84 | -3,8 |
| Baleares | 219.697.060 | -1,4 | 16.729.643 | 7,7 | 13,13 | -8,4 |
| Cantabria | 152.456.479 | -4,9 | 11.870.895 | 2,1 | 12,84 | -6,9 |
| Castela-A Mancha | 596.484.069 | -2,9 | 45.941.215 | 3,5 | 12,98 | -6,2 |
| Castela e León | 725.240.336 | -2,2 | 52.744.305 | 2,9 | 13,75 | -5,0 |
| Cataluña | 1.842.480.622 | -2,2 | 151.486.758 | 2,7 | 12,16 | -4,8 |
| Canarias | 536.311.937 | -5,9 | 41.311.624 | 1,2 | 12,98 | -7,0 |
| C. Valenciana | 1.543.952.639 | -3,8 | 114.020.266 | 2,0 | 13,54 | -5,7 |
| Estremadura | 356.924.545 | -0,5 | 26.477.061 | 3,4 | 13,48 | -3,7 |
| Galicia | 931.283.873 | 0,7 | 65.572.028 | 3,5 | 14,20 | -2,7 |
| Madrid | 1.288.457.667 | -2,3 | 106.826.195 | 2,8 | 12,06 | -5,0 |
| Murcia | 420.249.109 | 1,9 | 30.866.297 | 3,8 | 13,62 | -1,8 |
| Navarra | 161.140.260 | -3,4 | 12.042.936 | 2,0 | 13,38 | -5,3 |
| País Vasco | 578.019.562 | -1,5 | 42.872.249 | 2,5 | 13,48 | -3,9 |
| A Rioxa | 87.753.275 | -2,2 | 6.212.762 | 1,4 | 14,12 | -3,5 |
| Ceuta | 14.948.650 | 0,3 | 1.183.346 | 3,3 | 12,63 | -3,0 |
| Melilla | 12.337.165 | 2,4 | 1.022.319 | 3,7 | 12,07 | -1,2 |
| **Total** | 12.207.683.147 | -2,4 | 957.694.628 | 2,5 | 12,75 | -4,8 |

Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdade*

4.2.20.

| Matronas | | Médicos interno-residentes | | |
|---|---|---|---|---|
| total | matronas / 1.000 mulleres en idade fértil | total | persoal / 1.000 habs. | persoal / 100 camas |
| 729 | 0,34 | 2.816 | 0,35 | 14,39 |
| 124 | 0,40 | 558 | 0,43 | 11,12 |
| 75 | 0,30 | 377 | 0,36 | 10,00 |
| 73 | 0,26 | 256 | 0,24 | 7,47 |
| 141 | 0,25 | 605 | 0,29 | 8,73 |
| 50 | 0,35 | 284 | 0,49 | 13,72 |
| 163 | 0,33 | 614 | 0,31 | 11,67 |
| 170 | 0,29 | 866 | 0,35 | 9,67 |
| 662 | 0,37 | 3.195 | 0,44 | 10,49 |
| 419 | 0,33 | 1.694 | 0,34 | 14,02 |
| 94 | 0,35 | 211 | 0,20 | 5,39 |
| 182 | 0,28 | 950 | 0,35 | 9,58 |
| 631 | 0,39 | 3.408 | 0,55 | 17,58 |
| 119 | 0,32 | 424 | 0,30 | 9,44 |
| 75 | 0,51 | 370 | 0,61 | 15,70 |
| 168 | 0,33 | 809 | 0,38 | 10,09 |
| 26 | 0,34 | 88 | 0,28 | 9,36 |
| 23 | 0,63 | - | - | - |
| 3.924 | 0,34 | 17.525 | 0,38 | 11,93 |

media estatal, e como a oitava comunidade cun maior rateo, por detrás de Navarra (2,3), Aragón (2,2), Cataluña (2,1), Asturias (2,1), Madrid (1,9), Baleares (1,9) e Cantabria (1,8). No citado ano en Galicia había 3,2 traballadores diplomados en enfermería por cada 1.000 habitantes, e 2,6 auxiliares de enfermería por cada 1.000 habitantes. Finalmente destaca o feito de que Galicia é a terceira Comunidade Autónoma con menos matronas por cada 1.000 mulleres en idade fértil (0,3), só por diante de Baleares e Canarias.

## Indicadores de gasto sanitario

O **gasto farmacéutico** público rexistrou en 2010 un incremento do 0,7% en Galicia, fonte á redución do 2,4% no conxunto do Estado. A factura de receitas prescritas ascendeu ata os 931,3 millóns de euros, o que significa o 7,6% do total estatal, e a sitúa como a quinta comunidade autónoma co gasto máis elevado tras Andalucía, Cataluña, a C. Valenciana e Madrid.

O devandito diferencial de crecemento con respecto á media estatal ven motivado pola menor redución do

**Gastos sanitarios das CC.AA. 2007-2010** (1)

| | 2007 | | 2008 | | 2009 | | 2010 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | total *(en millóns €)* | orzam. / per cápita *(en €)* | total | orzam. / per cápita | total | orzam. / per cápita | total | orzam. / per cápita |
| Andalucía | 8.730,59 | 1.145,59 | 9.565,46 | 1.231,34 | 9.826,54 | 1.249,25 | 9.827,38 | 1.238,72 |
| Aragón | 1.635,88 | 1.334,81 | 1.746,82 | 1.390,73 | 1.879,71 | 1.474,49 | 1.907,63 | 1.495,80 |
| Asturias | 1.338,67 | 1.284,13 | 1.368,39 | 1.305,88 | 1.558,99 | 1.480,35 | 1.639,96 | 1.557,40 |
| Baleares | 1.086,68 | 1.090,66 | 1.197,30 | 1.152,61 | 1.257,53 | 1.184,66 | 1.176,35 | 1.097,39 |
| Canarias | 2.522,35 | 1.298,79 | 2.803,52 | 1.406,64 | 2.929,94 | 1.449,13 | 2.857,01 | 1.404,26 |
| Cantabria | 721,33 | 1.307,97 | 754,78 | 1.345,22 | 793,57 | 1.396,21 | 795,93 | 1.391,71 |
| Castela-A Mancha | 2.406,31 | 1.272,83 | 2.634,19 | 1.345,98 | 2.852,56 | 1.429,97 | 2.918,50 | 1.449,56 |
| Castela e León | 3.048,02 | 1.284,94 | 3.333,44 | 1.387,55 | 3.408,75 | 1.414,90 | 3.518,64 | 1.462,32 |
| Cataluña | 8.683,93 | 1.232,06 | 9.159,64 | 1.271,86 | 9.426,20 | 1.289,46 | 9.888,28 | 1.346,11 |
| C. Valenciana | 5.089,96 | 1.080,72 | 5.455,61 | 1.123,33 | 5.659,99 | 1.150,57 | 5.720,26 | 1.158,86 |
| Estremadura | 1.459,77 | 1.425,86 | 1.599,92 | 1.548,83 | 1.717,68 | 1.655,22 | 1.664,31 | 1.595,64 |
| Galicia | 3.388,13 | 1.284,64 | 3.639,00 | 1.372,52 | 3.767,12 | 1.414,42 | 3.728,81 | 1.397,89 |
| Madrid | 6.500,45 | 1.135,54 | 6.953,82 | 1.174,03 | 7.122,47 | 1.178,75 | 7.081,23 | 1.157,36 |
| Murcia | 1.571,20 | 1.186,85 | 1.765,53 | 1.305,72 | 1.853,66 | 1.348,29 | 1.984,83 | 1.427,76 |
| Navarra | 807,27 | 1.362,64 | 873,25 | 1.438,36 | 906,94 | 1.468,83 | 986,76 | 1.582,36 |
| País Vasco | 2.925,46 | 1.392,86 | 3.267,86 | 1.543,52 | 3.546,44 | 1.662,29 | 3.630,28 | 1.696,64 |
| A Rioxa | 467,39 | 1.576,58 | 440,80 | 1.444,89 | 452,57 | 1.463,77 | 411,99 | 1.329,36 |
| Total | 52.383,37 | 1.215,43 | 56.559,33 | 1.283,34 | 58.960,64 | 1.320,28 | 59.738,15 | 1.329,47 |

(1) orzamentos iniciais de gastos
Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.2.21.

gasto medio por receita e tamén polo maior incremento do número de receitas prescritas. Dunha banda, o gasto medio reduciuse un 2,7% en Galicia fronte ao descenso rexistrado no conxunto do Estado (4,8% menos en relación ao ano anterior), situándose o mesmo nos 14,20 euros por receita, o máis elevado de España, seguindo polo gasto en A Rioxa, con 14,12 euros. Doutra, o volume de receitas, tras unha medra do 3,5% respecto ao ano anterior, superou os 65,5 millóns o que suporía unha media de 23,4 receitas por habitante, tres máis que a media estatal (20,4).

Fronte ao incremento do gasto farmacéutico, os **gastos sanitarios**, en base ao orzamento inicial de gasto, reducíronse no ano 2010 en torno ao 1% en relación ao ano anterior, pasando a 3.728,8 millóns de euros, o que indica un gasto sanitario de 1.397,9 euros per cápita.

Tal como se indicou ao longo do presente capítulo, Galicia é a quinta comunidade en canto a volume de poboación protexida polo Sistema Nacional de Salud, o que determina un gasto sanitario elevado, o sexto máis importante do Estado; este gasto sanitario non se mantén en termos per cápita, xa que Galicia é a oitava comunidade autónoma cun menor gasto sanitario per cápita.

Un indicador da eficiencia do gasto sanitario podería ser o gasto sanitario por paciente dado de alta, que en Galicia é superior á media estatal, aínda que é o sétimo máis reducido do Estado, ou o gasto por consulta, que é o quinto máis reducido do Estado, e inferior á media estatal.

# 4.3. INDICADORES DE BENESTAR SOCIAL

**Este apartado, adicado a mostrar algúns** dos principais indicadores de benestar social, aborda catro aspectos principais: primeiro, a atención á dependencia e a discapacidade; de seguido, indicadores de pobreza e cohesión social; en terceiro lugar, iniciativas sobre familia e infancia; e, para rematar, bótase unha ollada á violencia e o maltrato na nosa sociedade.

## Dependencia e discapacidade

O artigo 3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece como un dos obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais o de *"garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia, integrando, a estes efectos, o catálogo de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia"*. Previamente a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, regula as condicións básicas de acceso ao denominado Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD).

O artigo 11 da citada norma, atribúe ás Comunidades Autónomas a planificación, ordenación e coordinación, no ámbito do seu territorio, dos servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, así como a xestión dos recursos necesarios para elo.

Co obxecto de avanzar no desenvolvemento da atención e prevención da situación de dependencia, apróbase o Decreto 15/2010, de 14 de febreiro que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Como aspectos normativos básicos salientar que as persoas beneficiarias do sistema de atención á dependencia, serán aquelas que se encontren en situación de dependencia, nalgún dos graos establecidos, que residan en territorio español e leven nel cinco anos, dos cales dous deberán ser inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude e que residan na Comunidade Autónoma de Galicia na data de presentación da solicitude.

A situación de dependencia clasifícase en tres graos, e cada grao de dependencia clasifícase en dous niveis, en función da autonomía das persoas e da intensidade do coidado que require:

- Grao I. Dependencia moderada: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades

**Valoracións e ditames da situación de dependencia nas CC.AA. a 31-12-2010**

| | Solicitudes | | Ditames | | Grado III | | Grado II | | Total beneficiarios con dereito a prestación | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(número)* | *(%)* | *(número)* | *(%) / solicitudes* | *(número)* | *(%) / ditames* | *(número)* | *(%) / ditames* | *(número)* | *(%) / ditames* |
| Andalucía | 401.495 | 26,8 | 364.749 | 90,8 | 116.555 | 32,0 | 115.491 | 31,7 | 232.046 | 63,6 |
| Aragón | 49.689 | 3,3 | 44.162 | 88,9 | 17.686 | 40,0 | 12.815 | 29,0 | 30.501 | 69,1 |
| Asturias | 33.749 | 2,2 | 28.492 | 84,4 | 10.525 | 36,9 | 7.241 | 25,4 | 17.766 | 62,4 |
| Baleares | 23.056 | 1,5 | 20.170 | 87,5 | 7.670 | 38,0 | 6.595 | 32,7 | 14.265 | 70,7 |
| Canarias | 35.594 | 2,4 | 28.534 | 80,2 | 14.063 | 49,3 | 7.856 | 27,5 | 21.919 | 76,8 |
| Cantabria | 22.489 | 1,5 | 22.386 | 99,5 | 8.686 | 38,8 | 6.937 | 31,0 | 15.623 | 69,8 |
| Castela e León | 84.575 | 5,6 | 76.491 | 90,4 | 33.962 | 44,4 | 20.900 | 27,3 | 54.862 | 71,7 |
| Castela-A Mancha | 91.491 | 6,1 | 78.956 | 86,3 | 27.737 | 35,1 | 21.395 | 27,1 | 49.132 | 62,2 |
| Cataluña | 231.198 | 15,4 | 226.133 | 97,8 | 80.264 | 35,5 | 71.544 | 31,6 | 151.808 | 67,1 |
| C. Valenciana | 104.546 | 7,0 | 103.056 | 98,6 | 34.666 | 33,6 | 30.250 | 29,4 | 64.916 | 63,0 |
| Estremadura | 42.417 | 2,8 | 36.991 | 87,2 | 15.135 | 40,9 | 9.430 | 25,5 | 24.565 | 66,4 |
| Galicia | 87.975 | 5,9 | 72.267 | 82,1 | 31.959 | 44,2 | 21.869 | 30,3 | 53.828 | 74,5 |
| Madrid | 119.632 | 8,0 | 112.332 | 93,9 | 41.737 | 37,2 | 28.901 | 25,7 | 70.638 | 62,9 |
| Murcia | 49.076 | 3,3 | 46.262 | 94,3 | 18.111 | 39,1 | 13.860 | 30,0 | 31.971 | 69,1 |
| Navarra | 20.257 | 1,4 | 18.836 | 93,0 | 4.577 | 24,3 | 5.658 | 30,0 | 10.235 | 54,3 |
| País Vasco | 84.877 | 5,7 | 80.484 | 94,8 | 22.196 | 27,6 | 22.662 | 28,2 | 44.858 | 55,7 |
| A Rioxa | 14.201 | 0,9 | 14.156 | 99,7 | 5.119 | 36,2 | 3.624 | 25,6 | 8.743 | 61,8 |
| Ceuta e Melilla | 3.835 | 0,3 | 3.396 | 88,6 | 993 | 29,2 | 964 | 28,4 | 1.957 | 57,6 |
| Total | 1.500.152 | 100 | 1.377.853 | 91,8 | 491.641 | 35,7 | 407.992 | 29,6 | 899.633 | 65,3 |

Fonte: *IMSERSO*

4.3.1.

de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

• Grao II. Dependencia grave: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

• Grao III. Gran Dependencia: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

Tal como se mostra no **cadro 4.3.1.**, a 31 de decembro de 2010, tíñanse presentado en Galicia un total de 31.959 solicitudes recoñecidas de grao III. Galicia é a sexta Comunidade Autónoma en canto a volume de solicitudes de dependencia presentadas, acadando o 5,9% do total estatal, por detrás de Andalucía (26,8%), Cataluña (15,4%), Madrid (8%), C. Valenciana (7%) e Castela–A Mancha (6,1%).

O total de beneficiarios por dependencia de grao II e III, con dereito a prestación é en Galicia de 53.828 persoas, o 74,5% dos ditames emitidos, residindo en Galicia o 6% dos beneficiarios totais do Estado.

O número de solicitudes presentadas en Galicia non deixou de aumentar, pasando de ao redor de 50.000 en xaneiro de 2009 a cerca de 90.000 en decembro de 2010, obtemos polo tanto un incremento do 80% en dous anos.

As prestacións de atención á dependencia poderán ter a natureza de servizos e de prestacións económicas e irán destinadas, por unha banda, á promoción da autonomía persoal e, por outra, a atender as necesidades das persoas con dificultades para realizar as actividades básicas da vida diaria.

No procedemento de recoñecemento da situación de dependencia e das prestacións correspondentes, os ser-

**Centros prestadores de servizos sociais 2010** (1)

| | Total | | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | | Outra | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | prazas | número | prazas | número | prazas | número | prazas | número | prazas | número | prazas |
| **Total** | 1.430 | 60.884 | 527 | 24.089 | 201 | 8.157 | 263 | 9.515 | 429 | 19.039 | 10 | 84 |
| Gran centro residencial | 58 | 9.698 | 21 | 3.497 | 12 | 2.029 | 11 | 1.827 | 14 | 2.345 | | |
| Centro de día, Alzheimer | 11 | 400 | 3 | 120 | 3 | 110 | 1 | 40 | 4 | 130 | | |
| Residencia | 48 | 3.832 | 13 | 1.138 | 8 | 664 | 10 | 738 | 17 | 1.292 | | |
| Miniresidencia | 93 | 3.577 | 26 | 1.030 | 12 | 399 | 39 | 1.536 | 16 | 612 | | |
| Vivenda comunitaria | 98 | 1.042 | 22 | 257 | 20 | 199 | 34 | 352 | 22 | 234 | | |
| Puntos de atención á infancia (PAI) | 39 | 753 | 8 | 156 | 14 | 275 | 14 | 262 | 3 | 60 | | |
| Residencia discapacitados gravemente afectados (at. diurna) | 11 | 518 | 2 | 106 | 3 | 151 | 4 | 235 | 2 | 26 | | |
| Residencia de discapacitados adultos (atención diurna) | 6 | 173 | | | | | 5 | 153 | 1 | 20 | | |
| Residencia de discapacitados gravemente afectados | 15 | 770 | 8 | 407 | 3 | 155 | 1 | 30 | 3 | 178 | | |
| Comedor social | 7 | 448 | 4 | 288 | | | 2 | 40 | 1 | 120 | | |
| Ludoteca | 22 | 696 | 8 | 263 | | | 3 | 100 | 11 | 333 | | |
| Residencia de discapacitados adultos | 15 | 730 | 6 | 305 | 3 | 101 | 4 | 140 | 2 | 184 | | |
| Centro con fogares | 14 | 535 | 7 | 233 | 1 | 32 | 3 | 120 | 3 | 150 | | |
| Centro de acollida básica | 16 | 470 | 10 | 268 | 1 | 9 | 1 | 8 | 4 | 185 | | |
| Fogar residencial | 24 | 495 | 7 | 146 | 1 | 24 | 11 | 235 | 5 | 90 | | |
| Apartamento tutelado | 13 | 380 | 1 | 34 | 8 | 232 | 3 | 86 | 1 | 28 | | |
| Casa de familia | 30 | 231 | 6 | 50 | 3 | 16 | 4 | 32 | 17 | 133 | | |
| Vivenda-piso tutelado | 41 | 260 | 18 | 122 | 5 | 35 | 2 | 16 | 12 | 87 | 4 | - |
| Fogares e clubes | 23 | 40 | 14 | 40 | 4 | - | 3 | - | 2 | - | | |
| Albergue | 7 | 175 | 2 | 67 | | | | | 5 | 108 | | |
| Escola infantil | 463 | 24.879 | 202 | 10.918 | 44 | 2.165 | 51 | 2.315 | 166 | 9.481 | | |
| Espazo infantil | 6 | 132 | 2 | 47 | | | 2 | 70 | 2 | 15 | | |
| Casa de acollida | 6 | 84 | | | | | | | | | 6 | 84 |
| Vivenda-transición á vida autónoma | 1 | 4 | | | | | 1 | 4 | | | | |
| Centro de acollida-apoio social a procesos terapeúticos | 4 | 86 | | | | | 3 | 52 | 1 | 34 | | |
| Centro de acollida-transición á vida autónoma | 3 | 20 | | | | | 1 | 7 | 2 | 13 | | |
| Puntos de encontro familiar | 3 | - | 2 | - | | | | | 1 | - | | |
| Centro social | 79 | - | 23 | - | 15 | - | 15 | - | 26 | - | | |
| Centro de día | 209 | 7.365 | 80 | 3.270 | 32 | 1.107 | 28 | 731 | 69 | 2.257 | | |
| Centro ocupacional | 65 | 3.091 | 32 | 1.327 | 9 | 454 | 7 | 386 | 17 | 924 | | |

(1) centros con permiso de inicio de actividades a 31 de decembro

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

4.3.2.

vizos sociais establecerán un Programa Individual de Atención no que se determinarán as modalidades de intervención máis axeitadas as súas necesidades, tendo en conta que os servizos terán carácter prioritario e serán prestados polas Comunidades Autónomas, mediante centros e servizos públicos ou persoais; se non fose posible a atención mediante algún destes servizos, nos convenios incorporaranse a prestación económica vinculada ao servizo.

O Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia está configurado en Galicia polo seguinte catálogo de servizos:

a) Servizos de prevención das situacións de dependencia e de promoción da autonomía persoal.

b) Servizo de Teleasistencia.

c) Servizo de Axuda no Fogar.

d) Servizo de centro de atención diurna e de atención nocturna para persoas en situación de dependencia:

i. Centro de atención diurna para maiores.

ii. Centro de atención diurna para menores de 65 anos.

iii. Centro de día de atención especializada.

iv. Centro de atención nocturna.

e) Servizo de Atención Residencial para persoas en situación de dependencia:

i. Residencia de persoas maiores en situación de dependencia.

ii. Estadías temporais en residencia.

iii. Centro de atención a persoas en situación de dependencia, en razón dos distintos tipos de discapacidade.

f) Outros centros de atención a persoas en situación de dependencia, en razón dos distintos tipos de discapacidade.

## Beneficiarios de Programas Individuais de Atención nas C

| | Persoas beneficiarias con prestacións | Prevención dependencia e Promoción A. Persoal | | Teleasistencia | | Axuda a domicilio | | Centros de día/noite | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | número | % | número | % | número | % | número | % |
| Andalucía | 182.724 | 2 | - | 53.398 | 22,30 | 46.434 | 19,40 | 9.883 | 4,13 |
| Aragón | 26.134 | - | - | - | - | - | - | 912 | 3,48 |
| Asturias | 14.751 | - | - | 334 | 2,11 | 1.613 | 10,21 | 1.319 | 8,35 |
| Baleares | 10.049 | - | - | - | - | - | - | 549 | 5,31 |
| Canarias | 9.106 | 46 | 0,50 | - | - | - | - | 1.905 | 20,90 |
| Cantabria | 13.880 | - | - | 476 | 3,32 | 766 | 5,34 | 1.180 | 8,23 |
| Castela-A Mancha | 37.280 | 277 | 0,55 | 6.868 | 13,72 | 5.233 | 10,46 | 1.421 | 2,84 |
| Castela e León | 48.830 | 2.325 | 4,28 | 1.569 | 2,89 | 5.068 | 9,34 | 3.324 | 6,12 |
| Cataluña | 108.857 | 1.275 | 0,97 | 7.226 | 5,52 | 12.545 | 9,59 | 4.117 | 3,15 |
| C. Valenciana | 36.927 | 1 | - | 5.307 | 12,56 | - | - | 2.305 | 5,46 |
| Estremadura | 17.763 | 549 | 2,87 | 303 | 1,59 | 941 | 4,93 | 579 | 3,03 |
| Galicia | 32.572 | 70 | 0,21 | 192 | 0,57 | 5.895 | 17,50 | 1.986 | 5,89 |
| Madrid | 49.858 | 5.642 | 9,43 | 2.459 | 4,11 | 9.978 | 16,67 | 9.220 | 15,40 |
| Murcia | 24.643 | 620 | 2,10 | 3.617 | 12,23 | - | - | 1.609 | 5,44 |
| Navarra | 8.748 | - | - | 455 | 4,69 | 397 | 4,10 | 188 | 1,94 |
| País Vasco | 37.052 | - | - | 4.091 | 9,64 | 4.851 | 11,43 | 4.702 | 11,08 |
| A Rioxa | 7.677 | 594 | 5,00 | 711 | 6,47 | 1.784 | 16,25 | 734 | 6,68 |
| Ceuta e Melilla | 1.727 | 203 | 9,85 | 105 | 5,10 | 127 | 6,17 | 36 | 1,75 |
| **Total** | 668.578 | 11.604 | 1,45 | 87.111 | 10,89 | 95.632 | 11,95 | 45.969 | 5,75 |

**(1) datos acumulados a 01-01-2011**
Fonte: *IMSERSO*

4.3.3.

## Beneficiarios de Programas Individuais de Atención nas CC.AA. 2010 (1)

| | Totais | Homes | | Mulleres | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | *número* | *%* | *número* | *%* |
| Andalucía | 182.724 | 63.235 | 34,61 | 119.489 | 65,39 |
| Aragón | 26.134 | 9.135 | 34,95 | 16.999 | 65,05 |
| Asturias | 14.751 | 4.680 | 31,73 | 10.071 | 68,27 |
| Baleares | 10.049 | 3.476 | 34,59 | 6.573 | 65,41 |
| Canarias | 9.106 | 3.588 | 39,40 | 5.518 | 60,60 |
| Cantabria | 13.880 | 4.659 | 33,57 | 9.221 | 66,43 |
| Castela-A Mancha | 37.280 | 13.054 | 35,02 | 24.226 | 64,98 |
| Castela e León | 48.830 | 17.413 | 35,66 | 31.417 | 64,34 |
| Cataluña | 108.857 | 34.634 | 31,82 | 74.223 | 68,18 |
| C. Valenciana | 36.927 | 13.594 | 36,81 | 23.333 | 63,19 |
| Estremadura | 17.763 | 6.175 | 34,76 | 11.588 | 65,24 |
| Galicia | 32.572 | 10.660 | 32,73 | 21.912 | 67,27 |
| Madrid | 49.858 | 8.148 | 16,34 | 41.710 | 83,66 |
| Murcia | 24.643 | 8.802 | 35,72 | 15.841 | 64,28 |
| Navarra | 8.748 | 2.883 | 32,96 | 5.865 | 67,04 |
| País Vasco | 37.052 | 12.869 | 34,73 | 24.183 | 65,27 |
| A Rioxa | 7.677 | 2.811 | 36,62 | 4.866 | 63,38 |
| Ceuta e Melilla | 1.727 | 660 | 38,22 | 1.067 | 61,78 |
| **Total** | 668.578 | 220.476 | 32,98 | 448.102 | 67,02 |

**(1) datos acumulados a 01-01-2011**
Fonte: *IMSERSO*

4.3.4.

**C.AA. 2010 (1): distribución segundo prestación**

| Atención residencial | | P.E. vinculada servizo | | P.E. coidados familiares | | P.E. Asist. persoal | | Total | | Ratio prestacións por persoa beneficiaria |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| número | % | número | % | número | % | número | % | número | % | número |
| 18.462 | 7,71 | 3.279 | 1,37 | 107.916 | 45,08 | 33 | 0,01 | 239.407 | 100 | 1,31 |
| 3.734 | 14,25 | 5.455 | 20,82 | 16.095 | 61,44 | - | - | 26.196 | 100 | 1,00 |
| 3.366 | 21,31 | 1.614 | 10,22 | 7.550 | 47,80 | - | - | 15.796 | 100 | 1,07 |
| 1.780 | 17,21 | 482 | 4,66 | 7.533 | 72,82 | 1 | 0,01 | 10.345 | 100 | 1,03 |
| 2.427 | 26,62 | 91 | 1,00 | 4.648 | 50,98 | - | - | 9.117 | 100 | 1,00 |
| 2.949 | 20,58 | - | - | 8.961 | 62,52 | - | - | 14.332 | 100 | 1,03 |
| 7.837 | 15,66 | 2.686 | 5,37 | 25.714 | 51,38 | 8 | 0,02 | 50.044 | 100 | 1,34 |
| 8.722 | 16,07 | 11.393 | 20,99 | 21.846 | 40,24 | 41 | 0,08 | 54.288 | 100 | 1,11 |
| 17.066 | 13,04 | 12.209 | 9,33 | 76.413 | 58,39 | 18 | 0,01 | 130.869 | 100 | 1,20 |
| 13.377 | 31,67 | 2.847 | 6,74 | 18.403 | 43,57 | - | - | 42.240 | 100 | 1,14 |
| 3.589 | 18,79 | 4.970 | 26,02 | 8.169 | 42,77 | 1 | 0,01 | 19.101 | 100 | 1,08 |
| 4.723 | 14,02 | 2.383 | 7,07 | 18.410 | 54,64 | 36 | 0,11 | 33.695 | 100 | 1,03 |
| 19.393 | 32,40 | 1.745 | 2,92 | 11.395 | 19,04 | 23 | 0,04 | 59.855 | 100 | 1,20 |
| 2.018 | 6,83 | 1.030 | 3,48 | 20.671 | 69,92 | - | - | 29.565 | 100 | 1,20 |
| 1.416 | 14,61 | 1.470 | 15,17 | 5.765 | 59,48 | 1 | 0,01 | 9.692 | 100 | 1,11 |
| 8.307 | 19,58 | 879 | 2,07 | 19.011 | 44,81 | 585 | 1,38 | 42.426 | 100 | 1,15 |
| 1.221 | 11,12 | 771 | 7,02 | 5.166 | 47,04 | - | - | 10.981 | 100 | 1,43 |
| 165 | 8,01 | 105 | 5,10 | 1.319 | 64,03 | - | - | 2.060 | 100 | 1,19 |
| 120.552 | 15,07 | 53.409 | 6,68 | 384.985 | 48,12 | 747 | 0,09 | 800.009 | 100 | 1,20 |

A 31 de decembro de 2010 en Galicia existen 32.572 persoas beneficiarias de Programas Individuais de Atención (PIAs), o 5,1% dos beneficiarios totais estatais, situándose Galicia como a oitava Comunidade Autónoma cun maior número de beneficiarios de PIAs. Sen embargo se temos en conta a implantación do modelo en Galicia, entendendo esta rateo como a porcentaxe de persoas con PIA entre a poboación total, obsérvase que Galicia é a quinta Comunidade Autónoma cun menor grao de implantación, só por diante de Madrid, Baleares, C. Valenciana e Canarias, por detrás tamén da media estatal.

O 67,3% dos beneficiarios totais de PIAs en Galicia son mulleres, e das 32.572 persoas beneficiarias, 18.410 son beneficiarias de prestacións económicas para coidados familiares, máis do 50%, seguidas das Axudas a Domicilio co 17,5%, e das prestacións económicas vinculadas ao servizo co 7,1% (**cadros 4.3.3.** e **4.3.4.**).

Finalmente, é importante destacar o papel fundamental dos coidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia, que, en termos de seguridade social, son aqueles que sexan designados como tais no Programa Individual de Atención e cumpran as condicións legalmente previstas. Estes coidadores non profesionais quedarán obrigatoriamente incluídos no campo de aplicación do Réxime Xeral da Seguridade Social e en situación asimilada a alta, mediante a subscrición dun convenio especial

O convenio especial surtirá efectos dende o mesmo día no que a prestación económica para coidados familiares sexa concedida á persoa en situación de dependencia, non será aplicable a subscrición no convenio especial cando o coidador siga realizando ou inicie unha actividade profesional pola que deba quedar incluído no sistema da Seguridade Social así como cando esté percibindo a prestación por desemprego, ou teña a condición de pensionista de xubilación ou de incapacidade permanente ou se trate dun pensionista de viuvez ou en favor de familiares, cando teña 65 ou máis anos.

**Convenio especial de coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia nas CC.AA. 2008-2010 (1)**

| | 2008 | | 2009 | | 2010 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Resoltos | | Resoltos | | Resoltos | |
| | Obrigatorios | Voluntarios (2) | Obrigatorios | Voluntarios (2) | Obrigatorios | Voluntarios (2) |
| Andalucía | 20.109 | 18 | 40.878 | 30 | 52.285 | 34 |
| Aragón | 1.049 | 7 | 2.870 | 25 | 3.729 | 51 |
| Asturias | 1.084 | 12 | 2.431 | 48 | 2.923 | 50 |
| Baleares | 334 | 1 | 724 | 11 | 1.123 | 20 |
| Canarias | 307 | 0 | 976 | 2 | 1.647 | 2 |
| Cantabria | 1.094 | 8 | 2.615 | 26 | 3.597 | 39 |
| Castela e León | 820 | 2 | 4.857 | 28 | 9.153 | 54 |
| Castela-A Mancha | 2.934 | 7 | 6.549 | 13 | 9.004 | 16 |
| Cataluña | 2.455 | 34 | 10.650 | 98 | 19.942 | 191 |
| C. Valenciana | 1.039 | 5 | 4.663 | 16 | 11.782 | 35 |
| Estremadura | 353 | 0 | 810 | 0 | 2.874 | 2 |
| Galicia | 2.251 | 26 | 5.680 | 67 | 8.782 | 103 |
| A Coruña | 735 | 9 | 2.133 | 34 | 3.127 | 50 |
| Lugo | 349 | 6 | 713 | 8 | 1.150 | 22 |
| Ourense | 532 | 7 | 981 | 10 | 1.627 | 10 |
| Pontevedra | 635 | 4 | 1.853 | 15 | 2.876 | 21 |
| Madrid | 28 | 1 | 917 | 10 | 3.188 | 43 |
| Murcia | 1.701 | 6 | 3.576 | 10 | 5.827 | 21 |
| Navarra | 344 | 10 | 762 | 21 | 1.094 | 25 |
| País Vasco | 3.052 | 40 | 6.630 | 80 | 8.063 | 94 |
| A Rioxa | 257 | 2 | 946 | 12 | 1.515 | 13 |
| Ceuta e Melilla | 402 | 0 | 600 | 0 | 746 | 0 |
| Total | 39.613 | 179 | 97.134 | 497 | 147.264 | 793 |

(1) datos acumulados a 1 de decembro de cada ano
(2) convenios voluntarios: non se suman, por estar o suscriptor contado no convenio obrigatorio
Fonte: *IMSERSO*

4.3.5.

**Persoas discapacitadas nas CC.AA. 2008: distribución segundo sexo e g**

(en miles de persoas)

| | Total | | | De 6 a 44 anos | | | De 45 a 64 anos | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| Andalucía | 716,1 | 275,2 | 440,9 | 125,1 | 66,0 | 59,1 | 200,2 | 84,3 | 115,9 |
| Aragón | 111,6 | 44,3 | 67,3 | 17,4 | 9,5 | 7,9 | 24,1 | 10,5 | 13,6 |
| Asturias | 104,5 | 36,9 | 67,7 | 13,4 | 7,8 | 5,6 | 24,3 | 9,2 | 15,1 |
| Baleares | 68,8 | 26,3 | 42,5 | 16,4 | 8,4 | 8,0 | 18,1 | 7,9 | 10,2 |
| Canarias | 135,8 | 60,0 | 75,8 | 27,9 | 15,3 | 12,6 | 40,7 | 19,0 | 21,7 |
| Cantabria | 37,5 | 14,3 | 23,2 | 5,4 | 3,6 | 1,8 | 9,4 | 3,8 | 5,6 |
| Castela e León | 255,9 | 103,3 | 152,6 | 31,6 | 16,6 | 15,0 | 49,8 | 23,7 | 26,1 |
| Castela-A Mancha | 182,9 | 71,5 | 111,4 | 23,5 | 11,6 | 11,9 | 40,3 | 20,6 | 19,7 |
| Cataluña | 511,7 | 203,2 | 308,5 | 74,8 | 48,1 | 26,7 | 137,4 | 51,7 | 85,7 |
| C. Valenciana | 452,8 | 193,2 | 259,5 | 80,7 | 48,0 | 32,7 | 117,6 | 51,0 | 66,6 |
| Estremadura | 111,0 | 42,0 | 69,0 | 16,2 | 7,5 | 8,7 | 25,5 | 11,7 | 13,8 |
| Galicia | 292,9 | 112,0 | 181,0 | 38,1 | 20,7 | 17,4 | 64,4 | 28,8 | 35,6 |
| Madrid | 434,8 | 177,3 | 257,6 | 82,3 | 48,6 | 33,7 | 106,7 | 43,5 | 63,2 |
| Murcia | 127,5 | 53,8 | 73,7 | 22,7 | 14,6 | 8,1 | 34,0 | 15,3 | 18,7 |
| Navarra | 41,6 | 17,1 | 24,5 | 5,2 | 2,8 | 2,4 | 7,9 | 4,4 | 3,5 |
| País Vasco | 169,4 | 68,2 | 101,2 | 22,1 | 13,0 | 9,1 | 43,1 | 19,9 | 23,2 |
| A Rioxa | 17,9 | 6,7 | 11,2 | 2,2 | 1,3 | 0,9 | 4,6 | 2,2 | 2,4 |
| Ceuta e Melilla | 14,7 | 6,1 | 8,6 | 3,8 | 2,2 | 1,6 | 4,0 | 1,8 | 2,2 |
| Total | 3.787,4 | 1.511,4 | 2.276,2 | 608,8 | 345,6 | 263,2 | 952,1 | 409,3 | 542,8 |

Fonte: *INE*

4.3.6.

**Persoas con discapacidade en Galicia e España 2008: distribución segundo tipo de discapacidade e sexo**

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| | *(en miles de persoas de 6 e máis anos)* | | | | | |
| **Total** | 292,9 | 112,0 | 181,0 | 3.787,4 | 1.511,3 | 2.276,2 |
| Visión | 71,5 | 25,8 | 45,6 | 979,2 | 371,4 | 607,8 |
| Audición | 84,9 | 33,9 | 51,0 | 1.064,6 | 456,1 | 608,5 |
| Comunicación | 67,3 | 27,4 | 39,9 | 737,2 | 338,5 | 398,7 |
| Aprendizaxe, aplicación de coñecementos e desenvolvemento de tarefas | 57,0 | 21,6 | 35,4 | 630,1 | 264,7 | 365,3 |
| Mobilidade | 207,3 | 67,4 | 139,9 | 2.544,1 | 885,7 | 1.658,4 |
| Autocuidado | 168,4 | 57,5 | 110,9 | 1.834,6 | 651,3 | 1.183,3 |
| Vida doméstica | 182,5 | 54,2 | 128,4 | 2.095,3 | 613,7 | 1.481,7 |
| Interaccións e relacións persoais | 52,4 | 22,2 | 30,2 | 620,9 | 291,2 | 329,7 |

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| | *(taxas / 1000 habs.)* | | | | | |
| **Total** | 112,9 | 89,8 | 134,3 | 89,7 | 72,6 | 106,3 |
| Visión | 27,6 | 20,7 | 33,9 | 23,2 | 17,8 | 28,4 |
| Audición | 32,7 | 27,2 | 37,9 | 25,2 | 21,9 | 28,4 |
| Comunicación | 26,0 | 22,0 | 29,7 | 17,5 | 16,3 | 18,6 |
| Aprendizaxe, aplicación de coñecementos e desenvolvemento de tarefas | 22,0 | 17,3 | 26,3 | 14,9 | 12,7 | 17,1 |
| Mobilidade | 79,9 | 54,1 | 103,8 | 60,3 | 42,6 | 77,5 |
| Autocuidado | 64,9 | 46,1 | 82,3 | 43,5 | 31,3 | 55,3 |
| Vida doméstica | 70,4 | 43,5 | 95,3 | 49,6 | 29,5 | 69,2 |
| Interaccións e relacións persoais | 20,2 | 17,8 | 22,4 | 14,7 | 14,0 | 15,4 |

Fonte: *INE*

4.3.7.

**grupos de idade**

| | De 65 a 79 anos | | | De 80 ou mais | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| | 233,2 | 78,1 | 155,1 | 157,7 | 46,9 | 110,8 |
| | 31,7 | 12,3 | 19,4 | 38,4 | 12,0 | 26,4 |
| | 33,1 | 12,0 | 21,1 | 33,7 | 7,9 | 25,8 |
| | 17,7 | 5,6 | 12,1 | 16,6 | 4,3 | 12,3 |
| | 39,9 | 16,2 | 23,7 | 27,2 | 9,5 | 17,7 |
| | 9,1 | 3,7 | 5,4 | 13,7 | 3,3 | 10,4 |
| | 85,9 | 33,1 | 52,8 | 88,7 | 30,0 | 58,7 |
| | 62,4 | 21,1 | 41,3 | 56,8 | 18,2 | 38,6 |
| | 165,6 | 68,7 | 96,9 | 133,9 | 34,7 | 99,2 |
| | 139,7 | 57,3 | 82,4 | 114,9 | 37,0 | 77,9 |
| | 38,0 | 12,6 | 25,4 | 31,2 | 10,1 | 21,1 |
| | 95,6 | 35,8 | 59,8 | 94,9 | 26,7 | 68,2 |
| | 133,0 | 53,3 | 79,7 | 112,8 | 31,9 | 80,9 |
| | 41,6 | 15,3 | 26,3 | 29,2 | 8,6 | 20,6 |
| | 13,3 | 5,6 | 7,7 | 15,3 | 4,3 | 11,0 |
| | 52,8 | 21,2 | 31,6 | 51,4 | 14,1 | 37,3 |
| | 4,6 | 1,6 | 3,0 | 6,5 | 1,6 | 4,9 |
| | 4,2 | 1,5 | 2,7 | 2,8 | 0,8 | 2,0 |
| | 1.201,4 | 455,0 | 746,4 | 1.025,7 | 301,9 | 723,8 |

A 1 de decembro de 2010, en Galicia existían 8.782 afiliacións obrigatorias ao convenio especial de coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia. Galicia é a sexta Comunidade Autónoma por número de afiliados a este convenio especial. O número de afiliados ao convenio de coidadores profesionais en Galicia incrementouse nos dous últimos anos un 290% pasando de 2.251 afiliados no ano 2008 a 8.782 afiliados no ano 2010; un incremento lixeiramente superior ao incremento medio estatal no mesmo período que foi do 271%.

En relación ás persoas que sofren algún tipo de **discapacidade**, no ano 2008 en Galicia residen 293 mil persoas con discapacidades, das que o 65% teñen máis de 65 anos. O 70,8% das persoas discapacitadas galegas teñen discapacidades asociadas á mobilidade. Neste senso a taxa de persoas con discapacidades de mobilidade por cada 1.000 habitantes é en Galicia do 79,9 por mil, fronte ao 60,3 por mil de media no Estado.

**Persoas discapacitadas en Galicia e España 2008: distribución segundo tipo de axuda e sexo**

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| | (en miles de persoas de 6 e máis anos) | | | | | |
| **Total** | 292,9 | 112,0 | 181,0 | 3.787,4 | 1.511,3 | 2.276,2 |
| Sen axudas | 78,7 | 35,7 | 43,0 | 1.012,1 | 484,0 | 528,1 |
| So asistencia ou axuda persoal | 82,1 | 30,5 | 51,7 | 1.099,2 | 375,8 | 723,3 |
| So axudas técnicas | 34,3 | 14,6 | 19,7 | 443,2 | 205,8 | 237,3 |
| Ambos tipos de axuda | 88,0 | 26,8 | 61,2 | 984,0 | 328,2 | 655,8 |
| Non consta | 9,8 | 4,4 | 5,4 | 249,0 | 117,4 | 131,6 |

Fonte: *INE*

4.3.8.

**Persoas discapacitadas 2010** (1)

| | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| **Poboación discapacitada** | 216.722 | 93.404 | 20.955 | 25.287 | 77.126 |
| **Grupos de idade** | | | | | |
| Menos de 6 anos | 977 | | | | |
| De 7 a 15 anos | 3.076 | | | | |
| De 16 a 29 anos | 9.464 | | | | |
| De 30 a 49 anos | 40.707 | | | | |
| De 50 a 64 anos | 55.033 | | | | |
| De 65 a 74 anos | 40.546 | | | | |
| Máis de 75 anos | 66.960 | | | | |
| Non consta | 9 | | | | |
| **Tipo de discapacidade** | 273.480 | 122.205 | 29.916 | 22.986 | 98.373 |
| física | 157.786 | 72.095 | 15.641 | 12.521 | 57.529 |
| sensorial | 39.433 | 16.962 | 4.773 | 3.514 | 14.184 |
| psíquica | 76.621 | 33.148 | 9.502 | 6.951 | 26.660 |

(1) persoas con discapacidade recoñecida, igual ou superior ó 33%

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

4.3.9.

Tal como se mostra no **cadro 4.3.8.**, o 27% das persoas discapacitadas en Galicia no ano 2008, (78.700 persoas), non reciben ningún tipo de axuda, 82.100 persoas reciben asistencia ou axuda persoal, 34.300 axudas técnicas, e 88.000 ambos tipos de axudas, asistenciais e técnicas (o 30% das persoas discapacitadas residentes en Galicia).

No ano 2010, segundo datos da Consellería de Traballo e Benestar, o número de persoas con discapacidade recoñecida, igual ou superior ao 33%, en Galicia, ascendeu a 216.722 persoas (**cadro 4.3.9.**), das que case o 50% teñen máis de 65 anos. Por tipo de discapacidade, 158 mil persoas teñen unha discapacidade física, 77 mil unha discapacidade psíquica e 39 mil unha discapacidade sensorial.

En relación á **contratación** de persoas con algún tipo de discapacidade, en Galicia no ano 2010 iniciáronse 653.072 contratos, dos que 481 foron dos denominados contratos con persoas con discapacidade e 915 contratos dos chamados temporais de persoas con discapacidade; o que supón que 7,4 e 14 contratos de cada 10.000 contratos iniciais firmados no ano 2010 en Galicia son con persoas con discapacidade e temporais con persoas con discapacidade, respectivamente. Galicia é a oitava Comunidade Autónoma por porcentaxe de contratación non temporal a persoas con discapacidade (**cadro 4.3.10.**).

Por sectores 406 dos 481 contratos non temporais con persoas con discapacidade (84,4%), son do sector servizos, porcentaxe lixeiramente superior á media estatal

**Contratos de traballo iniciais para persoas discapacitadas nas CC.AA. 2010: distribución segundo tipo e sexo**

| | Total | | | Contratos persoas con discapacidade | | | Contratos temporais persoas con discapacidades | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| Andalucía | 3.497.594 | 1.978.970 | 1.518.624 | 1.055 | 655 | 400 | 2.794 | 1.716 | 1.078 |
| Aragón | 371.476 | 202.146 | 169.330 | 273 | 136 | 137 | 416 | 264 | 152 |
| Asturias | 260.971 | 121.751 | 139.220 | 358 | 195 | 163 | 334 | 216 | 118 |
| Baleares | 294.406 | 154.423 | 139.983 | 264 | 155 | 109 | 269 | 150 | 119 |
| Canarias | 524.491 | 259.972 | 264.519 | 298 | 154 | 144 | 614 | 381 | 233 |
| Cantabria | 148.583 | 68.202 | 80.381 | 106 | 57 | 49 | 164 | 100 | 64 |
| Castela-A Mancha | 576.780 | 348.036 | 228.744 | 370 | 245 | 125 | 414 | 275 | 139 |
| Castela e León | 627.530 | 320.503 | 307.027 | 376 | 243 | 133 | 806 | 492 | 314 |
| Cataluña | 2.078.286 | 1.062.130 | 1.016.156 | 1.324 | 805 | 519 | 2.615 | 1.598 | 1.017 |
| C. Valenciana | 1.258.700 | 708.441 | 550.259 | 1.002 | 598 | 404 | 1.298 | 833 | 465 |
| Estremadura | 436.073 | 259.808 | 176.265 | 210 | 136 | 74 | 261 | 163 | 98 |
| Galicia | 653.072 | 339.880 | 313.192 | 481 | 286 | 195 | 915 | 562 | 353 |
| A Coruña | 277.162 | 141.391 | 135.771 | 182 | 111 | 71 | 412 | 255 | 157 |
| Lugo | 59.894 | 30.424 | 29.470 | 56 | 33 | 23 | 92 | 50 | 42 |
| Ourense | 54.403 | 27.858 | 26.545 | 64 | 38 | 26 | 87 | 57 | 30 |
| Pontevedra | 261.613 | 140.207 | 121.406 | 179 | 104 | 75 | 324 | 200 | 124 |
| Madrid | 1.630.597 | 865.401 | 765.196 | 1.224 | 688 | 536 | 1.685 | 984 | 701 |
| Murcia | 526.769 | 339.232 | 187.537 | 377 | 259 | 118 | 610 | 391 | 219 |
| Navarra | 208.397 | 107.365 | 101.032 | 97 | 63 | 34 | 208 | 135 | 73 |
| País Vasco | 688.717 | 332.956 | 355.761 | 265 | 173 | 92 | 919 | 591 | 328 |
| A Rioxa | 99.400 | 57.063 | 42.337 | 66 | 29 | 37 | 139 | 108 | 31 |
| Ceuta e Melilla | 36.291 | 17.067 | 19.224 | 39 | 19 | 20 | 24 | 13 | 11 |
| Estranxeiro | 9.579 | 7.314 | 2.265 | - | - | - | - | - | - |
| Total | 13.927.712 | 7.550.660 | 6.377.052 | 8.185 | 4.896 | 3.289 | 14.485 | 8.972 | 5.513 |

Fonte: *Servicio Público de Empleo Estatal*

4.3.10.

(82,6%); no mesmo senso, o 79% dos contratos temporais con persoas con discapacidade están localizados no sector servizos. Finalmente salientar que dos 27.552 contratos convertidos en indefinidos no ano 2010 en Galicia, 210 eran contratos de persoas discapacitadas.

No que respecta á poboación matriculada en Educación Especial Específica, en Galicia hai 1.169 alumnos, 296 en E. Infantil, 523 en E. Básica, 45 en E. secundaria e 305 en transición á vida adulta. O 44,4% dos alumnos matriculados en E. Especial Específica teñen unha discapacidade psíquica, e o 22,2% trastornos graves que inclúe trastornos xeneralizados do desenvolvemento e trastornos graves de conduta, personalidade e comportamento (**cadros 4.3.11.** e **4.3.12.**).

## Pobreza e cohesión social

O II Plan Galego de Inclusión Social (2007-2013) é o principal instrumento de loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia. Na estratexia do II Plan Galego de Inclusión Social vertébranse medidas e recursos específicos do plan con outros externos, tanto públicos como privados.

Ademais, o II Plan Galego de Inclusión Social integra as seguintes medidas específicas como liñas estratéxicas de actuación para abordar a multidimensionalidade dos factores que inciden nas situacións de pobreza e exclusión:

- Plan Especial para a Convivencia e Integración do Pobo Xitano en Galicia.
- Programa de Atención a Persoas Sen Teito e Situacións de Pobreza Cronificada.
- Colaboración activa de máis de 60 entidades e ONG, que realizan, en coordinación coa Rede de equipos e con apoio económico da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, accións favorecedoras para integración social e laboral das persoas pertencentes a colectivos en exclusión social.
- Módulo de preparación para a liberdade no Centro Penitenciario de Teixeiro (A Coruña).
- Intervencións con enfoque territorial.

**Alumnado matriculado en Educación Especial Específica nas CC.AA. 2009-10: distribución segundo**

| | Total | | | Educación infantil | | | Educación básica | | | Educación secundaria | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mujeres | Total | Homes | Mujeres | Total | Homes | Mujeres | Total | Homes | Mujeres |
| **Andalucía** | 6.070 | 3.907 | 2.163 | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| **Aragón** | 867 | 522 | 345 | 146 | 78 | 68 | 607 | 378 | 229 | - | - | - |
| **Asturias** | 537 | 321 | 216 | 81 | 48 | 33 | 338 | 211 | 127 | - | - | - |
| **Baleares** | 515 | 353 | 162 | 31 | 25 | 6 | 394 | 262 | 132 | - | - | - |
| **Canarias** | 1.517 | 934 | 583 | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| **Cantabria** | 295 | 172 | 123 | 17 | 7 | 10 | 199 | 115 | 84 | - | - | - |
| **Castela-A Mancha** | 1.170 | 718 | 452 | 75 | 46 | 29 | 817 | 492 | 325 | - | - | - |
| **Castela e León** | 1.143 | 690 | 453 | 90 | 53 | 37 | 730 | 454 | 276 | - | - | - |
| **Cataluña** | 6.615 | 4.153 | 2.462 | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| **C. Valenciana** | 2.704 | 1.677 | 1.027 | 383 | 224 | 159 | 837 | 529 | 308 | 728 | 470 | 258 |
| **Estremadura** | 700 | 443 | 257 | 32 | 27 | 5 | 397 | 257 | 140 | - | - | - |
| **Galicia** | 1.169 | 760 | 409 | 296 | 173 | 123 | 523 | 358 | 165 | 45 | 33 | 12 |
| **A Coruña** | 567 | 359 | 208 | 108 | 62 | 46 | 206 | 130 | 76 | 21 | 15 | 6 |
| **Lugo** | 64 | 42 | 22 | 13 | 8 | 5 | 29 | 19 | 10 | - | - | - |
| **Ourense** | 79 | 63 | 16 | 6 | 6 | - | 73 | 57 | 16 | - | - | - |
| **Pontevedra** | 459 | 296 | 163 | 169 | 97 | 72 | 215 | 152 | 63 | 24 | 18 | 6 |
| **Madrid** | 4.405 | 2.639 | 1.766 | 449 | 287 | 162 | 2.908 | 1.759 | 1.149 | - | - | - |
| **Murcia** | 1.089 | 661 | 428 | 143 | 90 | 53 | 719 | 447 | 272 | - | - | - |
| **Navarra** | 461 | 261 | 200 | 24 | 16 | 8 | 396 | 226 | 170 | - | - | - |
| **País Vasco** | 1.069 | 662 | 407 | 59 | 41 | 18 | 369 | 232 | 137 | 208 | 124 | 84 |
| **A Rioxa** | 143 | 83 | 60 | 22 | 9 | 13 | 74 | 42 | 32 | - | - | - |
| **Ceuta e Melilla** | 174 | 97 | 77 | 19 | 12 | 7 | 129 | 71 | 58 | - | - | - |
| **Total** | 30.643 | 19.053 | 11.590 | 1.867 | 1.136 | 731 | 9.437 | 5.833 | 3.604 | 981 | 627 | 354 |

Fonte: *Ministerio de Educación*

4.3.11.

**Alumnado matriculado en Educación Especial Específica nas CC.AA. 2009-10: distribució**

| | Total | Auditiva | Motora | Discapacidade psíquica | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | Lixeira | Media | Severa | Profunda | Non distribuido |
| **Andalucía** | 6.070 | 241 | 1.135 | 355 | 806 | 393 | 193 | 1.273 |
| **Aragón** | 867 | 101 | 9 | 6 | 175 | 84 | 6 | - |
| **Asturias** | 537 | 1 | 46 | 16 | 164 | 21 | 1 | - |
| **Baleares** | 515 | 8 | 5 | 25 | 94 | 38 | 2 | - |
| **Canarias** | 1.517 | 1 | 5 | 1 | 328 | - | 337 | - |
| **Cantabria** | 295 | 2 | 3 | 21 | 67 | 22 | 12 | - |
| **Castela-A Mancha** | 1.170 | - | 6 | 37 | 287 | 126 | 8 | - |
| **Castela e León** | 1.143 | 3 | 14 | 70 | 254 | 82 | 20 | - |
| **Cataluña** | 6.615 | 78 | 407 | 745 | 1.551 | 924 | 418 | - |
| **C. Valenciana** | 2.704 | - | - | - | 746 | 288 | 29 | - |
| **Estremadura** | 700 | 3 | 2 | 45 | 137 | 59 | 1 | - |
| **Galicia** | 1.169 | 39 | 2 | 151 | 238 | 107 | 23 | - |
| **A Coruña** | 567 | 37 | 1 | 57 | 155 | 48 | 5 | - |
| **Lugo** | 64 | - | 1 | 10 | 5 | 3 | 1 | - |
| **Ourense** | 79 | 1 | - | 10 | 12 | 4 | 1 | - |
| **Pontevedra** | 459 | 1 | - | 74 | 66 | 52 | 16 | - |
| **Madrid** | 4.405 | 66 | 34 | 155 | 1.605 | 314 | 16 | - |
| **Murcia** | 1.089 | 5 | 10 | 45 | 213 | 98 | 3 | - |
| **Navarra** | 461 | 3 | 10 | 106 | 86 | 32 | 6 | - |
| **País Vasco** | 1.069 | 8 | 148 | 340 | 142 | 65 | 19 | - |
| **A Rioxa** | 143 | - | - | - | 17 | 8 | - | - |
| **Ceuta e Melilla** | 174 | - | - | 11 | 46 | 20 | 3 | - |
| **Total** | 30.643 | 559 | 1.836 | 2.129 | 6.956 | 2.681 | 1.097 | 1.273 |

(1) inclúe "Trastornos xeralizados do desenvolvemento" e "Trastornos graves de conducta/personalidade/comportamento"

Fonte: *Ministerio de Educación*

4.3.12.

o tipo de ensino e sexo

| Transición á vida adulta | | | No distribuido por ensinanza | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Total | Homes | Mujeres | Total | Homes | Mujeres |
| 57 | 39 | 18 | 6.013 | 3.868 | 2.145 |
| 114 | 66 | 48 | - | - | - |
| 118 | 62 | 56 | - | - | - |
| 90 | 66 | 24 | - | - | - |
| - | - | - | 1.517 | 934 | 583 |
| 79 | 50 | 29 | - | - | - |
| 278 | 180 | 98 | - | - | - |
| 323 | 183 | 140 | - | - | - |
| - | - | - | 6.615 | 4.153 | 2.462 |
| 756 | 454 | 302 | - | - | - |
| 271 | 159 | 112 | - | - | - |
| 305 | 196 | 109 | - | - | - |
| 232 | 152 | 80 | - | - | - |
| 22 | 15 | 7 | - | - | - |
| - | - | - | - | - | - |
| 51 | 29 | 22 | - | - | - |
| 1.048 | 593 | 455 | - | - | - |
| 227 | 124 | 103 | - | - | - |
| 41 | 19 | 22 | - | - | - |
| 433 | 265 | 168 | - | - | - |
| 47 | 32 | 15 | - | - | - |
| 26 | 14 | 12 | - | - | - |
| 4.213 | 2.502 | 1.711 | 14.145 | 8.955 | 5.190 |

ón segundo tipo de discapacidade

| Visual | Trastornos graves (1) | Plurideficiencia | Non distribuido por discapacidade |
|---|---|---|---|
| 101 | 1.485 | - | 88 |
| - | 150 | 336 | - |
| 1 | 118 | 169 | - |
| 1 | 164 | 178 | - |
| 1 | 334 | 487 | 23 |
| - | 62 | 106 | - |
| 1 | 225 | 480 | - |
| - | 104 | 596 | - |
| 41 | 1.845 | - | 606 |
| - | 602 | 1.006 | 33 |
| 1 | 114 | 338 | - |
| 10 | 260 | 339 | - |
| 5 | 143 | 116 | - |
| - | 12 | 32 | - |
| 1 | 14 | 36 | - |
| 4 | 91 | 155 | - |
| 44 | 748 | 1.423 | - |
| - | 278 | 437 | - |
| - | 47 | 171 | - |
| - | 134 | 49 | 164 |
| - | 33 | 85 | - |
| - | 37 | 57 | - |
| 201 | 6.740 | 6.257 | 914 |

- Revisión e mellora do sistema de rendas mínimas para a inclusión social.

O ingreso medio mensual por fogar en Galicia no ano 2009 (**cadro 4.3.13.**), foi de 2.010 euros, un 0,8% menor que o rexistrado no ano 2007 (2.026 euros); o ingreso por persoa foi de 765 euros no ano 2009, un 2,3% superior ao de 2007 (748 euros). O 20% dos fogares galegos no citado ano 2009 tiñan uns ingresos medios mensuais entre 1.000 e 1.500 euros, cando o gasto medio mensual por fogar en hipoteca da vivenda principal no ano 2009 foi de 467,7 euros.

Comparando entre Comunidades Autónomas, no ano 2008 (último dispoñible), o 43,3% dos fogares galegos, tiñan uns ingresos anuais inferiores a 19.000 euros, sendo a sétima Comunidade Autónoma cunha maior porcentaxe de fogares na citada franxa de ingresos pola contra o 20,2% dos fogares galegos tiñan uns ingresos superiores a 35.000 euros anuais, sendo Galicia a quinta comunidade con menor porcentaxe de fogares nesa franxa de ingresos por diante de Estremadura (13,6%), Andalucía (17,8%), Canarias (18,7%) e Castela - A Mancha (20,1%) (**cadro 4.3.15.**).

O 31% dos fogares galegos no ano 2009 obtiñan ingresos exclusivamente por prestacións, porcentaxe que ascende ata o 65,5% no caso dos fogares unipersoais. En relación ao grado de dificultade para chegar a fin de mes, o 60,5% dos fogares galegos no ano 2009 tiñan algún grado de dificultade para chegar a fin de mes, fronte ao 59% de media no conxunto do Estado, Galicia é a sétima comunidade autónoma cunha maior porcentaxe de fogares nesta situación, por detrás de Murcia (75,1%), Canarias (72,8%), Andalucía (68,7%), Estremadura (64,7%), Cataluña (61,8%) e C. Valenciana (60,9%) (**cadro 4.3.16.**). Preto do 50% dos fogares galegos con ingresos medios mensuais entre 600 e 2.000 euros afirman chegar a fin de mes con dificultade.

No último trimestre do ano 2010, segundo datos da EPA, existían en Galicia 21.700 vivendas familiares onde ningún dos seus membros percibía ingresos, das que 2.700 estaban compostas por catro ou máis membros. O número de vivendas familiares nas que só un membro percibe ingresos é de 382.200, o 37,2% do total.

## Ingresos medios mensuais por fogar e por persoa 2007-09

| | Ingresos por fogar | | | Ingresos por persoa | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2007 | 2008 | 2009 | 2007 | 2008 | 2009 |
| | | | | *(en euros)* | | |
| **Total** | 2.026 | 2.029 | 2.010 | 748 | 761 | 765 |
| **A Coruña** | 2.131 | 2.152 | 2.098 | 782 | 802 | 794 |
| **Lugo** | 1.927 | 1.969 | 1.938 | 745 | 772 | 772 |
| **Ourense** | 1.752 | 1.659 | 1.729 | 722 | 693 | 732 |
| **Pontevedra** | 2.049 | 2.052 | 2.041 | 718 | 730 | 738 |

Fonte: *IGE*

4.3.13.

## Fogares 2009: distribución segundo intervalo de ingresos

| | ata 400€ | 400,01 a 600€ | 600,01 a 1000€ | 1000,01 a 1500€ | 1500,01 a 2000€ | 2000,01 a 2500€ | 2500,01 a 3000€ | 3000 a 4000€ | máis de 4000€ |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | *(%)* | | | | |
| **Total** | 2,01 | 4,36 | 15,90 | 20,05 | 16,43 | 14,50 | 9,30 | 10,07 | 7,38 |
| **A Coruña** | 1,60 | 3,87 | 14,21 | 19,15 | 16,28 | 15,84 | 9,88 | 10,84 | 8,34 |
| **Lugo** | 2,66 | 4,80 | 18,38 | 19,27 | 16,93 | 12,63 | 8,28 | 10,24 | 6,80 |
| **Ourense** | 2,49 | 7,15 | 22,33 | 22,07 | 15,56 | 9,90 | 8,24 | 7,59 | 4,68 |
| **Pontevedra** | 2,07 | 3,67 | 14,42 | 20,67 | 16,78 | 15,42 | 9,42 | 10,05 | 7,50 |

Fonte: *IGE*

4.3.14.

## Ingresos anuais dos fogares nas CCAA 2008

| | Total | Ata 9.000 € | De 19.000 a 25.000 € | De 25.000 a 35.000 € | Máis de 35.000 € |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en miles de fogares)* | | |
| **Andalucía** | 2.884,3 | 17,4 | 16,6 | 17,4 | 17,8 |
| **Aragón** | 507,0 | 11,0 | 14,2 | 21,8 | 27,4 |
| **Asturias** | 415,4 | 12,3 | 15,4 | 22,4 | 25,5 |
| **Baleares** | 409,3 | 13,5 | 11,2 | 19,9 | 30,8 |
| **Canarias** | 742,0 | 20,2 | 15,9 | 19,6 | 18,7 |
| **Cantabria** | 210,6 | 11,4 | 10,6 | 24,3 | 28,2 |
| **Castela-A Mancha** | 721,2 | 17,3 | 12,9 | 20,9 | 20,1 |
| **Castela e León** | 975,2 | 14,1 | 15,4 | 17,7 | 22,8 |
| **Cataluña** | 2.779,2 | 10,0 | 15,1 | 20,5 | 29,6 |
| **C. Valenciana** | 1.895,8 | 12,4 | 17,7 | 19,8 | 22,6 |
| **Estremadura** | 387,2 | 24,0 | 14,5 | 14,4 | 13,6 |
| **Galicia** | 1.021,5 | 13,3 | 15,5 | 21,0 | 20,2 |
| **Madrid** | 2.298,9 | 8,9 | 13,6 | 18,3 | 36,8 |
| **Murcia** | 493,4 | 14,8 | 16,9 | 16,9 | 20,2 |
| **Navarra** | 230,2 | 7,3 | 10,7 | 22,8 | 39,9 |
| **País Vasco** | 846,0 | 8,5 | 14,4 | 18,6 | 37,4 |
| **A Rioxa** | 118,5 | 11,7 | 15,8 | 21,4 | 20,8 |
| **Ceuta e Melilla** | 43,2 | 22,9 | 12,3 | 14,5 | 28,6 |
| **Total** | 16.978,9 | 13,2 | 15,2 | 19,3 | 25,6 |

Fonte: *INE*

4.3.15.

### Vivendas familiares 2009-2010 (1) : distribución segundo número de perceptores de ingresos e número de persoas

| | Total | | unha persoa | | dúas persoas | | tres persoas | | catro persoas | | cinco ou máis persoas | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2009 | 2010 | 2009 | 2010 | 2009 | 2010 | 2009 | 2010 | 2009 | 2010 | 2009 | 2010 |
| | (en miles de vivendas) | | | | | | | | | | | |
| **Perceptores de ingresos** | 1010,3 | 1026,5 | 195,5 | 206,9 | 294,6 | 307,7 | 243,8 | 244,1 | 186,9 | 178,8 | 89,6 | 89,0 |
| **0** | 16,3 | 21,7 | 8,8 | 12,4 | 4,4 | 4,6 | 1,8 | 2,1 | 1,2 | 1,9 | 0,1 | 0,8 |
| **1** | 356,6 | 382,2 | 186,7 | 194,4 | 93,5 | 106,2 | 41,0 | 43,4 | 29,1 | 32,0 | 6,3 | 6,2 |
| **2** | 436,0 | 438,8 | | | 196,6 | 197,0 | 134,8 | 134,5 | 88,5 | 87,8 | 16,2 | 19,6 |
| **3** | 136,0 | 125,1 | | | | | 66,3 | 64,2 | 42,5 | 35,5 | 27,2 | 25,5 |
| **4 e máis** | 65,4 | 58,7 | | | | | | | 25,6 | 21,6 | 39,8 | 37,1 |

Fonte: *IGE*

**4.3.16.**

### Grao de dificultade para chegar a fin de mes nas CC.AA. 2007-09

| | Con algún grado de dificultade | | | Con algún grado de facilidade | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2007 | 2008 | 2009 | 2007 | 2008 | 2009 |
| | (%) | | | (%) | | |
| **Andalucía** | 66,7 | 69,9 | 68,7 | 33,3 | 30,1 | 31,3 |
| **Aragón** | 34,4 | 41,1 | 32,7 | 65,6 | 58,9 | 67,3 |
| **Asturias** | 43,2 | 43,3 | 48,0 | 56,8 | 56,7 | 52,0 |
| **Baleares** | 50,6 | 53,7 | 57,9 | 49,4 | 46,3 | 42,1 |
| **Canarias** | 77,5 | 78,3 | 72,8 | 22,5 | 21,7 | 27,2 |
| **Cantabria** | 49,9 | 61,2 | 46,4 | 50,1 | 38,8 | 53,6 |
| **Castela-A Mancha** | 61,3 | 65,9 | 57,8 | 38,7 | 34,1 | 42,2 |
| **Castela e León** | 48,2 | 51,6 | 52,9 | 51,8 | 48,4 | 47,1 |
| **Cataluña** | 56,6 | 61,4 | 61,8 | 43,4 | 38,6 | 38,2 |
| **C. Valenciana** | 58,0 | 60,6 | 60,9 | 42,0 | 39,4 | 39,1 |
| **Estremadura** | 63,2 | 64,4 | 64,7 | 36,8 | 35,6 | 35,3 |
| **Galicia** | 61,3 | 59,6 | 60,5 | 38,7 | 40,4 | 39,5 |
| **Madrid** | 50,9 | 56,7 | 52,9 | 49,1 | 43,3 | 47,1 |
| **Murcia** | 62,5 | 67,3 | 75,1 | 37,5 | 32,7 | 24,9 |
| **Navarra** | 33,7 | 37,4 | 37,7 | 66,3 | 62,6 | 62,3 |
| **País Vasco** | 47,3 | 41,6 | 43,3 | 52,7 | 58,4 | 56,7 |
| **A Rioxa** | 39,6 | 54,7 | 50,2 | 60,4 | 45,3 | 49,8 |
| **Ceuta e Melilla** | 57,5 | 54,8 | 66,6 | 42,5 | 45,2 | 33,4 |
| **Total** | 56,8 | 60,0 | 59,0 | 43,2 | 40,0 | 41,0 |

Fonte: *INE*

**4.3.17.**

### Índice de Gini en Galicia e España 2007-2009

| | 2007 | 2008 | 2009 |
|---|---|---|---|
| **Galicia** | 0,275 | 0,272 | 0,278 |
| **A Coruña** | 0,271 | 0,272 | 0,277 |
| **Lugo** | 0,276 | 0,284 | 0,276 |
| **Ourense** | 0,286 | 0,279 | 0,288 |
| **Pontevedra** | 0,272 | 0,261 | 0,274 |
| **España** | 0,313 | 0,312 | 0,323 |

**(1) o índice de Gini mide a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo a partir do ingreso equivalente por persoa sendo éste o ingreso equivalente do fogar ó que pertence**

Fonte: *IGE*

**4.3.18.**

## Persoas por baixo do limiar da pobreza nas CC.AA. 2004-09

| | 2004 | 2009 |
|---|---|---|
| | (%) | |
| Andalucía | 31,1 | 29,3 |
| Aragón | 12,5 | 12,7 |
| Asturias | 12,6 | 12,8 |
| Baleares | 15,2 | 17,3 |
| Canarias | 24,1 | 27,5 |
| Cantabria | 11,9 | 13,9 |
| Castela-A Mancha | 29,4 | 27,4 |
| Castela e León | 25,1 | 19,2 |
| Cataluña | 12,5 | 12,9 |
| C. Valenciana | 19,6 | 17,3 |
| Estremadura | 37,0 | 36,2 |
| Galicia | 21,2 | 19,1 |
| Madrid | 9,5 | 13,6 |
| Murcia | 24,5 | 28,6 |
| Navarra | 12,7 | 7,4 |
| País Vasco | 11,2 | 9,4 |
| A Rioxa | 18,5 | 22,7 |
| Ceuta e Melilla | 37,3 | 36,6 |
| Total | 19,9 | 19,5 |

(1) o limiar pobreza establéces no 60% da mediana de ingresos equivalentes

Fonte: *INE*

4.3.19.

## Taxas de risco da pobreza en Galicia e España 2009: distribución segundo sexo e grupos de idade

| | Galicia | España |
|---|---|---|
| | (%) | |
| **Total** | 14,32 | 19,50 |
| 0 a 15 anos | 18,55 | 23,30 |
| 16 a 24 anos | 16,95 | 21,00 |
| 25 a 49 anos | 12,43 | 16,20 |
| 50 a 64 anos | 13,90 | 17,30 |
| 65 ou más anos | 14,51 | 25,20 |
| **Homes** | 13,93 | 18,30 |
| 0 a 15 anos | 19,40 | 22,10 |
| 16 a 24 anos | 15,93 | 20,30 |
| 25 a 49 anos | 11,75 | 15,40 |
| 50 a 64 anos | 14,04 | 17,20 |
| 65 ou más anos | 13,49 | 22,60 |
| **Mulleres** | 14,69 | 20,60 |
| 0 a 15 anos | 17,66 | 24,60 |
| 16 a 24 anos | 18,02 | 21,60 |
| 25 a 49 anos | 13,10 | 17,10 |
| 50 a 64 anos | 13,77 | 17,50 |
| 65 ou más anos | 15,25 | 27,10 |

(1) a taxa de risco da pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso inferior ó limiar de risco de pobreza, establecido no 60% da mediana de ingresos equivalentes

Fonte: *INE* e *IGE*

4.3.20.

**Taxas de risco da pobreza 2007-2009 (1): distribución segundo nacionalidade**

| | Total | nacionalidade española | nacionalidade estranxeira |
|---|---|---|---|
| | | (%) | |
| **2007** | 14,63 | 14,38 | 25,87 |
| **2008** | 13,88 | 13,40 | 33,29 |
| **2009** | 14,32 | 13,68 | 42,44 |

(1) a taxa de risco da pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso inferior ó limiar de risco de pobreza, establecido no 60% da mediana de ingresos equivalentes
Fonte: *INE* e *IGE*

4.3.21.

Un xeito de medir o grado de desigualdade na distribución dos ingresos é a través do coeficiente de Gini, que varía entre 0 e 1, onde o valor 0 se corresponde coa perfecta igualdade e o valor 1 coa perfecta desigualdade. Tendo isto en conta, o **cadro 4.3.18.** mostra como o índice de Gini mantense en Galicia practicamente estable en torno ano 0,27 desde o ano 2007, fronte ao índice estatal (0,32) que mostra unha maior desigualdade na distribución dos ingresos.

Si establecemos o limiar de pobreza no 60% da renda mediana nacional equivalente, en Galicia no ano 2009, a porcentaxe de persoas que viven en fogares con unha renda total equivalente inferior é do 19,1%, fronte ao 21,2% que había no ano 2004. Galicia é a oitava Comunidade Autónoma cunha maior porcentaxe de persoas por baixo do limiar da pobreza por detrás de Estremadura (36,2%), Andalucía (29,3%), Murcia (28,6%), Canarias (27,5%), Castela–A Mancha (27,4%) e A Rioxa (22,7%) (**cadro 4.3.19.**).

A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza, isto é, inferior ao 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas, tomando como ingreso equivalente de cada persoa o do fogar ao que pertencen. A taxa de risco de pobreza no ano 2009 en Galicia foi do 14,3% (12,5% no ano 1999), fronte ao 19,5% no conxunto do Estado. Esta taxa é máis elevada en mulleres que en homes (14,7% fronte a 13,9%) e tamén é máis elevada para persoas menores de 24 anos. Un aspecto relevante en canto resulta determinante dos ingresos e da taxa de risco de pobreza son as taxas de desemprego de longa duración, historicamente superiores para as mulleres que para os homes e que no ano 2010 eran do 5,9% e o 5,1%, respectivamente, cando no ano 2009 eran do 4,2% para as mulleres e do 2,5% para os homes.

Por nacionalidade, no **cadro 4.3.21.** pode observarse como o 42,4% da poboación con nacionalidade estranxeira ten un ingreso inferior ao limiar de risco de pobreza, fronte ao 13,7% da poboación con nacionalidade española.

Un dos elementos que tratan de paliar as situacións de pobreza e exclusión son as **rendas de integración social.**

O número total de beneficiarios da renda de integración social de Galicia (Risga) a 31 de decembro de 2010 situouse nas 4.989 persoas, 191 beneficiarios máis que na mesma data do ano anterior. A lei 9/1991, modificada pola lei 1/1999 do 5 de febreiro, e modificada pola lei 16/2004, do 29 de decembro, no seu artigo 11, establece que a prestación económica da Renda e Integración Social de Galicia estará integrada por un subsidio básico, un complemento variable en función dos membros que compoñen a unidade de convivencia e, se é o caso un complemento de inserción.

Atendendo a estas diferenzas, as modalidades de percepción das 4.989 persoas beneficiarias da Risga no ano 2010, son as seguintes: 2.364 persoas perciben o subsidio básico, 1.723 beneficiarios perciben o subsidio básico máis algún complemento familiar, 267 beneficiarios perciben o subsidio básico máis algún complemento familiar e o complemento de inserción, 372 beneficiarios perciben o subsidio básico máis o complemento de

**Risga e Axudas de Emerxencia Social 2010: beneficiarios e pagos** (1)

| | Beneficiarios | | Importes totais das nóminas | | Importes medios | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Risga | AES | Risga | AES | Risga | AES |
| | | | | (en €) | | |
| **Total** | 4.989 | 3.041 | 1.916.153,7 | 3.000.145,4 | 384,08 | 986,57 |
| A Coruña | 1.529 | 693 | 605.596,8 | 604.718,9 | 396,07 | 872,61 |
| Lugo | 468 | 364 | 171.977,9 | 472.576,6 | 367,47 | 1.298,29 |
| Ourense | 779 | 413 | 295.177,4 | 669.645,3 | 378,92 | 1.621,42 |
| Pontevedra | 2.213 | 1.571 | 843.401,6 | 1.253.204,6 | 381,11 | 797,71 |

(1) os datos dos importes corresponden ó mes de decembro

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

4.3.22.

**Risga e Axudas de Emerxencia Social 2009-10: solicitudes**

| | 2009 | | | 2010 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Risga | AES | Total | Risga | AES |
| **Solicitudes a resolver** | 8.791 | 4.070 | 4.721 | 9.550 | 4.420 | 5.130 |
| presentadas no ano | 7.750 | 3.536 | 4.214 | 7.789 | 3.638 | 4.151 |
| pendentes do ano anterior | 1.041 | 534 | 507 | 1.761 | 782 | 979 |
| **Solicitudes resoltas** | 7.031 | 3.289 | 3.742 | 8.524 | 3.812 | 4.712 |
| estimadas | 4.516 | 2.106 | 2.410 | 5.357 | 2.316 | 3.041 |
| desestimadas e/ou arquivadas | 2.515 | 1.183 | 1.332 | 3.167 | 1.496 | 1.671 |
| **Solicitudes present. / resoltas** *(%)* | 80,0 | 80,8 | 79,3 | 89,3 | 86,2 | 91,9 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

4.3.23.

**Risga e Axudas de Emerxencia Social 2009-10: solicitudes rexistradas nas delegacións provinciais**

| | Risga | | AES | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2009 | 2010 | 2009 | 2010 | 2009 | 2010 |
| **Total** | 3.536 | 3.638 | 4.214 | 4.151 | 7.750 | 7.789 |
| A Coruña | 1.450 | 1.345 | 971 | 989 | 2.421 | 2.334 |
| Lugo | 368 | 327 | 552 | 481 | 920 | 808 |
| Ourense | 392 | 499 | 586 | 591 | 978 | 1.090 |
| Pontevedra | 1.326 | 1.467 | 2.105 | 2.090 | 3.431 | 3.557 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

4.3.24.

inserción e os 263 beneficiarios restantes non se atopan en ningunha das categorías sinaladas, xa que segundo a súa situación ben perciben soamente os complementos familiares ou os de inserción.

Tendo en conta que esta renda beneficia á unidade familiar, e que esta está formada por unha media de tres persoas, o número de beneficiarios desta renda de integración ascendeu no último ano a 14.967 galegos.

O informe sobre a aplicación e avaliación da lei galega de medidas básicas para a inserción social indica que o perfil xeral dos perceptores da Risga en 2010, é o dunha muller de entre 25 e 44 anos, solteira ou separada, con cargas familiares, que vive en zona urbana, nun piso de aluguer ou cedido en precario. O nivel de estudos é de primarios incompletos e atópase parada, aínda que non en procura do seu primeiro emprego, sendo este perfil igual ao existente no ano anterior.

Ao igual que en anos anteriores, cómpre salientar o predominio do sexo feminino (62,5% dos beneficiarios son

mulleres), da residencia en núcleos de máis de 50.000 habitantes (o 51,5%), e das persoas beneficiarias con idades comprendidas entre 35 e 44 anos (32,1%). En xeral, o nivel de estudios destes preceptores é moi baixo, xa que un 50,7% dos mesmos só teñen os estudios primarios incompletos, un 37,1% estudios primarios e un 3,3% carecen de estudios. No relativo á súa problemática básica, o protagonista é o desemprego: un 88,3% das persoas beneficiarias da Risga son persoas paradas que traballaron algunha vez.

O **cadro 4.3.22.** reflicte que o importe total pagado no caso da Risga ascendeu a 1.916,1 miles de euros, polo que dado o número de beneficiarios, o importe medio por beneficiarios ascendeu a 384,1 euros (378,2 euros no ano anterior).

Das 4.420 solicitudes a resolver no último ano (782 pendentes do ano anterior), foron resoltas 3.812 solicitudes (2.316 estimadas e 1.171 denegadas e 325 arquivadas), incrementándose a porcentaxe de resolución de solicitudes ata acadar o 86,2%, esta porcentaxe aumentou en 5,4 puntos porcentuais en relación co ano 2009 (**cadro 4.3.23.**).

Dos distintos proxectos dirixidos a persoas beneficiarias da Risga, o 48,3% foron de tipo mixto, é dicir, que conlevan accións tanto dos proxectos sociofamiliares como dos prelaborais. Un 29,7% inciden en proxectos prelaborais, o que indica que están deseñados coa finalidade de favorecer as condicións de acceso ao emprego, e un 15% en proxectos sociofamiliares (os que inciden nas problemáticas persoais, familiares e sociais), sendo esta porcentaxe dun 6,9% no caso dos proxectos laborais (os que fomentan hábitos de traballo e favorecen a inserción laboral).

En canto ás axudas de emerxencia social, concedéronse un total de 3.041 AES, o que implicou un gasto de 3.000,1 miles de euros. A contía media destas axudas ascendeu a 986,6 euros, oscilando o mesmo entre os 872,6 euros de A Coruña e os 1.621,4 euros de Ourense.

No último ano houbo un total de 5.130 solicitudes de AES a resolver (979 pendentes do ano anterior), das que foron resoltas 4.712 solicitudes (3.041 estimadas e 1.435 denegadas e 236 arquivadas). A igual do que sucede no caso da Risga, a porcentaxe de resolución destas axudas aumentou no último ano en 12,6 puntos porcentuais, acadando en 2010 o 91,9%.

Das 3.041 axudas concedidas ao longo do ano 2010, o 52,5% dirixíronse a cubrir gastos de necesidades primarias, o 23,7% a cubrir gastos do uso da vivenda habitual, o 19,2% das axudas foron destinadas para o equipamento básico da vivenda, e o 4,5% para o mantemento da habitabilidade ou accesibilidade.

Respecto ao perfil dos beneficiarios destas axudas de emerxencia social, cómpre salientar que un 35% reside en núcleos de máis de 50.000 habitantes, o predominio do sexo feminino (o 60,7% son mulleres) e das persoas con idades comprendidas entre 35 e 44 anos (29,3% dos perceptores) salientando tamén que un 22,7% dos beneficiarios teñen entre 25 e 34 anos. No relativo á súa situación laboral, un 64,2% corresponde a parados que nalgún momento da súa vida traballaron e un 28,4% a inactivos, e no que á vivenda se refire, o tipo de vivenda característico é o piso (o 68,5%) seguido da vivenda unifamiliar (19,6%). Un 53,8% dos beneficiarios residen en vivenda alugada e un 17,7% reside en vivenda propia, dos que a maior parte teñen aboada a referida vivenda. O 54,6% dos beneficiarios das axudas ten os estudios primarios incompletos e o 34,2% estudios primarios rematados.

### Familia e infancia

O IV Plan Integral de Apoio ás Familias 2008-2011 asume, entre outras funcións, a xestión das políticas autonómicas en materia de acción social nos sectores da familia e infancia segundo o disposto na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais; en concreto, compételle a xestión da política familiar en desenvolvemento do previsto na Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, a elaboración e seguimento dos plans integrais de apoio á familia.

O principal obxectivo que orienta a elaboración do IV Plan de Apoio ás Familias diríxese a trazar as liñas de acción, na mellora das políticas e na calidade dos servi-

**Tipoloxía de fogares 2007-09: distribución segundo o sexo da persoa principal**

| | total | home | muller |
|---|---|---|---|
| | | (%) | |
| **Unipersoal** | | | |
| **2007** | 18,79 | 11,26 | 32,15 |
| **2008** | 19,64 | 12,12 | 32,67 |
| **2009** | 19,81 | 12,81 | 30,20 |
| **Sen núcleo** | | | |
| **2007** | 2,39 | 1,81 | 3,41 |
| **2008** | 2,56 | 1,81 | 3,86 |
| **2009** | 2,13 | 1,42 | 3,19 |
| **Parella con fillos** | | | |
| **2007** | 34,76 | 43,07 | 20,02 |
| **2008** | 35,21 | 43,56 | 20,73 |
| **2009** | 34,22 | 42,96 | 21,24 |
| **Parella sen fillos** | | | |
| **2007** | 22,00 | 26,84 | 13,42 |
| **2008** | 21,42 | 24,98 | 15,26 |
| **2009** | 22,79 | 25,74 | 18,41 |
| **Monoparental** | | | |
| **2007** | 8,96 | 5,07 | 15,86 |
| **2008** | 8,64 | 5,10 | 14,79 |
| **2009** | 9,40 | 5,49 | 15,20 |
| **Un núcleo e outros** | | | |
| **2007** | 8,59 | 7,85 | 9,91 |
| **2008** | 8,49 | 8,57 | 8,37 |
| **2009** | 7,82 | 8,03 | 7,51 |
| **Varios núcleos** | | | |
| **2007** | 4,51 | 4,09 | 5,24 |
| **2008** | 4,04 | 3,87 | 4,33 |
| **2009** | 3,84 | 3,57 | 4,26 |

Fonte: *IGE*

4.3.25.

zos ás familias incorporando as seguintes claves:

- Adecuación das políticas ás necesidades prioritarias dirixidas ás familias.
- Criterios de eficiencia e de organización coordinada entre os distintos departamentos, institucións e axentes sociais.
- Implicación e corresponsabilidade de todas as institucións e axentes respecto do Plan.

No ámbito da infancia desenvólvese o Plan Estratéxico Galego da Infancia e da Adolescencia 2007-2010 que ten obxectivos estratéxicos nos ámbitos da prevención, protección e reeducación.

No que respecta ás familias e modelos familiares, o cadro **4.3.25.** mostra como o 34,2% dos fogares galegos no ano 2009 estaba constituído por parellas con fillos, seguidos de parellas sen fillos, co 22,8%, e do 20% do total, que se corresponde con fogares unipersoais. Salienta o feito de que a porcentaxe de mulleres que forman fogares unipersoais sobre o total de mulleres acada o 30%, fronte á porcentaxe dos homes, que é só do 12,8%, e fronte ás porcentaxes de mulleres e homes en fogares compostos por parellas con fillos, que é, respectivamente, do 21,2% e 43%.

En Galicia no ano 2009 celebráronse 9.931 matrimonios e producíronse 5.433 divorcios. O 34% dos matrimonios disoltos no ano 2009 tiñan unha duración de máis de vinte anos (cadros **4.3.25.** e **4.3.26.**).

No ano 2010 nacen en Galicia 22.094 nenos e nenas, tal como se sinala no capítulo 1.4 dedicado á evolución demográfica, o 4,5% dos nacementos totais do Estado no citado ano 2010, o que sitúa a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma cun maior volume de nacementos, aínda que a moita distancia da inmediatamente seguinte, por detrás de Andalucía (92.620), Cataluña (84.163), Madrid (72.617) e C. Valenciana (51.171).

No ano 2009 en Galicia, expedíronse 5.886 títulos de familia numerosa, dos que 544 son de categoría especial. A 31 de decembro de 2009 existían en Galicia 19.424 títulos de familia numerosa en vigor, o que sitúa a Galicia no sétimo lugar en canto a maior número de títulos por detrás de Cataluña (83.227), Andalucía

## Divorcios en Galicia e España 1999-2009: distribución segundo duración do matrimonio

**Galicia**

| | Total | menos de 1 ano | de 1 a 2 anos | de 3 a 5 anos | de 6 a 10 anos | de 11 a 15 anos | de 16 a 19 anos | 20 e máis anos | non consta |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **1999** | 1.939 | - | 50 | 224 | 414 | 329 | 235 | 648 | 39 |
| **2009** | 5.433 | 44 | 359 | 633 | 983 | 873 | 687 | 1.854 | - |

**España**

| | Total | menos de 1 ano | de 1 a 2 anos | de 3 a 5 anos | de 6 a 10 anos | de 11 a 15 anos | de 16 a 19 anos | 20 e máis anos | non consta |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **1999** | 36.101 | - | 936 | 4.286 | 8.257 | 6.086 | 4.094 | 10.871 | 1.571 |
| **2009** | 98.207 | 841 | 6.894 | 13.828 | 20.247 | 15.584 | 11.635 | 29.178 | - |

Fonte: *INE*

4.3.26.

## Títulos de familia numerosa 2009 (1)

| | Títulos expedidos | | | Títulos en vigor | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | categoría xeral | categoría especial | Total | categoría xeral | categoría especial |
| **Total** | 5.886 | 5.342 | 544 | 19.424 | 18.113 | 1.311 |
| **A Coruña** | 2.501 | 2.243 | 258 | 8.028 | 7.485 | 543 |
| **Lugo** | 552 | 511 | 41 | 1.827 | 1.719 | 108 |
| **Ourense** | 524 | 471 | 53 | 1.682 | 1.520 | 162 |
| **Pontevedra** | 2.309 | 2.117 | 192 | 7.887 | 7.389 | 498 |

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

4.3.27.

## Títulos de familia numerosa en vigor nas CC.AA. 2009

| | Títulos |
|---|---|
| **Andalucía** | 82.811 |
| **Aragón** | 11.988 |
| **Asturias** | - |
| **Baleares** | 12.017 |
| **Canarias** | 11.537 |
| **Cantabria** | 4.532 |
| **Castela-A Mancha** | 27.672 |
| **Castela e León** | 22.804 |
| **Cataluña** | 83.227 |
| **C. Valenciana** | 46.243 |
| **Estremadura** | 13.167 |
| **Galicia** | 19.469 |
| **Madrid** | 82.185 |
| **Murcia** | 15.497 |
| **Navarra** | 9.391 |
| **País Vasco** | 17.644 |
| **A Rioxa** | 3.818 |
| **Ceuta e Melilla** | 2.148 |
| **Total** | 466.150 |

Fonte: *INE*

4.3.28.

**Adopcións nacionais 2000-2010**

| | 2000 | | | | 2010 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | solicitudes abertas | resolucións de acollemento preadoptivo | propostas de adopción realizadas | autos de adopción producidos | solicitudes abertas | resolucións de acollemento preadoptivo | propostas de adopción realizadas | autos de adopción producidos |
| **Total** | 224 | 104 | 57 | 70 | 223 | 57 | 58 | 59 |
| **A Coruña** | 75 | 51 | 34 | 24 | 96 | 14 | 12 | 12 |
| **Lugo** | 28 | 17 | 14 | 16 | 20 | 7 | 9 | 8 |
| **Ourense** | 23 | 7 | 4 | 2 | 29 | 7 | 9 | 15 |
| **Pontevedra** | 98 | 29 | 5 | 28 | 78 | 29 | 28 | 24 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

4.3.29.

**Solicitudes de adopción internacionais 2000-10**

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| **2000** | 154 | 59 | 24 | 7 | 64 |
| **2001** | 210 | 104 | 28 | 13 | 65 |
| **2002** | 302 | 146 | 27 | 19 | 110 |
| **2003** | 397 | 176 | 48 | 17 | 156 |
| **2004** | 683 | 304 | 80 | 64 | 235 |
| **2005** | 658 | 282 | 60 | 55 | 261 |
| **2006** | 618 | 274 | 62 | 56 | 226 |
| **2007** | 509 | 208 | 64 | 47 | 190 |
| **2008** | 344 | 133 | 47 | 35 | 129 |
| **2009** | 361 | 183 | 40 | 23 | 115 |
| **2010** | 364 | 164 | 42 | 28 | 130 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

4.3.30.

(82.811), Madrid (82.185), C. Valenciana (46.243), Castela–A Mancha (27.672) e Castela e León (22.804). (cadros **4.3.27.** e **4.3.28.**).

No que respecta ás solicitudes de adopción de cidadáns galegos na última década existe un estancamento no número de solicitudes de adopcións nacionais, así estas era de 224 no ano 2000 e de 223 no ano 2010. Este estancamento confronta co incremento que se produce nas solicitudes de adopción internacional, que pasan de 154 solicitudes no ano 2000 a 364 no ano 2010, o que supón un incremento de máis do 135%.

A continuación analízanse as **prestacións e axudas** públicas no ámbito da familia e da infancia, entre as que destacan:

• Prestacións por risco durante o embarazo: Esta prestación económica trata de cubrir a perda de ingresos que se produce, cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible co seu estado, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificados. Tal como mostra o **cadro 4.3.31.**, no ano 2010 prodúcese un incremento dos procesos en vigor tanto no que respecta ás traballadoras por conta allea (606 en 2009 e 728 en 2010), como no caso das traballadoras por conta propia (17 en 2009 e 18 en 2010), aínda que se reduce tanto para as traballoras por conta propia como por conta allea a duración media dos procesos finalizados.

No que respecta á comparativa con outras CCAA, Galicia é a novena Comunidade en canto a procesos en vigor no ano 2010 para traballadoras por conta allea (sexta en canto á duración media dos mesmos), e a duo-

**Prestacións por risco durante o embarazo e a lactancia natural en Galicia e España 2009-10**

| | 2009 | | 2010 | |
|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España |
| **Prestacións por risco durante o embarazo** | | | | |
| **Traballadoras por conta allea** | | | | |
| **Procesos medios mensuais iniciados no período** | 122,6 | 3104,8 | 176,8 | 4181 |
| **Procesos en vigor ó final do período** | 606 | 14017 | 728 | 16321 |
| **Duración media dos procesos finalizados** *(en días)* | 114,2 | 113,1 | 112,2 | 110,6 |
| **Traballadoras por conta propia** | | | | |
| **Procesos medios mensuais iniciados no período** | 3,8 | 136,8 | 6,9 | 201 |
| **Procesos en vigor ó final do período** | 17 | 471 | 18 | 650 |
| **Duración media dos procesos finalizados** *(en días)* | 87,4 | 90,6 | 79,5 | 87,8 |
| **Prestacións por risco durante a lactancia natural** | | | | |
| **Traballadoras por conta allea** | | | | |
| **Procesos medios mensuais iniciados no período** | 8,4 | 100,8 | 6,5 | 97,3 |
| **Procesos en vigor ó final do período** | 40 | 521 | 38 | 492 |
| **Duración media dos procesos finalizados** *(en días)* | 135,2 | 119,4 | 135,8 | 120,9 |
| **Traballadoras por conta propia** | | | | |
| **Procesos medios mensuais iniciados no período** | 0,1 | 3,3 | 0,4 | 4,3 |
| **Procesos en vigor ó final do período** | 1 | 11 | 4 | 24 |
| **Duración media dos procesos finalizados** *(en días)* | 139 | 95 | 99,7 | 111,4 |

Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

4.3.31.

décima en canto a procesos en vigor para traballadoras por conta propia (duodécima tamén en canto á duración media destes procesos).

• Prestacións por risco durante a lactancia natural: Esta prestación económica trata de cubrir a perda de ingresos que se produce, cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante a lactanción natural dun menor de 9 meses, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible coa súa situación, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificados. Tal como se mostra no **cadro 4.3.31.**, no ano 2010 con 38 procesos en vigor para traballadoras por conta allea, Galicia é a terceira Comunidade Autónoma, por numero de procesos, tras Madrid (147) e C. Valencia (58).

• Prestacións de maternidade: As prestacións económicas por maternidade tratan de cubrir a perda de rendas do traballo ou de ingresos que sofren os traballadores, por conta allea ou por conta propia, cando se lles suspende o seu contrato ou se lles interrompe a súa actividade para gozar dos períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento, legalmente establecidos. O **cadro 4.3.32.** mostra como das 16.346 prestacións de maternidade só un 2,1% (339) son percibidas polo pai, porcentaxe superior á media estatal, pero inferior ás porcentaxes alcanzadas no Pais Vasco (4,5%) ou Navarra (4,3%), as máis elevadas do Estado.

• Prestacións de paternidade: Esta prestación económica protexe o dereito do outro proxenitor, distinto ao que xera o dereito á prestación de maternidade, a percibir un subsidio durante os días de suspensión do contrato de traballo no caso de nacemento de fillo, adopción ou acollemento. O **cadro 4.3.33.** mostra como no ano 2010 concedéronse 12.568 prestacións de paternidade, un 1,7% menos que no ano anterior. Galicia acolle o 4,5% do total das prestacións concedidas no conxunto do Estado, sendo a sétima Comunidade en número de prestacións.

• Prestacións familiares por fillo a cargo: Esta prestación consiste nunha asignación económica que se recoñece por cada fillo a cargo do beneficiario, menor de 18 anos ou maior afectado dunha discapacidade en grao

## Prestacións de maternidade nas CC.AA. 2009-10

| | 2009 | | | 2010 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | percibidas pola nai | percibidas polo pai | | percibidas pola nai | percibidas polo pai | |
| | | | (%) | | | (% / total) |
| **Andalucía** | 60.430 | 705 | 1,2 | 58.664 | 666 | 1,1 |
| **Aragón** | 9.242 | 162 | 1,8 | 8.940 | 185 | 2,1 |
| **Asturias** | 5.704 | 110 | 1,9 | 5.406 | 130 | 2,4 |
| **Baleares** | 8.270 | 133 | 1,6 | 7.952 | 135 | 1,7 |
| **Canarias** | 12.032 | 159 | 1,3 | 11.106 | 153 | 1,4 |
| **Cantabria** | 3.938 | 82 | 2,1 | 4.000 | 102 | 2,6 |
| **Castela-A Mancha** | 12.641 | 166 | 1,3 | 12.787 | 173 | 1,4 |
| **Castela e León** | 14.061 | 315 | 2,2 | 14.069 | 329 | 2,3 |
| **Cataluña** | 60.312 | 1.011 | 1,7 | 57.925 | 971 | 1,7 |
| **C. Valenciana** | 34.007 | 463 | 1,4 | 32.685 | 450 | 1,4 |
| **Estremadura** | 6.543 | 65 | 1,0 | 6.392 | 75 | 1,2 |
| **Galicia** | 16.381 | 335 | 2,0 | 16.346 | 339 | 2,1 |
| **Madrid** | 54.971 | 1.011 | 1,8 | 54.357 | 972 | 1,8 |
| **Murcia** | 11.238 | 83 | 0,7 | 10.871 | 75 | 0,7 |
| **Navarra** | 5.381 | 225 | 4,2 | 5.169 | 221 | 4,3 |
| **País Vasco** | 16.622 | 643 | 3,9 | 16.963 | 767 | 4,5 |
| **A Rioxa** | 2.253 | 50 | 2,2 | 2.319 | 47 | 2,0 |
| **Ceuta e Melilla** | 760 | 8 | 1,0 | 801 | 15 | 1,9 |
| **Total** | 334.786 | 5.726 | 1,7 | 326.752 | 5.805 | 1,8 |

Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

4.3.32.

## Prestacións de paternidade nas CC.AA. 2009-10

| | 2009 | 2010 |
|---|---|---|
| **Andalucía** | 43.321 | 43.577 |
| **Aragón** | 8.297 | 8.317 |
| **Asturias** | 4.642 | 4.640 |
| **Baleares** | 6.033 | 6.004 |
| **Canarias** | 9.322 | 9.110 |
| **Cantabria** | 3.509 | 3.654 |
| **Castela-A Mancha** | 11.704 | 11.963 |
| **Castela e León** | 12.522 | 12.839 |
| **Cataluña** | 52.661 | 52.893 |
| **C. Valenciana** | 26.943 | 27.409 |
| **Estremadura** | 5.214 | 5.361 |
| **Galicia** | 12.788 | 12.568 |
| **Madrid** | 44.247 | 44.599 |
| **Murcia** | 8.660 | 8.827 |
| **Navarra** | 5.023 | 4.881 |
| **País Vasco** | 15.405 | 16.138 |
| **A Rioxa** | 2.150 | 2.206 |
| **Ceuta e Melilla** | 583 | 651 |
| **Total** | 273.024 | 275.637 |

Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

4.3.33.

### Prestacións familiares por fillo a cargo nas CC.AA. 2009-10: prestacións periódicas

| | 2009 | | 2010 | |
|---|---|---|---|---|
| | beneficiarios (media anual) | importe (en miles de euros / ano) | beneficiarios (media anual) | importe (en miles de euros / ano) |
| Andalucía | 199.769 | 230.321,30 | 219.694 | 251.841,71 |
| Aragón | 13.891 | 27.993,00 | 15.807 | 30.001,02 |
| Asturias | 15.008 | 31.847,55 | 15.608 | 33.133,43 |
| Baleares | 9.925 | 17.162,62 | 11.807 | 19.195,74 |
| Canarias | 48.487 | 62.970,10 | 52.545 | 67.465,87 |
| Cantabria | 7.053 | 15.291,38 | 7.660 | 16.103,78 |
| Castela-A Mancha | 33.565 | 73.107,68 | 35.768 | 76.859,74 |
| Castela e León | 29.437 | 48.278,84 | 33.188 | 52.379,24 |
| Cataluña | 79.711 | 135.713,52 | 91.465 | 150.645,69 |
| C. Valenciana | 78.117 | 116.686,14 | 90.045 | 128.642,10 |
| Estremadura | 26.094 | 36.408,55 | 26.717 | 37.829,60 |
| Galicia | 40.475 | 80.524,59 | 41.502 | 83.140,64 |
| Madrid | 62.371 | 115.948,80 | 70.747 | 126.352,76 |
| Murcia | 31.808 | 47.824,20 | 36.131 | 52.219,80 |
| Navarra | 6.011 | 13.028,95 | 6.785 | 14.048,16 |
| País Vasco | 22.858 | 49.219,50 | 23.781 | 51.767,57 |
| A Rioxa | 3.498 | 6.592,63 | 4.223 | 7.337,25 |
| Ceuta e Melilla | 8.186 | 8.442,00 | 8.508 | 9.023,00 |
| Total | 716.265 | 1.117.361,26 | 791.981 | 1.207.987,56 |

Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

4.3.34.

### Prestacións familiares por fillo a cargo nas CC.AA. 2009-10: prestacións de pago único

| | 2010 | | | 2009 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | beneficiarios da prestación por nacemento ou adopción de fillo (1) | | beneficiarios da deducción por maternidade con fillo a cargo menor de 3 anos | beneficiarios da prestación por nacemento ou adopción de fillo (1) | | beneficiarios da deducción por maternidade con fillo a cargo menor de 3 anos |
| | prestación económica | deducción no IRPF | | prestación económica | deducción no IRPF | |
| Andalucía | 7.286 | 81.036 | 141.886 | 6.049 | 80.997 | 139.858 |
| Aragón | 815 | 11.473 | 26.101 | 604 | 11.162 | 26.003 |
| Asturias | 532 | 6.998 | 15.718 | 451 | 7.248 | 15.483 |
| Baleares | 882 | 10.010 | 21.990 | 650 | 9.687 | 22.129 |
| Canarias | 1.523 | 15.977 | 33.448 | 1.251 | 16.107 | 34.917 |
| Cantabria | 305 | 5.079 | 11.922 | 264 | 4.984 | 11.680 |
| Castela-A Mancha | 1.520 | 18.429 | 39.499 | 1.170 | 17.950 | 38.378 |
| Castela e León | 1.553 | 19.542 | 38.481 | 1.188 | 18.724 | 37.492 |
| Cataluña | 4.677 | 72.445 | 167.123 | 3.339 | 70.767 | 167.476 |
| C. Valenciana | 4.096 | 43.906 | 94.029 | 3.082 | 43.178 | 95.083 |
| Estremadura | 448 | 9.535 | 18.230 | 415 | 9.497 | 17.995 |
| Galicia | 1.053 | 20.512 | 46.239 | 950 | 20.429 | 45.292 |
| Madrid | 3.959 | 63.183 | 152.335 | 3.038 | 62.788 | 152.143 |
| Murcia | 1.467 | 15.032 | 29.639 | 1.193 | 15.058 | 30.015 |
| Navarra | 6.394 | 10 | 12 | 6.310 | 5 | 11 |
| País Vasco | 19.600 | 26 | 31 | 18.921 | 20 | 32 |
| A Rioxa | 288 | 2.956 | 6.305 | 228 | 2.857 | 6.239 |
| Ceuta e Melilla | 477 | 1.728 | 2.835 | 473 | 1.565 | 2.899 |
| Total | 56.875 | 397.877 | 845.823 | 49.576 | 393.023 | 843.125 |

**(1) único cobro de 2500 €, como prestación non contributiva ou deducción no IRPF**

Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

4.3.35.

**Excedencias por coidados familiares nas CC.AA. 2009-2010**

| | 2009 | | | | 2010 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | coidados de fillos | | coidados de familiares | | coidados de fillos | | coidados de familiares | |
| | homes | mulleres | homes | mulleres | homes | mulleres | homes | mulleres |
| Andalucía | 151 | 3.479 | 94 | 413 | 161 | 3.466 | 110 | 512 |
| Aragón | 36 | 1.137 | 26 | 141 | 49 | 1.178 | 37 | 168 |
| Asturias | 35 | 296 | 4 | 41 | 15 | 313 | 6 | 42 |
| Baleares | 48 | 797 | 23 | 94 | 39 | 867 | 19 | 98 |
| Canarias | 40 | 445 | 16 | 58 | 50 | 478 | 21 | 58 |
| Cantabria | 10 | 235 | 9 | 49 | 14 | 294 | 9 | 47 |
| Castela-A Mancha | 73 | 1.538 | 32 | 198 | 66 | 1.518 | 43 | 196 |
| Castela e León | 74 | 2.927 | 48 | 191 | 87 | 2.927 | 43 | 250 |
| Cataluña | 177 | 4.373 | 103 | 646 | 218 | 4.529 | 130 | 693 |
| C. Valenciana | 116 | 3.772 | 79 | 404 | 119 | 3.641 | 98 | 457 |
| Estremadura | 12 | 360 | 9 | 34 | 23 | 361 | 15 | 51 |
| Galicia | 39 | 503 | 31 | 101 | 29 | 482 | 26 | 96 |
| Madrid | 322 | 6.989 | 211 | 1.513 | 418 | 6.983 | 237 | 1.761 |
| Murcia | 63 | 1.592 | 26 | 320 | 57 | 1.605 | 50 | 395 |
| Navarra | 69 | 1.389 | 18 | 110 | 81 | 1.457 | 20 | 138 |
| País Vasco | 120 | 2.384 | 34 | 164 | 137 | 2.799 | 53 | 189 |
| A Rioxa | 7 | 307 | 4 | 56 | 9 | 320 | 10 | 58 |
| Ceuta e Melilla | 1 | 26 | 1 | 1 | 1 | 21 | - | - |
| Total | 1.393 | 32.549 | 768 | 4.534 | 1.573 | 33.239 | 927 | 5.209 |

Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

4.3.36.

igual ou superior ao 65%, cualquera que sexa a súa filiación, así como polos menores acollidos en acollemento familiar, permanente ou preadoptivo, sempre que non se supere o límite de ingresos establecido. O **cadro 4.3.34.** mostra as prestacións periódicas por fillo a cargo nas diferentes CCAA, salientando o incremento do número de beneficiarios así como do importe das prestacións, en todas as CCAA, o incremento en Galicia é do 2,5% no número de beneficiarios, o segundo máis reducido do Estado, so por diante de Estremadura cun incremento do 2,4%; no que respecta ao incremento no importe das prestacións este é do 3,2%, o máis reducido do Estado, apesar do que Galicia segue a ser a cuarta CCAA cun maior impote anual das prestacións periódicas por fillo a cargo (**cadro 4.3.34.** e **4.3.35.**).

• Excedencias por coidados familiares: Dentro das prestacións non económicas destaca o dereito á excedencia para coidados de familiares, así, os traballadores terán dereito a un período de excedencia non superior a 3 anos para atender ao coidado de cada fillo; tamén terán dereito a un período de excedencia non superior a 2 anos, para atender ao coidado dun familiar, ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou incapacidade non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída. Os datos referidos no **cadro 4.3.36.** mostran un descenso no número de excedencias solicitadas en Galicia no ano 2010 en relación ao ano precedente. Con 511 excedencias para coidado de fillos concedidas no ano 2010, Galicia é a quinta Comunidade con menor número de excedencias por diante de Cantabria, Asturias, A Rioxa e Estremadura, así mesmo o 94% das citadas excedencias para coidado de fillo son solicitadas por mulleres. No que respecta ás excedencias para coidados familiares, Galicia é a sétima Comunidade con menor número de excedencias concedidas, con 122, das que 78,7% son solicitadas por mulleres.

## Violencia e maltrato

Calquera tipo de violencia fundaméntase nunha relación de poder onde alguén trata de dominar a outra persoa pola forza, contra a súa vontade, non obstante, cada tipo de violencia ten as súas peculiaridades. Neste senso entendemos por **violencia** o uso intencional da forza física ou poder contra un/unha mesmo/a, cara outra persoa, grupo ou comunidade e que ten como conse-

**Denuncias por violencia de xénero en Galicia e España 2007-10** (1)

| | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 |
|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | 5.181 | 5.959 | 6.068 | 1.425 |
| **A Coruña** | 1.983 | 2.402 | 2.401 | 551 |
| **Lugo** | 433 | 538 | 581 | 121 |
| **Ourense** | 564 | 660 | 619 | 142 |
| **Pontevedra** | 2.201 | 2.359 | 2.467 | 611 |
| **España** | 126.293 | 142.215 | 135.540 | 32.496 |

**(1) os datos de 2010 soamente ata o mes de marzo**

Fonte: *Delegación del Gobierno para la Violencia de Género*

4.3.37.

**Vítimas mortais por violencia de xénero nas CC.AA. 2006-10**

| | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Andalucía** | 21 | 8 | 9 | 14 | 17 |
| **Aragón** | 1 | 2 | 1 | - | 2 |
| **Asturias** | 3 | 2 | 1 | - | 5 |
| **Baleares** | 3 | 1 | 1 | 1 | 2 |
| **Canarias** | 4 | 6 | 5 | 5 | 7 |
| **Cantabria** | - | 2 | - | - | - |
| **Castela-A Mancha** | 4 | 5 | 3 | 1 | 3 |
| **Castela e León** | 3 | 3 | 6 | 1 | 4 |
| **Cataluña** | 10 | 12 | 10 | 10 | 12 |
| **C. Valenciana** | 8 | 10 | 10 | 9 | 8 |
| **Estremadura** | 1 | - | - | 1 | 1 |
| **Galicia** | - | 5 | 7 | 3 | 2 |
| **Madrid** | 5 | 9 | 11 | 5 | 7 |
| **Murcia** | 3 | 2 | 4 | 2 | 1 |
| **Navarra** | - | 1 | 3 | - | - |
| **País Vasco** | 3 | 2 | 3 | 2 | 2 |
| **A Rioxa** | - | - | 2 | 1 | - |
| **Ceuta e Melilla** | - | 1 | - | 1 | - |
| **Total** | 69 | 71 | 76 | 56 | 73 |

Fonte: *Delegación del Gobierno para la Violencia de Género*

4.3.38.

cuencia probables lesións físicas, danos psicolóxicos, alteracións do desenvolvemento, abandono e incluso morte. A **violencia de xénero** está dirixida ás mulleres polo mesmo feito de selo, é dicir, por considerar que o sexo feminino é inferior e debe continuar nunha posición de subordinación con respecto ao masculino.

A **violencia familiar** é infrinxida por persoas do medio familiar e dirixida, xeralmente, ás persoas máis vulnerables do mesmo: nenos, nenas, persoas anciáns, persoas discapacitadas... A **violencia doméstica** está dirixida á persoa ou persoas que convivan xuntas. Non é preciso que existan lazos familiares.

No que respecta á violencia de xénero, o número de denuncias no ano 2009 acadou as 6.068, o 4,5% do total estatal, cun incremento do 17% en relación ao ano 2007 e un 1,8% en relación ao ano 2008.

Desde a súa posta en marcha no ano 2007, o teléfono 016 ofrece información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero con carácter gratuíto e

**Dereitos laborais e económicos das mulleres vítimas de violencia 2003-10**

| | Galicia | España | % Galicia / España |
|---|---|---|---|
| **Contratos bonificados** | | | |
| **2003-2010** (1) | 126 | 2.569 | 4,9 |
| **Contratos de sustitución** | | | |
| **2005-2010** (1) | 13 | 413 | 3,1 |
| **Vítimas perceptoras da Renda Activa de Inserción** | | | |
| **2006** | 511 | 10.924 | 4,7 |
| **2007** | 569 | 13.291 | 4,3 |
| **2008** | 641 | 16.883 | 3,8 |
| **2009** | 794 | 22.010 | 3,6 |
| **2010** (2) | 705 | 20.232 | 3,5 |
| **Axudas para cambio de residencia** | | | |
| **2005-2009** | 351 | 6.011 | 5,8 |
| **Solicitantes de axuda económica** | 302 | 2.249 | 13,4 |
| **solicitudes concedidas** | 111 | 872 | 12,7 |
| **solicitudes denegadas** | 191 | 1.377 | 13,9 |

(1) ata xuño 2010
(2) xaneiro-xuño 2010
Fonte: *Delegación del Gobierno para la Violencia de Género*

4.3.39.

universal. A cifra total de chamadas referentes a violencia de xénero atendidas polo 016 dende o 3 de setembro de 2007 ata o 31 de outubro de 2010, no conxunto de España, foi de 215.169, das que 9.643 foron efectuadas desde Galicia (4,5%)

Segundo o número de chamadas por comunidade autónoma, 51.987 foron realizadas desde Madrid (24,2% do total), 35.019 dende Andalucía (16,3%), 28.313 dende Cataluña (13,2%), 22.063 dende a Comunidade Valenciana (10,3%), 13.228 dende Canarias (6,2%), 9.989 dende Castela e León (4,6%), 9.643 dende Galicia (4,5%), 7.741 dende Castela–A Mancha (3,6%) e 6.554 dende Murcia (3,1%). O menor número de chamadas procedían de Ceuta, Melilla e A Rioxa, con 311, 490 e 1.078, respectivamente, e cun peso sobre o total, entre as tres, do 0,9%.

Tal como se mostra no **cadro 4.3.38.**, Galicia rexistrou o remate do 2010 dúas mortes por violencia de xénero, unha menos que en todo o exercicio 2009 e cinco menos que en 2008, cifra que representa o 2,7% dos 73 casos rexistrados no conxunto de España ao remate do ano 2010.

Das dezasete CCAA e dúas cidades autónomas, Galicia comparte un oitavo lugar con Aragón, Baleares e Pais Vasco. Andalucía, con 17 casos rexistrados de mulleres mortas por violencia de xénero, sitúase como a Comunidade Autónoma co maior número de mulleres mortas por violencia de xénero.

Nos xulgados de violencia sobre a muller, dende o día 1 de xaneiro do 2010 ata o 31de decembro de 2010, rexistráronse, no conxunto do territorio español, un total de 134.105 denuncias por violencia de xénero, ao mesmo tempo que se contabilizaban 15.607 renuncias ao proceso (un 11,6% do total). Das 134.105 denuncias, rexístranse en Galicia 5.270 (4%) das cales 383 renunciaron ao proceso (un 7,3% do total).

O **cadro 4.3.39.** mostra os dereitos laborais e económicos das mulleres vítimas de violencia ata xuño de 2010, así os contratos bonificados a mulleres vítimas da violencia de xénero desde o a no 2003 ata xuño de 2010 ascenderon a 126 o 4,9% do total estatal; o número de mulleres vítimas de violencia perceptoras da Renda Activa de Inserción é crecente dende o ano 2006, ata acadar as 794 mulleres en 2009 e as 705 no primeiro semestre do ano 2010.

# 4.4. MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

**Outro dos aspectos que hai que ter** en conta á hora de avaliar a calidade de vida dos cidadáns e o seu benestar social é o relativo á preservación do medio ambiente.

Á hora de caracterizar a situación medioambiental dun territorio son moitos os indicadores a ter en conta, aínda que non se dispoñen de datos desagregados a nivel autonómico de todos eles. A modo de síntese, o **cadro 4.4.1.** recolle unha análise comparada dos aspectos máis significativos do "perfil ambiental" da Comunidade Autónoma de Galicia e de España.

Tendo en conta que nesta Memoria hai un capítulo centrado no estudio das distintas ramas de actividade [3.2.- Sectores produtivos], neste punto analiza os aspectos relacionados co cambio climático, natureza e biodiversidade, a recollida dos residuos sólidos urbanos, e a calidade das augas de baño tanto marítimas como continentais.

## Cambio climático

O cambio climático é o gran reto ambiental a escala global ao que se enfrontan actualmente os distintos gobernos. Para facer fronte a este problema, asinouse o denominado protocolo de Kioto, que establece compromisos de redución das emisións dos gases de efecto invernadoiro, principal causa do cambio climático. A **XVI Conferencia Internacional sobre Cambio Climático** celebrouse en Cancún, México, do 29 de novembro ao 10 de decembro de 2010. O obxectivo desta conferencia é concluír un acordo xuridicamente vinculante sobre o clima que se aplique a partir de 2012.

O **cadro 4.4.2.** informa sobre a inscrición das emisións e entrega de dereitos de emisións das instalacións suxeitas á aplicación da Lei 1/2005, de nove de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, que supón a transposición da Directiva 2003/87/CE. No ano 2010, o volume total de asignacións que cobren as 59 instalacións cuxas emisións foron inscritas foi de 10,81 millóns de toneladas de $CO_2$. Dado que as emisións ascenderon a 8,95 millóns de toneladas, o balance correspondente a este último ano foi positivo, e se situou nas 186.000 toneladas de $CO_2$. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 5,3% das instalacións, mentres que a porcentaxe de asignacións e emisións declaradas foi do 7,2% e 7,7%, respectivamente.

A taxa de cobertura da asignación, definida coma a relación entre asignacións e emisións verificadas, volve a situarse en Galicia no ano 2010 por baixo da media española, acadando unha cobertura do 120,8%, aproximadamente dous puntos inferior á rexistrada para o conxunto de España. A cobertura de asignación do sec-

**Principais indicadores ambientais de Galicia e España**

| | | | Galicia | España |
|---|---|---|---|---|
| **Agricultura** | | | | |
| Consumo de fertilizantes | *(en miles tm)* | 2010 | 48,7 | 1.639,1 |
| Consumo produtos fitosanitarios | *(en Kg/ha.)* | 2007 | 6,4 | 201,8 |
| Superficie agricultura ecológica | *(% sobre SAU)* | 2009 | 1,7 | 6,3 |
| Superficie regadío | *(% sobre SAU)* | 2010 | 3,5 | 13,5 |
| **Fogares** | | | | |
| Volumen de auga distribuída | *(en m3/fogar)* | 2008 | 147,4 | 153,1 |
| Turismos | *(turismos/fogar)* | 2008 | 1,5 | 1,3 |
| Produción residuos urbanos | *(en tm/fogar)* | 2008 | 1,3 | 1,6 |
| Vidro reciclado | *(en kg/hab.)* | 2009 | 14,4 | 15,2 |
| Renta dispoñible bruta | *(en €/fogar)* | 2008 | 39.965 | 42.437 |
| Renta dispoñible bruta | *(en €/hab.)* | 2008 | 14.130 | 15.052 |
| **Medio urbano** | | | | |
| Bens Interese Cultural (BIC) | *(España = 100)* | 2009 | 4,2 | 100 |
| Presión urbana no territorio | *(hab./km2)* | 2010 | 65,1 | 73,3 |
| **Natureza e biodiversidade** | | | | |
| Superficie perteneciente á Red Natura 2000 | *(% superficie total)* | 2010 | 13,2 | 29,2 |
| Superficie terreo forestal | *(% superficie total)* | 2009 | 68,8 | 54,7 |
| Superficie terreo forestal protexido | *(% superf. forestal)* | 2009 | 15,8 | 40,1 |
| Incendios forestais | *(en ha.)* | 2010 | 14.540,1 | 44.752,6 |
| | *(en ha./sinistro)* | 2010 | 3,8 | 3,9 |
| **Pesca** | | | | |
| Capacidade da flota (arqueo) | *(en tm. Brutas)* | 2010 | 173.054 | 414.269 |
| Potencia da flota | *(en cv.)* | 2010 | 426.062 | 1.269.420 |
| **Desastres naturais e tecnolóxicos** | | | | |
| Accidentes con posibles danos ambientais producidos por transporte mercadorías perigosas (estradas) | | 1997-2008 | 28 | 576 |
| Accidentes con posibles danos ambientais producidos por transporte mercadorías perigosas (ferrocarril) | | 1997-2008 | - | 40 |
| Accidentes industriais nos que interven substancias químicas perigosas | | 1997-2009 | 3 | 35 |
| Accidentes buques petroleiros cuxo verquido de hidrocarburos supere as 7 toneladas | | 1997-2008 | 10 | 72 |
| **Turismo** | | | | |
| Visitantes parques nacionais | *(persoas)* | 2010 | 292.374 | 9.514.829 |
| Superficie parques nacionais | *(en ha.)* | 2009 | 8.480 | 374.030 |
| Poboación turista equivalente | *(% pob. residente)* | 2007 | 7,6 | 7,2 |
| Turismo rural | *(nº turistas)* | 2010 | 193.119 | 2.666.449 |
| | *(pernoctacións)* | 2010 | 388.843 | 7.674.431 |
| Turismo estranxeiro en CC.AA. con costa | *(por km de costa)* | 2009 | 419 | 5.759 |
| | *(taxa crecemento)* | (2004-2009) | 0,4 | -5,9 |

Fonte: Elaboración propia a partir de *Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino* e *INE*

4.4.1.

tor eléctrico galego foi do 113,9%, (102,1% no conxunto do Estado), fronte aos 142,2% dos sectores industriais (a media estatal foi do 148,4%) e o 127,5% de "combustións" (118,8% en España).

Segundo os datos do Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes, en 2009 (último ano dispoñible) estabilízase o número total de actividades contaminantes en Galicia, nas 35 contaminantes existentes no ano 2008. Xunto a este estancamento hai que salientar, **cadro 4.4.3.**, a medra do número de centros ou complexos industriais contaminantes, que se sitúa nos 112 centros (104 centros no ano anterior), o que representa o 4,4% do total estatal.

Atendendo ao tipo de actividade, cómpre salientar que as instalacións de combustión de máis de 50 MW acollen o 67,5% das emisións de $CO_2$ ao aire.

### Emisión de $CO_2$ en Galicia e España 2010

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Instalacións | Emisións | | | Instalacións | Emisións | | |
| | | asignadas *(en millóns de dereitos)* | declaradas *(en millóns tm.)* | 10/09 | | asignadas *(en millóns de dereitos)* | declaradas *(en millóns tm.)* | 10/09 |
| **Xeración enerxía** | 5 | 6,87 | 6,03 | -23,09 | 104 | 57,61 | 56,41 | -22,56 |
| **Combustións** | 33 | 1,47 | 1,15 | -0,52 | 422 | 18,79 | 15,81 | 3,40 |
| **Industria** | | | | | | | | |
| **Refino de petróleo** | 1 | 1,66 | 1,19 | 0,42 | 13 | 17,13 | 13,28 | -3,42 |
| **Producción de cal e cemento** | 2 | 0,39 | 0,33 | -4,57 | 61 | 31,54 | 19,85 | -2,26 |
| **Producción cerámica** | 14 | 0,17 | 0,08 | -21,57 | 323 | 5,91 | 2,14 | -5,31 |
| **Producción pasta e papel** | 2 | 0,15 | 0,11 | -0,88 | 115 | 5,60 | 4,42 | 3,76 |
| **Producción aceiro** | 1 | 0,08 | 0,04 | -17,02 | 31 | 10,18 | 7,51 | 17,34 |
| **Fabricación vidrio** | 1 | 0,04 | 0,00 | -100,00 | 38 | 2,19 | 1,68 | 1,82 |
| **Total** | 59 | 10,81 | 8,95 | -17,25 | 1.107 | 149,58 | 121,50 | -11,28 |

Fonte: *Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*

4.4.2.

### Emisións contaminantes nas CC.AA. 2009: actividades e complexos contaminantes (1)

| | actividades industriais | complexos industriais |
|---|---|---|
| **Andalucía** | 33 | 334 |
| **Aragón** | 30 | 214 |
| **Asturias** | 46 | 33 |
| **Baleares** | 17 | 10 |
| **Canarias** | 13 | 17 |
| **Cantabria** | 22 | 26 |
| **Castela e León** | 35 | 356 |
| **Castela-A Mancha** | 29 | 219 |
| **Cataluña** | 50 | 626 |
| **C. Valenciana** | 30 | 181 |
| **Estremadura** | 11 | 28 |
| **Galicia** | 35 | 112 |
| **Madrid** | 28 | 58 |
| **Murcia** | 21 | 114 |
| **Navarra** | 18 | 115 |
| **País Vasco** | 54 | 103 |
| **A Rioxa** | 16 | 17 |
| **Ceuta e Melilla** | 13 | 2 |
| **Total** | 501 | 2.565 |

**(1) complexos que teñen datos de información pública**

Fonte: *Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes, PRTR-España*

4.4.3.

## Natureza e biodiversidade

Á hora de analizar os indicadores ambientais da biodiversidade hai que ter en conta tanto a situación dos espazos naturais protexidos como o impacto dos incendios forestais declarados, así como a calidade das augas de baño.

Dunha banda, tal e como reflicte o devandito **cadro 4.4.1.**, a superficie protexida pertencente á Red Natura 2000 representa o 13,2% da superficie total galega, porcentaxe moi por baixo da correspondente ao territorio español onde a superficie protexida representa o 29,2%. Un diferencial aínda maior é o rexistrado no caso da superficie forestal protexida, xa que en Galicia as figuras

**Incendios forestais en Galicia e España 2009-10 (1): sinistros e superficie afectada**

**2009**

| | sinistros | superficie afectada: arborada | non arborada | superficie total |
|---|---|---|---|---|
| | | *(en has.)* | | |
| **Galicia** | 3.979 | 2.195,7 | 8.398,6 | 10.594,4 |
| **A Coruña** | 738 | 354,5 | 646,0 | 1.000,5 |
| **Lugo** | 515 | 270,9 | 1.591,1 | 1.862,0 |
| **Ourense** | 1.794 | 1.228,5 | 5.323,7 | 6.552,1 |
| **Pontevedra** | 932 | 341,9 | 837,8 | 1.179,7 |
| **España** | 15.391 | 39.528,4 | 65.541,3 | 105.069,6 |
| **Galicia / España** | 25,9 | 5,6 | 12,8 | 10,1 |

**2010**

| | sinistros | superficie afectada: arborada | non arborada | superficie total |
|---|---|---|---|---|
| | | *(en has.)* | | |
| **Galicia** | 3.876 | 3.002,6 | 11.537,5 | 14.540,1 |
| **A Coruña** | 930 | 1.367,8 | 1.973,4 | 3.341,2 |
| **Lugo** | 481 | 277,7 | 730,8 | 1.008,4 |
| **Ourense** | 1.420 | 830,6 | 8.083,7 | 8.914,3 |
| **Pontevedra** | 1.045 | 526,6 | 749,6 | 1.276,2 |
| **España** | 11.475 | 10.824,4 | 33.928,2 | 44.752,6 |
| **Galicia / España** | 33,8 | 27,7 | 34,0 | 32,5 |

(1) datos 2010 son provisionais
Fonte: *Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino*

4.4.4.

de protección afectan ao 15,8% do terreo forestal fronte ao 40,1% en España.

• **Incendios forestais**

Dada a importancia do medio rural galego para o desenvolvemento sostible de Galicia e a función social, ambiental e económica que o monte desempeña, é fácil comprender o impacto negativo que para a política de desenvolvemento rural supoñen os incendios forestais.

O ano 2010 pode calificarse como un mal ano dende o punto de vista da política antiincendios, xa que aínda que se produce un descenso no número de incendios respecto ao ano anterior, increméntase a superficie afectada polos mesmos. Dunha banda, a superficie total afectada rexistrou unha medra do 37,2% respecto da queimada no ano anterior, acadando a superficie afectada polos 3.876 lumes declarados segundo os datos da Consellería de Medio Rural e Marino, a 14.540,1 hectáreas. Comparado cos datos correspondentes ao conxunto do Estado, o **cadro 4.4.4.** amosa que en Galicia se declararon o 33,8% dos lumes do conxunto do Estado e que acolleu o 32,5% da superficie total queimada no último ano, logo do descenso en máis do 57% da superficie total queimada en España en relación ao ano anterior.

Ourense se sitúa novamente como a provincia con maior número de incendios e superficie forestal afectada. Nesta provincia declaráronse o 36,6% dos incendios (1.420 lumes), representando a superficie queimada o 61,3% da superficie arrasada en Galicia (8.914,3 hectáreas). En Pontevedra rexistráronse un total de 1.045 incendios, o que supón o 27% dos incendios declarados en Galicia, mentres que a superficie afectada polos mesmos representa o 8,8% da superficie queimada en Galicia.

A superficie forestal arborada queimada volta a ser moi inferior á superficie queimada rasa. No ano 2010, tal

**Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 2007-08: distribución segundo tipo**

| | 2007 | | 2008 | | 08/07 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | mezclados | recollidos selectivamente | mezclados | recollidos selectivamente | mezclados | recollidos selectivamente |
| | | *(en tm.)* | | | *(%)* | |
| **Andalucía** | 3.937.415 | 914.333 | 3.785.382 | 803.545 | -3,9 | -12,1 |
| **Aragón** | 646.478 | 156.209 | 615.207 | 132.433 | -4,8 | -15,2 |
| **Asturias** | 510.386 | 92.888 | 486.176 | 96.564 | -4,7 | 4,0 |
| **Baleares** | 634.893 | 350.965 | 604.182 | 102.148 | -4,8 | -70,9 |
| **Canarias** | 992.184 | 218.226 | 1.045.068 | 210.582 | 5,3 | -3,5 |
| **Cantabria** | 306.085 | 81.166 | 330.285 | 46.225 | 7,9 | -43,0 |
| **Castela e León** | 1.067.019 | 810.936 | 1.015.406 | 525.194 | -4,8 | -35,2 |
| **Castela - A Mancha** | 962.999 | 413.034 | 965.258 | 279.164 | 0,2 | -32,4 |
| **Cataluña** | 3.316.570 | 947.931 | 3.042.873 | 980.286 | -8,3 | 3,4 |
| **Comunidade Valenciana** | 2.294.944 | 789.357 | 2.243.754 | 691.718 | -2,2 | -12,4 |
| **Estremadura** | 486.713 | 93.113 | 463.169 | 64.368 | -4,8 | -30,9 |
| **Galicia** | 1.148.659 | 256.256 | 1.135.391 | 176.630 | -1,2 | -31,1 |
| **Madrid** | 3.334.128 | 651.085 | 2.990.989 | 685.333 | -10,3 | 5,3 |
| **Murcia** | 717.923 | 102.893 | 713.758 | 73.619 | -0,6 | -28,5 |
| **Navarra** | 305.382 | 84.109 | 331.371 | 78.136 | 8,5 | -7,1 |
| **País Vasco** | 1.036.397 | 297.391 | 1.055.140 | 290.744 | 1,8 | -2,2 |
| **A Rioxa** | 149.559 | 39.828 | 150.117 | 34.029 | 0,4 | -14,6 |
| **Ceuta e Melilla** | 78.186 | 14.830 | 72.157 | 5.983 | -7,7 | -59,7 |
| **Total** | 21.925.920 | 6.314.550 | 21.045.683 | 5.276.701 | -4,0 | -16,4 |

Fonte: *INE*

4.4.5.

como aconteceu no ano anterior, medra a superficie arborada queimada nun 36,7% estando afectadas un total de 3.002,6 hectáreas, o 20,6% da superficie forestal arrasada polo lume.

• **Residuos sólidos**

Ao longo do ano 2008 (último dato dispoñible) recolléronse en Galicia 1.312 miles de toneladas de residuos urbanos (selectivos e mesturados), o que representa un 5% do total estatal. Comparado co ano anterior, o **cadro 4.4.5.** indica un descenso do 6,6% no caso dos residuos urbanos recollidos en Galicia fronte á caída do 6,8% de media en España.

A igual que acontece en 2007 e no conxunto do Estado, o volume de residuos mesturados descendeu en Galicia ata as 1.135,4 miles de toneladas, un 1,2% menos que as recollidas no ano anterior (descende un 4% no conxunto do Estado).

No que atinxe ao volume de residuos urbanos recollidos selectivamente, este reduciuse en Galicia un 31,1% fronte ao descenso do 16,4% en España. Tras esta evolución, a comunidade autónoma galega recolleu en 2008, o 5% dos residuos mesturados así como a mesma porcentaxe dos recollidos selectivamente.

Atendendo ao tipo de residuo producido, no ano 2008 recolléronse en Galicia un total de 408 quilogramos por habitante que no caso dos residuos urbanos domésticos, sendo de 23,6 quilogramos no caso dos envases mixtos e de 17,4 kg/hab. e 13,4 quilogramos por habitante, no do papel e cartón e do vidro. Segundo as estatísticas do INE, Galicia sitúase por baixo da media estatal no caso dos residuos considerados, agás no vidrio, no que Galicia está situada na media estatal.

No concernente á xeración de residuos na industria galega, os **cadros 4.4.7.** a **4.4.9.** reflicten que ao longo do ano 2008 (o derradeiro ano dispoñible) a industria xerou un total de 1.596 miles de toneladas, o 100% xerados na industria extractiva e manufactureira; xa que de acordo coa nova Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 2009), nos datos relativos a actividades de "Suministro de enerxía eléctrica, gas, vapor é aire acondicionado" no están incluídos os establecementos de produción de enerxía a partir da incineración de residuos; empresas cuxos rexistros si estaban

### Residuos urbanos producidos nas CC.AA. 2007-08: distribución segundo tipo de residuo producido

| | 2007 | | | | 2008 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Domésticos | Papel e cartón | Vidrio | Envases mixtos | Domésticos | Papel e cartón | Vidrio | Envases mixtos |
| | | | | (en tm) | | | | |
| Andalucía | 3.937.415 | 127.985 | 70.214 | 112.262 | 3.785.382 | 117.763 | 75.795 | 126.580 |
| Aragón | 646.478 | 28.380 | 18.708 | 14.209 | 615.207 | 26.558 | 20.864 | 14.534 |
| Asturias | 510.386 | 34.057 | 13.892 | 9.058 | 486.176 | 33.106 | 13.597 | 20.843 |
| Baleares | 634.893 | 66.031 | 19.289 | 18.394 | 604.182 | 47.031 | 21.167 | 23.059 |
| Canarias | 992.184 | 80.668 | 20.298 | 14.262 | 1.045.068 | 72.907 | 24.266 | 58.322 |
| Cantabria | 306.085 | 10.955 | 10.164 | 7.021 | 330.285 | 11.600 | 10.884 | 10.512 |
| Castela e León | 1.067.019 | 51.721 | 35.271 | 78.999 | 1.015.406 | 56.470 | 38.075 | 93.362 |
| Castela - A Mancha | 962.999 | 29.744 | 18.253 | 17.056 | 965.258 | 33.824 | 20.746 | 32.014 |
| Cataluña | 3.316.570 | 234.797 | 151.758 | 82.161 | 3.042.873 | 222.690 | 152.154 | 206.782 |
| C. Valenciana | 2.294.944 | 110.309 | 66.777 | 79.085 | 2.243.754 | 109.203 | 75.269 | 112.892 |
| Estremadura | 486.713 | 15.667 | 8.286 | 25.614 | 463.169 | 14.737 | 10.640 | 30.823 |
| Galicia | 1.148.659 | 49.196 | 37.593 | 34.741 | 1.135.391 | 48.433 | 37.366 | 65.594 |
| Madrid | 3.334.128 | 149.886 | 67.013 | 195.622 | 2.990.989 | 148.754 | 81.135 | 312.573 |
| Murcia | 717.923 | 14.228 | 16.269 | 24.084 | 713.758 | 15.690 | 17.562 | 29.781 |
| Navarra | 305.382 | 26.003 | 13.719 | 15.442 | 331.371 | 30.873 | 14.810 | 21.393 |
| País Vasco | 1.036.397 | 87.215 | 48.390 | 70.488 | 1.055.140 | 83.341 | 52.236 | 112.629 |
| A Rioxa | 149.559 | 9.466 | 6.084 | 7.188 | 150.117 | 10.476 | 7.159 | 9.977 |
| Ceuta e Melilla | 78.186 | 317 | 158 | 3.959 | 72.157 | 1.224 | 171 | 3.458 |
| Total | 21.925.920 | 1.126.625 | 622.136 | 809.645 | 21.045.683 | 1.084.680 | 673.896 | 1.285.128 |

Fonte: *INE*

4.4.6.

### Residuos xerados nas industrias extractivas, manufactureiras e enerxéticas nas CC.AA. 2007-08: distribución segundo tipo de perigosidade

| | 2007 | | 2008 | | 08/07 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | non perigosos | perigosos | non perigosos | perigosos | non perigosos | perigosos |
| | | | (en miles de tm.) | | (%) | |
| Andalucía | 4.415,2 | 225,2 | 3.379,8 | 156,4 | -23,5 | -30,5 |
| Aragón | 3.251,2 | 67,9 | 2.961,6 | 67,9 | -8,9 | 0,0 |
| Asturias | 2.904,3 | 126,3 | 2.189,1 | 111,5 | -24,6 | -11,7 |
| Baleares | 103,2 | 5,4 | 89,5 | 4,0 | -13,2 | -26,5 |
| Canarias | 79,8 | 10,0 | 127,8 | 5,6 | 60,2 | -43,8 |
| Cantabria | 519,3 | 66,9 | 493,1 | 44,9 | -5,1 | -32,8 |
| Castela e León | 28.337,0 | 91,7 | 26.378,9 | 62,5 | -6,9 | -31,9 |
| Castela - A Mancha | 972,6 | 210,2 | 757,4 | 151,0 | -22,1 | -28,2 |
| Cataluña | 4.186,6 | 537,2 | 3.084,8 | 423,6 | -26,3 | -21,2 |
| C. Valenciana | 3.294,1 | 173,5 | 2.767,7 | 179,8 | -16,0 | 3,6 |
| Estremadura | 216,5 | 40,1 | 321,4 | 30,5 | 48,5 | -24,0 |
| Galicia | 5.092,2 | 82,4 | 1.535,6 | 60,4 | -69,8 | -26,7 |
| Madrid | 1.397,8 | 101,0 | 871,4 | 93,1 | -37,7 | -7,9 |
| Murcia | 433,4 | 71,2 | 721,1 | 44,9 | 66,4 | -36,9 |
| Navarra | 632,2 | 42,3 | 586,6 | 30,6 | -7,2 | -27,7 |
| País Vasco | 2.536,9 | 302,4 | 1.923,7 | 205,4 | -24,2 | -32,1 |
| A Rioxa | 157,5 | 9,0 | 91,0 | 4,7 | -42,2 | -47,5 |
| Total | 58.529,6 | 2.162,5 | 48.280,4 | 1.676,7 | -17,5 | -22,5 |

Fonte: *INE*

4.4.7.

**Residuos xerados en Galicia e España 2008: distribución segundo tipo de residuo**

| | Galicia non perigosos | Galicia perigosos | España non perigosos | España perigosos |
|---|---|---|---|---|
| | (en tm.) | | | |
| **Total** | 1.535.554 | 60.407 | 48.280.437 | 1.676.669 |
| Resíduos quimicos (1) | 175 | 3.877 | 95.537 | 491.253 |
| Aceites usados | - | 3.614 | - | 80.595 |
| Resíduos preparados químicos | 4.025 | 6.722 | 58.638 | 162.743 |
| Outros resíduos químicos | 16.338 | 9.690 | 620.792 | 446.829 |
| Resíduos sanitarios e biolóxicos | 98 | 10 | 1.567 | 762 |
| Resíduos metálicos | 144.331 | 216 | 2.572.716 | 13.062 |
| Resíduos de vidrio | 13.492 | - | 268.947 | 840 |
| Resíduos de papel e cartón | 40.540 | - | 1.314.808 | - |
| Resíduos de caucho | 311 | - | 45.330 | - |
| Resíduos de plástico | 9.112 | - | 247.436 | - |
| Resíduos de madeira | 35.546 | 163 | 645.988 | 3.114 |
| Resíduos téxtis | 4.773 | - | 99.736 | - |
| Residuos que conteñen PCB | - | 382 | - | 8.127 |
| Resíduos desechados | 352 | 165 | 8.753 | 9.426 |
| Resíduos animais e vexetais | 39.592 | - | 1.011.706 | - |
| Residuos correntes misturados | 28.987 | 488 | 1.153.136 | 63.022 |
| Lodos comúns | 10.268 | - | - | 227.988 |
| Resíduos minerais (2) | 848.813 | 12.451 | 32.048.469 | 48.693 |
| Resíduos da combustión | 237.242 | 22.091 | 6.707.973 | 301.195 |
| Resíduos solidificados e vitrificados | 2.535 | 10 | 48.861 | 1.278 |

(1) non inclúe os aceites usados
(2) non inclúe os resíduos da combustión
Fonte: *INE*

4.4.8.

contabilizados en exercicios anteriores. Das 1.596 miles de toneladas de residuos xerados en Galicia ao longo de 2008 (o 3,2% das toneladas recollidas de media en España), un total de 1.535,6 miles de toneladas teñen a consideración de non perigosos (o 3,2% dos residuos "non perigosos" do conxunto do Estado) e as restantes 60,4 miles de toneladas se clasifican como "perigosos" (o 3,6% dos residuos "perigosos" estatais).

A comparación dos residuos xerados no ano 2008 en relación ao ano anterior, está desvirtuada polo cambio de clasificación xa comentado. Ao igual que no ano anterior, o maior volume de residuos non perigosos xerados corresponde aos residuos minerais, con 848,8 miles de toneladas (o 55,3% do total de residuos non perigosos en Galicia); un volume moi inferior ao do ano anterior, consecuencia da non inclusión dentro dos residuos minerais dos residuos da combustión. Séguenlle en importancia, no que ao volume se refire, os residuos da combustión con 237,2 miles de toneladas (15,4%) e os residuos metálicos, con 144,3 miles de toneladas (9,4%). No caso dos residuos perigosos, salientan os residuos da combustión, que acadaron as 22 mil toneladas, o 36,6% dos residuos perigosos xerados en Galicia e o 7,3% do total de residuos perigosos xerados polos procesos de combustión no conxunto do Estado.

- **Calidade das augas de baño**

A calidade da auga de baño mídese seguindo os criterios marcados na Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño.

O Censo Oficial correspondente á tempada 2010 en España consta de 1.846 zonas de augas de baño, repartidas en 203 continentais e 1.643 marítimas. O número de puntos de mostreo na tempada 2010 foi de 2.144 PM, repartidos en 214 PM de augas continentais e 1.930 PM de augas marítimas. As CCAA que máis número de puntos de mostreo de augas de baño teñen censados son: Galicia (517), Andalucía (369), Cataluña (260), Comunidade Valenciana (229), Canarias (198) e Illas Baleares (197)

Dos 455 puntos de mostreo de augas marítimas existentes en Galicia, 318 correspóndense con augas de moi

## Residuos xerados nas industrias extractivas, manufactureiras e enerxéticas en Galicia e España 2007-08: distribución segundo actividade económica e tipo de perigosidade

| | 2007 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | | España | | Galicia/España | |
| | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos |
| | (en tm.) | | | | (%) | |
| Industrias extractivas e manufactureiras | 3.175.321 | 79.957 | 50.056.542 | 2.117.099 | 6,3 | 3,8 |
| Industrias extractivas | - | - | 25.912.365 | 7.374 | - | - |
| Industria manufactureira | - | - | 24.144.177 | 2.109.725 | - | - |
| Productos alimenticios, bebidas e tabaco | - | - | 4.802.376 | 53.320 | - | - |
| Industrias do téxtil, da confección | - | - | 122.074 | 4.686 | - | - |
| Industria do coiro e do calzado | - | - | 31.878 | 2.025 | - | - |
| Industrias da madeira e cortiza | - | - | 607.638 | 10.721 | - | - |
| Industrias do papel, edición e artes gráficas | - | - | 3.450.087 | 36.048 | - | - |
| Refino do petróleo e trat. residuos nucleares | - | - | 68.201 | 78.599 | - | - |
| Industria química | - | - | 2.637.527 | 637.077 | - | - |
| Industria de transformación do caucho e mat. plásticas | - | - | 289.755 | 27.909 | - | - |
| Industrias doutros productos minerais non metálicos | - | - | 4.371.881 | 47.697 | - | - |
| Metalurxia e outros productos metálicos | - | - | 6.770.470 | 992.375 | - | - |
| Industria da construcción de maquinaria e equipo mecánico | - | - | 274.080 | 38.700 | - | - |
| Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico | - | - | 169.335 | 43.887 | - | - |
| Fabricación de material de transporte | - | - | 1.012.243 | 124.782 | - | - |
| Resto das actividades manufactureiras | - | - | 253.234 | 11.899 | - | - |
| Producción e distribución de enerxía eléctrica | 1.916.879 | 2.413 | 8.473.509 | 45.515 | 22,6 | 5,3 |
| | - | - | | | | |
| Total | 5.092.200 | 82.370 | 58.530.051 | 2.162.614 | 8,7 | 3,8 |

| | 2008 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | | España | | Galicia/España | |
| | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos | Non perigosos | Perigosos |
| | (en tm.) | | | | (%) | |
| Industrias extractivas e manufactureiras | 824.731 | 57.700 | 43.439.237 | 1.645.710 | 1,9 | 3,5 |
| Industrias extractivas | - | | 25.709.788 | 6.511 | - | - |
| Industrias manufactureiras | 824.731 | 57.700 | 17.729.449 | 1.639.199 | 4,7 | 3,5 |
| Productos alimenticios, bebidas e tabaco | - | - | 3.197.684 | 9.369 | - | - |
| Industrias do téxtil, da confección e curtido | - | - | 143.584 | 6.007 | - | - |
| Industrias da madeira e cortiza | - | - | 285.213 | 11.206 | - | - |
| Industrias do papel, edición e artes gráficas | - | - | 2.005.802 | 22.854 | - | - |
| Refino do petróleo e trat. residuos nucleares | - | - | 39.695 | 34.091 | - | - |
| Industria química e fabr. de prod. de caucho e plástico | - | - | 2.129.508 | 615.523 | - | - |
| Industrias doutros productos minerais non metálicos | - | - | 3.764.326 | 22.339 | - | - |
| Metalurxia e outros productos metálicos excepto maq. e equipos | - | - | 4.363.270 | 768.038 | - | - |
| Fabric. de prod. Informáticos, electrónicos, maq. e mat. de transporte | - | - | 1.548.755 | 139.455 | - | - |
| Mobles e outras ind.manufact. Rep. e instalación de maq. e equipo | - | - | 251.612 | 10.317 | - | - |
| Suministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | - | - | 4.841.200 | 30.959 | - | - |
| | - | - | | | | |
| Total | - | - | 48.280.437 | 1.676.669 | - | - |

Fonte: *INE*

4.4.9.

**Calidade das augas de baño nas CC.AA. 2010**

| | augas marítimas | | | augas continentais | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | aptas, moi boa calidade | aptas, boa calidade | non aptas | aptas, moi boa calidade | aptas, boa calidade | non aptas |
| | | | *(puntos de mostreo)* | | | |
| **Andalucía** | 298 | 38 | 3 | 4 | 5 | |
| **Aragón** | | | | 5 | 6 | |
| **Asturias** | 70 | 7 | | | | |
| **Baleares** | 188 | 8 | 3 | | | |
| **Canarias** | 183 | 7 | | | | |
| **Cantabria** | 29 | 6 | | | | |
| **Castela e León** | | | | 15 | 14 | 1 |
| **Castela - A Mancha** | | | | 17 | 10 | |
| **Cataluña** | 246 | 2 | | 7 | 5 | |
| **Comunidade Valenciana** | 210 | 14 | | | 3 | |
| **Estremadura** | | | | 1 | 6 | |
| **Galicia** | 318 | 135 | 2 | 8 | 50 | |
| **Madrid** | | | | 2 | 4 | |
| **Murcia** | 77 | 1 | | | 1 | |
| **Navarra** | | | | 5 | 4 | 1 |
| **País Vasco** | 37 | 14 | 2 | 5 | | |
| **A Rioxa** | | | | 1 | | |
| **Ceuta e Melilla** | 17 | | | | | |
| **Total** | 1.673 | 232 | 10 | 70 | 108 | 2 |

Fonte: *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad*

4.4.10.

boa calidade (o 19% das augas marítimas de moi boa calidade mostreadas no conxunto do Estado), sendo a Comunidade Autónoma cun maior número de puntos de mostreo con esta calificación. Os P.M. con augas marítimas de boa calidade en Galicia son 135, o 58,2% do total estatal.

No que respecta ás augas continentais, dos 58 puntos de mostreo, 8 son de augas de moi boa calidade e 50 de boa calidade.

# 4.5. OCIO E CULTURA

**O gasto en cultura nos fogares galegos** no ano 2008 acadou os 815,9 millóns de euros, dos que o 42% (343,3 millóns de euros) dedícanse a gasto en equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e internet. Galicia é a sexta Comunidade Autónoma cun maior gasto cultural, por detrás de Cataluña, Madrid, Andalucía, C. Valenciana e País Vasco.

O gasto medio por persoa en cultura no citado ano 2008, último dispoñible, é de 820,4 euros, o quinto máis reducido das 17 Comunidades Autónomas, por diante de Baleares, Estremadura, Murcia e Castela–A Mancha. Tanto o gasto medio por persoa (820,4 euros), como o gasto medio por fogar (299,6 euros), está en Galicia por debaixo do gasto medio estatal 997,2 e 368,3 euros respectivamente (**cadro 4.5.1.**).

No ano 2009, último dato dispoñible, había en Galicia un total de 33.200 persoas ocupadas que desenvolven a súa actividade laboral no ámbito cultural (**emprego cultural**), considerando o criterio conxunto tanto das ocupacións como das actividades económicas culturais, sendo a quinta Comunidade Autónoma cunha maior ocupación nese sector, por detrás de Madrid (119.100 ocupados), Cataluña (117.100 ocupados), Andalucía (68.400 ocupados) e C. Valenciana (48.800 ocupados). O volume de emprego cultural en Galicia en relación ao ano anterior incrementouse un 23,9%, fronte á redución do 4,4% no conxunto do Estado (**cadro 4.5.2.**).

No que respecta ás **empresas culturais**, considerando como tais o conxunto de empresas cuxa actividade económica principal pertence ao ámbito cultural, sendo, tal como mostra o **cadro 4.5.4.**, as actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais, actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión así como as artísticas e de espectáculos entre outras. No ano 2009 existían en Galicia un total de 5.439 empresas culturais, o 5,3% do total existente en España, sendo a sexta Comunidade Autónoma con maior número de empresa culturais por detrás de Madrid (23.179), Cataluña (20.140), Andalucía (13.545), C. Valenciana (9.847) e Pais Vasco (6.063). Das 5.439 empresas culturais galegas, 3.544 están relacionas con determinadas actividades da industria e dos servizos, en concreto o 36,9% traballan en actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos. Finalmente as 1.895 empresas culturais restantes están relacionadas con actividades de comercio e aluguer.

Dentro da área de ocio e cultura é fundamental ter en conta, non só as empresas e o emprego cultural privado, senón tamén o financiamento e o **gasto público** no ámbito cultural realizado pola Administración Autonómica.

## Consumo cultural nos fogares nas CC.AA. 2008

| | Total | Libros e pub.periódicas | Servizos culturais | Equipos e acc.audiovisuais de tratamento da información e Internet | Outros bens e servizos | Gasto medio / persona | Gasto medio / fogar |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | (en millóns de €) | | | | | (en euros) | |
| Andalucía | 2.555,50 | 433,50 | 718,50 | 1.172,30 | 231,10 | 904,1 | 316,6 |
| Aragón | 464,00 | 106,50 | 110,80 | 202,00 | 44,60 | 920,4 | 358,6 |
| Asturias | 435,10 | 86,70 | 115,00 | 182,70 | 50,60 | 1.049,0 | 413,4 |
| Baleares | 417,30 | 71,40 | 121,20 | 185,30 | 39,40 | 137,9 | 396,1 |
| Canarias | 709,50 | 97,50 | 209,30 | 350,90 | 51,80 | 971,7 | 345,6 |
| Cantabria | 201,80 | 47,20 | 55,70 | 84,20 | 14,80 | 988,4 | 354,4 |
| Castela - A Mancha | 553,10 | 95,10 | 185,80 | 222,90 | 49,40 | 777,7 | 278,2 |
| Castela e León | 794,30 | 178,70 | 204,60 | 341,20 | 69,90 | 823,7 | 320,6 |
| Cataluña | 3.233,70 | 580,00 | 911,80 | 1.472,50 | 269,40 | 1.173,7 | 447,3 |
| Comunidade Valenciana | 1.820,00 | 292,20 | 606,00 | 793,70 | 128,10 | 970,1 | 369,2 |
| Estremadura | 235,50 | 38,90 | 60,60 | 119,80 | 16,10 | 606,9 | 219,6 |
| Galicia | 815,90 | 181,20 | 228,00 | 343,30 | 63,40 | 820,4 | 299,6 |
| Madrid | 2.871,20 | 641,20 | 879,60 | 1.143,80 | 206,70 | 1.276,5 | 462,0 |
| Murcia | 373,00 | 79,80 | 119,70 | 143,50 | 30,00 | 764,5 | 261,9 |
| Navarra | 244,80 | 58,70 | 81,10 | 88,70 | 16,40 | 1.072,1 | 406,2 |
| País Vasco | 833,60 | 229,20 | 223,70 | 322,30 | 58,40 | 9.889,8 | 393,0 |
| A Rioxa | 103,10 | 22,40 | 25,90 | 45,10 | 9,70 | 858,3 | 331,4 |
| Ceuta e Melilla | 33,30 | 4,50 | 7,80 | 18,70 | - | 762,6 | 237,3 |
| Total | 16.694,60 | 3.244,80 | 4.865,20 | 7.232,70 | 1.351,90 | 997,2 | 368,3 |

Fonte: *Ministerio de Cultura*

4.5.1.

## Emprego cultural nas CC.AA. 2008-09 (1)

| | 2008 | 2009 |
|---|---|---|
| | (en miles) | |
| Andalucía | 64,6 | 68,4 |
| Aragón | 13,7 | 14,2 |
| Asturias | 9,5 | 9,7 |
| Baleares | 12,2 | 13,2 |
| Canarias | 18,9 | 16,6 |
| Castela - A Mancha | 13,4 | 15,3 |
| Castela e León | 21,5 | 22,2 |
| Cataluña | 128,8 | 117,7 |
| Comunidade Valenciana | 54,7 | 48,8 |
| Galicia | 26,8 | 33,2 |
| Madrid | 135,7 | 119,1 |
| Murcia | 11,6 | 10,4 |
| Navarra | 9,5 | 7,3 |
| País Vasco | 26,9 | 25,9 |
| Cantabria, Extremadura, A Rioxa, Ceuta e Melilla | 14,1 | 15,0 |
| Total | 561,9 | 537,0 |

(1) ocupados de máis de 16 anos que desenvolven ocupacións culturais, considerando éstas como aquelas actividades profesionais cunha dimensión cultural como por exemplo escritores, artistas, arquiveiros, bibliotecarios, actividades de edición, cinematográficas, de video, radio, tv, actividades artísticas e de espectáculos e outras, con independencia da actividade principal do empregador

Fonte: *Ministerio de Cultura*

4.5.2.

**Empresas culturais nas CC.AA. 2009: distribución segundo actividade económica**

| | Total empresas | En determinadas actividades da industria e dos servizos | | | | | | | | | En determinadas actividades do comercio e aluguer |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Total | Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras | Edición de libros, xornais e outras activ. edit. | Cinematografía, video, radio, tv, e outras activ. de edic. musical | Axencias de novas | Actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos | Fotografía | Artes gráficas e reprod. de soportes grabados | Fabricac. de soportes, aparatos de imaxe e son e instr. musicais | |
| Andalucía | 13.545 | 8.533 | 197 | 836 | 1.245 | 4 | 2.688 | 1.617 | 1.905 | 41 | 5.012 |
| Aragón | 2.297 | 1.654 | 37 | 147 | 155 | 4 | 674 | 266 | 354 | 17 | 643 |
| Asturias | 2.162 | 1.379 | 27 | 137 | 119 | - | 556 | 257 | 280 | 3 | 783 |
| Baleares | 2.603 | 1.974 | 56 | 236 | 240 | 3 | 793 | 279 | 364 | 3 | 629 |
| Canarias | 3.768 | 2.801 | 58 | 255 | 483 | 4 | 984 | 406 | 610 | 1 | 967 |
| Cantabria | 1.033 | 611 | 11 | 63 | 57 | 1 | 210 | 138 | 130 | 1 | 422 |
| Castela - A Mancha | 2.756 | 1.818 | 30 | 141 | 197 | - | 582 | 348 | 506 | 14 | 938 |
| Castela e León | 4.538 | 2.789 | 66 | 279 | 233 | 2 | 1.072 | 496 | 633 | 8 | 1.749 |
| Cataluña | 20.140 | 16.118 | 296 | 1.955 | 1.994 | 10 | 5.778 | 1.979 | 4.032 | 74 | 4.022 |
| Comunidade Valenciana | 9.847 | 6.893 | 96 | 551 | 817 | 3 | 2.383 | 1.233 | 1.747 | 63 | 2.954 |
| Estremadura | 1.454 | 935 | 15 | 65 | 148 | - | 297 | 182 | 227 | 1 | 519 |
| Galicia | 5.439 | 3.544 | 67 | 345 | 436 | 1 | 1.307 | 582 | 779 | 27 | 1.895 |
| Madrid | 23.179 | 19.349 | 181 | 2.884 | 3.458 | 39 | 6.732 | 1.522 | 4.465 | 68 | 3.830 |
| Murcia | 2.148 | 1.389 | 39 | 110 | 194 | - | 374 | 305 | 365 | 2 | 759 |
| Navarra | 1.235 | 863 | 14 | 103 | 77 | - | 339 | 127 | 197 | 6 | 372 |
| País Vasco | 6.063 | 4.512 | 144 | 342 | 487 | 95 | 1.888 | 450 | 1.091 | 15 | 1.551 |
| A Rioxa | 565 | 396 | 11 | 39 | 31 | - | 162 | 69 | 84 | - | 169 |
| Ceuta e Melilla | 173 | 98 | 4 | 15 | 13 | - | 25 | 23 | 18 | - | 75 |
| Total | 102.945 | 75.656 | 1.349 | 8.503 | 10.384 | 166 | 26.844 | 10.279 | 17.787 | 344 | 27.289 |

Fonte: *Ministerio de Cultura*

4.5.3.

Neste senso os **cadros 4.5.4.** e **4.5.5.** mostran o gasto público en cultura realizado polas CCAA no ano 2008 (último dato dispoñible). Entendemos como gasto público en cultura o gasto consolidado liquidado destinado a cultura, na súa fase de obrigas recoñecidas, polo que a natureza do financiador e non a do receptor é a que determina o carácter público ou privado do gasto.

Tendo isto en conta, en Galicia o gasto público cultural ascendeu no ano 2008 a 167,7 millóns de euros, acadando o 0,3% do PIB e o 1,4% do gasto orzamentario liquidado total. Galicia, con 61,3 euros de gasto cultural por habitante, é a quinta Comunidade Autónoma cun maior gasto cultural por habitante, por detrás de Navarra (115,4 euros/hab.), Murcia (70,6 euros/hab.), Estremadura (70,2 euros/hab.), e Asturias (67,6 euros/hab.).

A distribución do gasto en cultura en función do seu destino mostra como o 56,5% do gasto cultural total de Galicia no ano 2008 está clasificado como Interdisciplinar, isto é tanto porque, non se dispón do suficiente desglose dos programas orzamentarios, como porque o gasto en administración e servizos xerais está aí incluído.

No que respecta ao gasto público en **bens e servizos culturais**, este acada os 34,8 millóns de euros, dos que o 78,5% están dedicados a gastos no patrimonio histórico e artístico. En Galicia hai 9 bens mobles de interese cultural e 699 bens inmobles de interese cultural (**cadro 4.5.6.**).

O gasto público en **artes plásticas e escénicas** acadou os 22 millóns de euros, dos que o 65,2% dedicouse a artes plásticas e o 34,8% restante a artes escénicas e musicais. Tal como se mostra no **cadro 4.5.7.**, tendo en conta o período 2003–2009, tanto os espectadores como a recadación nas artes escénicas aumentaron, un 20% no caso dos espectadores e un 103% a recadación.

Finalmente o gasto público en **libro e audiovisual** ascendeu a 16,1 millóns de euros, dos que 12,9 millóns están dedicados ao libro e 3,3 millóns ao cine.

## Gasto público das CC.AA. en cultura 2008

| | Total (en miles de euros) | % /gasto liquidado total | % PIB | valor medio / hab. (en euros) |
|---|---|---|---|---|
| **Andalucía** | 309.944 | 0,93 | 0,21 | 38,50 |
| **Aragón** | 50.624 | 0,95 | 0,15 | 39,00 |
| **Asturias** | 71.598 | 1,72 | 0,30 | 67,60 |
| **Baleares** | 17.802 | 0,49 | 0,07 | 17,00 |
| **Canarias** | 63.158 | 0,84 | 0,15 | 30,90 |
| **Cantabria** | 33.643 | 1,41 | 0,24 | 59,00 |
| **Castela - A Mancha** | 103.189 | 1,14 | 0,28 | 52,20 |
| **Castela e León** | 146.584 | 1,45 | 0,25 | 58,60 |
| **Cataluña** | 400.606 | 1,30 | 0,20 | 55,30 |
| **Comunidade Valenciana** | 181.620 | 1,29 | 0,17 | 37,10 |
| **Estremadura** | 75.791 | 1,44 | 0,42 | 70,20 |
| **Galicia** | 167.741 | 1,42 | 0,30 | 61,30 |
| **Madrid** | 190.502 | 1,04 | 0,10 | 30,80 |
| **Murcia** | 99.671 | 2,01 | 0,36 | 70,60 |
| **Navarra** | 69.978 | 1,59 | 0,38 | 115,40 |
| **País Vasco** | 112.219 | 1,21 | 0,16 | 52,50 |
| **A Rioxa** | 17.721 | 1,39 | 0,22 | 56,80 |
| **Ceuta** | 10.196 | 4,37 | 0,63 | 141,60 |
| **Melilla** | 6.384 | 3,05 | 0,43 | 91,60 |
| **Total** | 2.128.971 | 1,21 | 0,20 | 47,00 |

Fonte: *Ministerio de Cultura*

4.5.4.

## Gasto público das CC.AA. en cultura 2008: destino do gasto

| Conceptos | Galicia (en miles de euros) | Total CC.AA. (en miles de euros) |
|---|---|---|
| **Bens e servizos culturais** | 34.813 | 821.256 |
| **Patrimonio histórico e artístico** | 27.325 | 589.968 |
| **Monumentos históricos** | 9.536 | 231.103 |
| **Museos** | 8.519 | 269.461 |
| **Xacementos arqueolóxicos** | 4.925 | 39.823 |
| **Outros** | 4.345 | 49.581 |
| **Arquivos** | 0 | 62.408 |
| **Bibliotecas** | 7.487 | 168.880 |
| **Artes plásticas e escénicas** | 21.989 | 498.400 |
| **Artes plásticas** | 14.332 | 62.896 |
| **Exposicións** | 14.332 | 41.728 |
| **Fotografía** | 0 | 3.011 |
| **Outros** | 0 | 18.157 |
| **Artes escénicas e musicais** | 7.657 | 435.503 |
| **Música** | 2.579 | 175.385 |
| **Danza** | 0 | 34.427 |
| **Teatro (inclúe teatro musical)** | 5.078 | 176.250 |
| **Outros** | 0 | 49.441 |
| **Libro e audiovisual** | 16.145 | 124.011 |
| **Libro** | 12.882 | 60.551 |
| **Audiovisual** | 3.263 | 63.459 |
| **Cine** | 3.263 | 59.899 |
| **Video** | 0 | 1.665 |
| **Música grabada** | 0 | 199 |
| **Outros** | 0 | 1.696 |
| **Interdisciplinar** | 94.793 | 653.792 |
| **Promoción, difusión e cooperac. Cultural** | 0 | 231.113 |
| **Difusión cultural no exterior** | 599 | 16.731 |
| **Administración e servizos xerais** | 71.926 | 258.431 |
| **Política lingüística** | 22.268 | 132.970 |
| **Outros** | 0 | 14.547 |
| **Non distribuido por sectores** | 0 | 31.512 |
| **Total gasto** | 167.741 | 2.128.971 |

Fonte: *Ministerio de Cultura*

4.5.5.

## Bens de interés cultural nas CC.AA. 2009

| | bens mobles | bens inmobles |
|---|---|---|
| Andalucía | 2.188 | 2.900 |
| Aragón | 5 | 782 |
| Asturias | 4 | 333 |
| Baleares | 38 | 3.018 |
| Canarias | 865 | 606 |
| Cantabria | 6 | 277 |
| Castela - A Mancha | 7 | 771 |
| Castela e León | 68 | 1.305 |
| Cataluña | 434 | 2.210 |
| Comunidade Valenciana | 371 | 1.059 |
| Estremadura | 56 | 255 |
| Galicia | 9 | 669 |
| Madrid | 535 | 475 |
| Murcia | 902 | 510 |
| Navarra | 2.184 | 187 |
| País Vasco | 99 | 284 |
| A Rioxa | - | 158 |
| Ceuta e Melilla | - | 105 |
| **Total** | 7.771 | 15.904 |

Fonte: *Ministerio de Cultura*

4.5.6.

## Espectadores e recadación nas artes escénicas nas CC.AA. 2003-09

| | espectadores | | | | | | recadación | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | | | 2009 | | | 2003 | | | 2009 | | |
| | obras teatrais | concertos mùsica clásica e concertos música popular | xénero lírico e danza | obras teatrais | concertos mùsica clásica e concertos música popular | xénero lírico e danza | obras teatrais | concertos mùsica clásica e concertos música popular | xénero lírico e danza | obras teatrais | concertos mùsica clásica e concertos música popular | xénero lírico e danza |
| | | | | | | | *(en miles de €)* | | | | | |
| Andalucía | 909 | 4.578 | 355 | 1.098 | 6.966 | 259 | 5.925 | 15.069 | 3.626 | 13.879 | 23.377 | 3.577 |
| Aragón | 551 | 1.003 | 109 | 1.003 | 1.903 | 182 | 2.323 | 4.942 | 473 | 3.220 | 11.165 | 869 |
| Asturias | 225 | 789 | 64 | 396 | 1.175 | 91 | 1.186 | 3.810 | 1.543 | 1.893 | 2.903 | 2.187 |
| Baleares | 215 | 737 | 25 | 255 | 833 | 41 | 2.159 | 2.552 | 558 | 2.642 | 5.069 | 949 |
| Canarias | 188 | 1.075 | 68 | 93 | 643 | 50 | 2.330 | 6.350 | 791 | 1.829 | 6.304 | 563 |
| Cantabria | 127 | 381 | 27 | 177 | 594 | 31 | 1.181 | 1.426 | 472 | 1.326 | 2.048 | 674 |
| Castela - A Mancha | 281 | 927 | 46 | 230 | 784 | 40 | 1.286 | 2.662 | 265 | 1.513 | 2.448 | 345 |
| Castela e León | 1.060 | 1.699 | 107 | 1.086 | 2.011 | 93 | 2.775 | 4.193 | 944 | 3.506 | 8.039 | 1.048 |
| Cataluña | 2.235 | 4.276 | 540 | 3.011 | 6.032 | 684 | 28.932 | 38.646 | 19.601 | 43.683 | 40.993 | 20.816 |
| Comunidade Valenciana | 1.186 | 2.750 | 151 | 1.589 | 3.200 | 169 | 6.978 | 8.557 | 1.179 | 8.338 | 16.527 | 1.945 |
| Estremadura | 138 | 454 | 32 | 120 | 351 | 14 | 421 | 996 | 129 | 865 | 2.294 | 100 |
| Galicia | 419 | 1.678 | 47 | 549 | 1.934 | 90 | 2.231 | 2.858 | 456 | 3.200 | 7.387 | 654 |
| Madrid | 2.972 | 3.523 | 660 | 4.243 | 5.900 | 629 | 57.095 | 32.858 | 16.618 | 98.044 | 47.880 | 20.853 |
| Murcia | 248 | 433 | 52 | 170 | 667 | 28 | 1.137 | 3.055 | 594 | 1.004 | 4.145 | 257 |
| Navarra | 192 | 427 | 58 | 280 | 531 | 36 | 1.129 | 2.567 | 730 | 2.482 | 3.592 | 543 |
| País Vasco | 657 | 1.975 | 166 | 1.119 | 2.350 | 223 | 5.396 | 9.582 | 3.657 | 12.449 | 15.692 | 4.519 |
| A Rioxa | 188 | 228 | 27 | 124 | 254 | 18 | 907 | 465 | 198 | 895 | 967 | 258 |
| Ceuta e Melilla | 4 | 10 | - | 10 | 39 | 2 | 15 | 351 | - | 96 | 110 | 17 |
| **Total** | 11.803 | 26.996 | 2.538 | 15.550 | 36.167 | 2.680 | 123.490 | 141.066 | 51.840 | 200.864 | 200.940 | 60.172 |

Fonte: *Ministerio de Cultura*

4.5.7.

**Produción editorial en España 2009-10: títulos e exemplares segundo idioma**

| | títulos publicados | | | exemplares | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2009 | 2010 | 10/09 | 2009 | 2010 | 10/09 |
| | | | (%) | (miles) | | (%) |
| **Total** | 74.521 | 76.206 | 2,3 | 183.865 | 132.125 | -28,1 |
| Castelán | 57.664 | 60.079 | 4,2 | 148.031 | 105.530 | -28,7 |
| Catalán, valenciano e balear | 8.379 | 7.897 | -5,8 | 17.542 | 12.731 | -27,4 |
| Galego | 1.823 | 1.429 | -21,6 | 3.189 | 2.317 | -27,3 |
| Euskera | 1.027 | 870 | -15,3 | 1.951 | 1.357 | -30,4 |
| Outros idiomas ou dialectos nacionais | 77 | 84 | 9,1 | 62 | 55 | -11,3 |
| Alemán | 115 | 170 | 47,8 | 320 | 490 | 53,1 |
| Francés | 321 | 428 | 33,3 | 975 | 969 | -0,6 |
| Inglés | 1.257 | 1.457 | 15,9 | 2.088 | 2.121 | 1,6 |
| Outros idiomas estranxeiros | 876 | 937 | 7,0 | 4.635 | 2.076 | -55,2 |
| En 2 ou máis idiomas, nacionais ou estranxeiros | 2.982 | 2.855 | -4,3 | 5.072 | 4.479 | -11,7 |

Fonte: *INE*

4.5.8.

**Produción editorial nas CC.AA. 2009-10: títulos e exemplares**

| | Total | | | | Libros | | | | Folletos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | títulos | | exemplares | | títulos | | exemplares | | títulos | | exemplares | |
| | 2009 | 2010 | 2009 | 2010 | 2009 | 2010 | 2009 | 2010 | 2009 | 2010 | 2009 | 2010 |
| | | | (miles) | | | | (miles) | | | | (miles) | |
| Andalucía | 8.590 | 9.303 | 9.062 | 8.690 | 7.984 | 8.645 | 8.465 | 8.030 | 606 | 658 | 597 | 660 |
| Aragón | 1.604 | 1.628 | 3.236 | 2.740 | 1.352 | 1.407 | 2.614 | 2.229 | 252 | 221 | 622 | 511 |
| Asturias | 1.200 | 1.106 | 1.578 | 1.130 | 1.007 | 949 | 1.332 | 987 | 193 | 157 | 246 | 143 |
| Baleares | 1.222 | 949 | 1.753 | 1.393 | 1.032 | 805 | 1.471 | 1.002 | 190 | 144 | 282 | 391 |
| Canarias | 861 | 1.004 | 942 | 1.084 | 753 | 916 | 812 | 1.000 | 108 | 88 | 130 | 84 |
| Cantabria | 468 | 525 | 582 | 657 | 402 | 447 | 473 | 568 | 66 | 78 | 109 | 89 |
| Castela e León | 2.495 | 2.744 | 4.790 | 5.681 | 2.158 | 2.347 | 3.797 | 4.723 | 337 | 397 | 993 | 958 |
| Castela - A Mancha | 937 | 867 | 1.179 | 1.690 | 800 | 780 | 876 | 1.383 | 137 | 87 | 303 | 307 |
| Cataluña | 20.871 | 20.533 | 76.621 | 47.301 | 18.049 | 18.490 | 67.979 | 42.510 | 2.822 | 2.043 | 8.642 | 4.791 |
| C. Valenciana | 3.960 | 4.509 | 5.721 | 5.905 | 3.380 | 4.038 | 4.740 | 5.339 | 580 | 471 | 981 | 566 |
| Estremadura | 512 | 723 | 488 | 673 | 447 | 643 | 416 | 603 | 65 | 80 | 72 | 70 |
| Galicia | 3.180 | 2.778 | 4.468 | 3.783 | 2.540 | 2.266 | 3.327 | 2.896 | 640 | 512 | 1.141 | 887 |
| Madrid | 23.972 | 24.999 | 65.748 | 44.730 | 21.249 | 22.129 | 59.712 | 39.223 | 2.723 | 2.870 | 6.036 | 5.507 |
| Murcia | 523 | 892 | 567 | 854 | 441 | 792 | 470 | 762 | 82 | 100 | 97 | 92 |
| Navarra | 1.284 | 872 | 2.617 | 1.576 | 1.178 | 798 | 2.305 | 1.355 | 106 | 74 | 312 | 221 |
| País Vasco | 2.545 | 2.499 | 4.220 | 4.003 | 2.187 | 2.117 | 3.436 | 3.438 | 358 | 382 | 784 | 565 |
| Rioxa | 237 | 222 | 240 | 200 | 202 | 189 | 215 | 175 | 35 | 33 | 25 | 25 |
| Ceuta e Melilla | 60 | 53 | 54 | 35 | 52 | 42 | 43 | 29 | 8 | 11 | 11 | 6 |
| Total | 74.521 | 76.206 | 183.866 | 132.125 | 65.213 | 67.800 | 162.483 | 116.252 | 9.308 | 8.406 | 21.383 | 15.873 |

Fonte: *INE*

4.5.9.

O ano 2010 pode considerarse como un mal ano para o **sector editorial** galego atendendo ao descenso do número de títulos e exemplares editados. No último ano producíronse en Galicia un total de 2.778 títulos, un 12,6% menos que no ano anterior, sendo a súa tirada media de 1.362 exemplares por título fronte aos 1.405 exemplares do ano 2009. Comparado co total estatal, Galicia diminúe o seu peso relativo no conxunto do Estado no que ao número de títulos publicados se refiree (3,6% cando o ano anterior era do 4,3%), aumentando o de exemplares ata o 2,9% do total (2,4% en 2009).

Ao longo do ano 2010 reduciuse a produción editorial en galego un 21,6% en relación aos publicados no ano anterior, acadando os 1.429 títulos (o 1,9% dos títulos publicados no conxunto do Estado). Este descenso está asociado a unha caída do 27,3% no número de exemplares no

## Produción editorial en España 2009-2010: títulos e exemplares traducidos segundo idioma

| | títulos traducidos | | | exemplares | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2009 | 2010 | 10/09 (%) | 2009 (miles) | 2010 | 10/09 (%) |
| **Total** | 10.959 | 10.993 | 0,3 | 51.613 | 30.839 | -40,2 |
| **Castelán** | 705 | 991 | 40,6 | 1.977 | 1.697 | -14,2 |
| **Catalán, valenciano e balear** | 133 | 156 | 17,3 | 366 | 366 | 0,0 |
| **Galego** | 21 | 21 | 0,0 | 87 | 77 | -11,5 |
| **Euskera** | 17 | 21 | 23,5 | 71 | 44 | -38,0 |
| **Outros idiomas ou dialectos nacionais** | 1 | 3 | 200,0 | 1 | 2 | 100,0 |
| **Alemán** | 728 | 622 | -14,6 | 2.932 | 1.458 | -50,3 |
| **Francés** | 1.149 | 1.086 | -5,5 | 4.014 | 2.487 | -38,0 |
| **Inglés** | 6.591 | 6.515 | -1,2 | 32.490 | 19.672 | -39,5 |
| **Outros idiomas estranxeiros** | 1.452 | 1.383 | -4,8 | 8.063 | 4.314 | -46,5 |
| **En dous ou máis idiomas, nacionais ou estranxeiros** | 162 | 195 | 20,4 | 1.612 | 722 | -55,2 |

Fonte: *INE*

4.5.10.

## Tirada e difusión da prensa diaria 2010: cabeceiras controladas pola OJD

| Medio | Promedio tirada | Promedio difusión |
|---|---|---|
| **Atlántico Diario** | 5.144 | 4.014 |
| **Diario de Pontevedra** | 7.999 | 6.888 |
| **Faro de Vigo** | 44.770 | 38.004 |
| **La Opinión A Coruña** | 7.430 | 5.616 |
| **El Progreso Lugo** | 18.307 | 15.258 |
| **La Voz de Galicia** | 111.516 | 97.016 |

Fonte: *Oficina de Justificación de la Difusión*

4.5.11.

## Audiencia da prensa dixital 2010 (1)

| Medio | Visitantes únicos | Promedio diario |
|---|---|---|
| **Laopinioncoruna.es** | 399.527 | 19.466 |
| **Galiciae.com** (2) | 176.164 | 10.752 |
| **Farodevigo.es** | 974.742 | 55.514 |
| **Elcorreogallego.es** | 394.280 | 22.710 |
| **Lavozdegalicia.es** | 1.902.141 | 120.508 |

**(1) datos correspondentes ó mes de decembro e só para os medios auditados**

**(2) *Diario de Pontevedra* e *El Progreso***

Fonte: *Oficina de Justificación de la Difusión*

4.5.12.

**Poboación lectora de prensa nas CC.AA. 2000-10**

| | 2000 | 2010 |
|---|---|---|
| | (%) | |
| Andalucía | 27,4 | 28,1 |
| Aragón | 40,4 | 42,3 |
| Asturias | 51,5 | 54,3 |
| Baleares | 49,2 | 46,3 |
| Canarias | 39,2 | 33,9 |
| Cantabria | 58,6 | 47,5 |
| Castela - A Mancha | 19,6 | 25,5 |
| Castela e León | 39,5 | 40,5 |
| Cataluña | 39,5 | 42,4 |
| Comunidade Valenciana | 32,4 | 30,6 |
| Estremadura | 28,5 | 30,9 |
| Galicia | 37,6 | 46,4 |
| Madrid | 32,3 | 43,1 |
| Murcia | 30,0 | 27,0 |
| Navarra | 60,2 | 54,4 |
| País Vasco | 58,4 | 51,8 |
| A Rioxa | 40,5 | 44,9 |
| Total | 36,3 | 38,0 |

Fonte: *INE*

4.5.13.

idioma galego, que se sitúan nos 2.317 miles de exemplares (o 1,7% do conxunto do Estado). Da produción editorial total en España (76.0206 títulos publicados), o **cadro 4.5.8.** reflicte que se editan en castelán o 78,8% dos títulos, un 10,4% en catalán, valenciano e balear e un 1,1% en euskera. No último ano estabilízase o número de títulos traducidos do galego, se ben descende o de exemplares. En 2010 traducíronse un total 21 libros (igual que no ano anterior), sendo o número de exemplares de 77 mil (87 miles de exemplares en 2009).

Respecto á **prensa escrita**, os datos da OJD amosan que os dous principais xornais galegos presentan no conxunto do ano 2010 un descenso tanto da súa tirada como da súa difusión. Dunha banda, *La Voz de Galicia* reduce a súa tirada  ata os 110.516 exemplares diarios (4,5% menos) e súa difusión  ata os 97.016 exemplares (3,6% menos que no ano anterior). Séguelle en importancia o *Faro de Vigo*, cunha tirada de 44.770 exemplares (2,9% menos que en 2009) e unha difusión de 38.004 exemplares (2,9% menos) (**cadro 4.5.11.**).

Facendo unha comparación entre as distintas Comunidades Autónomas, Galicia é a quinta Comunidade cunha maior porcentaxe de poboación lectora de prensa, co 46,4% no ano 2010, por detrás de Navarra (54,4%), Asturias (54,3%), Pais Vasco (51,8%) e Cantabria (47,5%). No mesmo senso Galicia está situada moi por encima da porcentaxe media de poboación que lee prensa no conxunto do Estado, que é do 38% (**cadro 4.5.13.**).

No que respecta ao **cine**, e tal como se destaca nos **cadros 4.5.14.** e **4.5.15.**, no período 2000–2010 tanto en Galicia como no conxunto do Estado, redúcese o número de cines, aínda que se incrementa o número de salas e o número de salas por cada 100.000 habitantes. Así, os cines en Galicia pasan de 66 no ano 2000 a 38 no ano 2010, as salas de 161 no ano 2000 a 173 no ano 2010. O volume de espectadores das salas de cine tamén se reduce considerablemente, pasando de 5,3 millóns no ano 2000 a 3,7 millóns no ano 2010, sen embargo a recadación no citado período incrementase de 19,2 a 24,6 millóns de euros.

Galicia é a terceira Comunidade Autónoma con menor número de salas de cine por cada 100.000 habitantes, con 6,3, só por diante de Estremadura (5,7) e Cantabria (6,2). Así mesmo é a oitava Comunidade en número de espectadores e a sétima en volume de recadación.

## Cines e salas de exhibición nas CC.AA. 2000-10

| | 2000 | | | 2010 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | cines | salas | salas / 100.000 habs. | cines | salas | salas / 100.000 habs. |
| | | | (%) | | | (%) |
| Andalucía | 171 | 532 | 7,3 | 113 | 698 | 8,5 |
| Aragón | 47 | 78 | 6,5 | 40 | 102 | 7,8 |
| Asturias | 26 | 77 | 7,2 | 12 | 76 | 7,2 |
| Baleares | 36 | 79 | 9,6 | 19 | 97 | 9 |
| Canarias | 33 | 114 | 6,8 | 23 | 161 | 7,7 |
| Cantabria | 13 | 47 | 8,9 | 13 | 36 | 6,2 |
| Castela - A Mancha | 65 | 125 | 7,2 | 40 | 140 | 6,9 |
| Castela e León | 74 | 226 | 9,2 | 47 | 195 | 7,8 |
| Cataluña | 236 | 647 | 10,4 | 167 | 784 | 10,7 |
| Comunidade Valenciana | 191 | 369 | 9,2 | 105 | 480 | 9,6 |
| Estremadura | 37 | 88 | 8,3 | 20 | 62 | 5,7 |
| Galicia | 66 | 161 | 6 | 38 | 173 | 6,3 |
| Madrid | 140 | 579 | 11,2 | 85 | 570 | 9 |
| Murcia | 66 | 102 | 8,9 | 41 | 138 | 9,4 |
| Navarra | 22 | 50 | 9,1 | 19 | 76 | 12,3 |
| País Vasco | 62 | 196 | 9,5 | 65 | 236 | 11 |
| A Rioxa | 10 | 21 | 7,8 | 10 | 45 | 14,3 |
| Ceuta e Melilla | 3 | 9 | 6,6 | 3 | 11 | 7,5 |
| Total | 1298 | 3500 | 8,7 | 860 | 4080 | 8,9 |

Fonte: *Ministerio de Cultura*

4.5.14.

## Espectadores e recadación no cine nas CC.AA. 2000-10

| | Espectadores | | Recadación | |
|---|---|---|---|---|
| | 2000 | 2010 | 2000 | 2010 |
| | (en millóns) | | (en millóns de €) | |
| Andalucía | 19,3 | 14,8 | 65,2 | 90,3 |
| Aragón | 3,9 | 2,5 | 15,2 | 15 |
| Asturias | 2,6 | 1,6 | 10,3 | 10,8 |
| Baleares | 2,8 | 2,7 | 11,3 | 17 |
| Canarias | 5,1 | 3,9 | 17,2 | 25,2 |
| Cantabria | 1,6 | 1,1 | 6,4 | 6,4 |
| Castela - A Mancha | 3,2 | 2,8 | 11,6 | 17 |
| Castela e León | 6 | 4 | 22,3 | 24,3 |
| Cataluña | 27,9 | 20,2 | 119,5 | 139,7 |
| Comunidade Valenciana | 14,1 | 11,7 | 54 | 72,4 |
| Estremadura | 2,2 | 1,2 | 7,4 | 7,1 |
| Galicia | 5,3 | 3,7 | 19,2 | 24,6 |
| Madrid | 26,8 | 21,2 | 120,1 | 149 |
| Murcia | 3,6 | 2,9 | 12,4 | 17,8 |
| Navarra | 1,9 | 1,4 | 7,7 | 9,1 |
| País Vasco | 7,9 | 5 | 32,3 | 31,8 |
| A Rioxa | 0,8 | 0,6 | 3,3 | 3,9 |
| Ceuta e Melilla | 0,3 | 0,2 | 1 | 0,8 |
| Total | 135,3 | 101,6 | 536,3 | 662,3 |

Fonte: *Ministerio de Cultura*

4.5.15.

## Audiencia da radio nas CC.AA. 2004-10

| | 2004 | 2010 |
|---|---|---|
| | (%) | |
| Andalucía | 55,9 | 53,2 |
| Aragón | 55,7 | 59,3 |
| Asturias | 59,2 | 58,8 |
| Baleares | 56,5 | 56,0 |
| Canarias | 53,4 | 55,9 |
| Cantabria | 63,1 | 59,1 |
| Castela - A Mancha | 49,0 | 53,3 |
| Castela e León | 59,2 | 61,4 |
| Cataluña | 56,0 | 57,8 |
| Comunidade Valenciana | 55,5 | 55,2 |
| Estremadura | 50,9 | 53,0 |
| Galicia | 53,9 | 57,7 |
| Madrid | 60,1 | 60,0 |
| Murcia | 55,8 | 54,2 |
| Navarra | 56,5 | 58,3 |
| País Vasco | 68,1 | 60,2 |
| A Rioxa | 55,6 | 62,6 |

Fonte: *INE*

4.5.16.

## Turismo cultural nas CC.AA. 2009

| | Residentes en España que viaxan por motivos culturais | | | Turistas internacionais que realizan actividades culturais | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | total | % / total viaxes | gasto medio / viaxe | total | % / total entradas turistas internacionais | gasto medio / turista |
| | (en miles) | | (en €) | (en miles) | | (en €) |
| Andalucía | 1.743,1 | 6,3 | 406 | 4.191,8 | 56,9 | 1.114 |
| Aragón | 410,5 | 6,6 | 437 | 223,9 | 63,6 | 1.095 |
| Asturias | 312,6 | 6,9 | 487 | 113,9 | 67,7 | 1.368 |
| Baleares | 213,9 | 8,8 | 612 | 4.290,0 | 47,5 | 1.056 |
| Canarias | 349,6 | 7,3 | 511 | 3.074,6 | 37,5 | 1.186 |
| Cantabria | 164,4 | 10,3 | 459 | 213,8 | 67,8 | 1.069 |
| Castela - A Mancha | 481,7 | 7,1 | 347 | 120,6 | 65,1 | 1.294 |
| Castela e León | 677,9 | 5,9 | 474 | 510,2 | 52,5 | 940 |
| Cataluña | 2.543,2 | 9,0 | 533 | 7.959,3 | 62,8 | 841 |
| Comunidade Valenciana | 1.210,3 | 6,6 | 456 | 2.231,7 | 43,7 | 908 |
| Estremadura | 232,4 | 5,7 | 400 | 87,0 | 46,2 | 805 |
| Galicia | 504,1 | 5,7 | 497 | 485,6 | 63,9 | 1.074 |
| Madrid | 2.341,0 | 7,8 | 554 | 3.489,4 | 71,8 | 1.207 |
| Murcia | 239,1 | 6,7 | 502 | 383,0 | 45,2 | 1.055 |
| Navarra | 220,7 | 6,9 | 383 | 138,6 | 70,1 | 759 |
| País Vasco | 899,8 | 10,9 | 434 | 464,2 | 58,2 | 712 |
| A Rioxa | 92,4 | 6,6 | 487 | 26,4 | 48,7 | 920 |
| Ceuta e Melilla | 32,0 | 8,6 | 540 | | | - |
| Total | 12.668,8 | 7,4 | 483 | 28.003,9 | 53,8 | 1.018 |

Fonte: *Ministerio de Cultura*

4.5.17.

Finalmente no que respecta ao **turismo cultural**, o **cadro 4.5.17.** mostra o número de turistas, españois e estranxeiros, que manifestan que a súa viaxe foi iniciada, principalmente, por motivos culturais. Con isto, preténdese ofrecer un indicador da importancia do sector cultural como motor doutros sectores de gran significación económica como é o turismo. Nos citados cadros preséntase información relativa ao número de viaxes e ao gasto realizado, nas diferentes CCAA. Así no ano 2009 o 5,7% dos viaxes realizados por residentes españois que visitaron Galicia manifestan que o seu motivo principal é a cultura, sendo esta porcentaxe do 63,9% no caso dos turistas estranxeiros. O gasto medio dos viaxeiros que fan turismo cultural ascende en Galicia a 497 euros por viaxe para os cidadáns españois e a 1.074 euros por turista estranxeiro; por encima en ámbolos dous casos da media española. ■